

MANUEL FRAGA: 'Hai sectores do BNG que se moderaron moito'

(Páx. 7)



A FAMILIA GALEGA DE SARMIENTO

ATOPAMOS



Casa Natal de Martín Sarmiento en Porosa, Galicia

XAN CARBALLA

I PREMIO DE ENSAIO RAMÓN PIÑEIRO Basilio Lourenço Fondevila *A submisión das masas*

Obra que obtivo o I Premio de Ensaio Ramón Piñeiro. Nela, o seu autor parte dunha tese polémica: a integración total do discurso da esquerda na converxencia entre progreso e poder, o núcleo do que se vén chamando *pensamento único*.



ESTÁ A PASAR BASTANTE DESAPERCEBIDA A MUDANZA que ven sufrindo a banca. Trátase da chegada dun réxime presidencialista que xa se impuxera antes en empresas privatizadas como Telefónica ou Tabacalera e que previsiblemente afectará tamén moi pronto a Endesa, con Manuel Pizarro, e mesmo a Fenosa, con Victoriano Reinoso. O proceso tiña comezado con Emilio Botín e cos cambios na dirección do Santander-Central-Hispano. Continuou co Bilbao-Vizcaya-Argenteria (BBVA), onde Francisco González remodelou toda a cúpula como antes fixera o seu competidor Botín. A tendencia extendeuse a bancos pequenos e moi tradicionais como o Popular. Como resultado desta mudanza é visíbel a saída dos consellos de administración de non poucas das familias ligadas tradicionalmente ao sector. Trátase de deixar sitio aos executivos medrados á sombra do PP e das privatizacións. Con algunhas excepcións, como é o caso de Botín, os novos presidentes non gozan de pedigrí bancario, por iso procuran blindarse ante calquer acontecemento futuro. ♦

O sol do verán

A Nosa Terra publica un adiando da novela póstuma de Carlos Casares

(Páx. 29)

O PP rural critica o diálogo cos nacionalistas

(Páx. 7)

Cinco preguntas ante a próxima asemblea do BNG

(Páx. 8)

Sarria e Samos tamén lembran as pegadas do crego ilustrado ao que se adicada o Día das Letras Galegas

A estirpe materna de Martín Sarmiento reivindica a súa memoria e conserva orixinais do seu antepasado

XAN CARBALLA

“De Sarmiento quédanos a súa obra e a casa da súa nai”. A estirpe materna de Sarmiento conserva intacto o pazo de Perros, en Sarria. Reivindica a memoria do seu ilustre antepasado e ofrece aos historiadores e biógrafos a documentación conservada por séculos que tamén inclúe textos autógrafos do ilustrado ao que se dedica o Día das Letras Galegas.

No lugar de Perros, que pertence ao concello de Sarria e linda co de Samos, érguese o pazo no que naceu a nai do Pai Sarmiento, Clara Balboa e Sarmiento. Tres séculos despois, a liñaxe familiar continúa en posesión desta fermosa construción que os terremotos do triángulo de Lugo non conseguiron fender.

Alí vive Concha Grandas Rodríguez, co seu home, Ovidio, e a súa filla Tamara. Concha descende en liña directa da familia materna de Sarmiento, e días pasados incomodábase ao ler unha columna de Carlos Casares (*Voz de Galicia*, 5 de Marzo de 2002), na que confundía unha serie de datos biográficos, e situaba o nacemento da nai de Sarmiento en Vilafranca do Bierzo. Concha púxose en comunicación con Casares no mesmo día, e fixou unha cita para esta semana na casa de Perros que a morte impediu.

As casualidades viñeron como nunha conxunción astral, e a viaxe que Casares prevía facer a Sarria, truncouse un 9 de Marzo de 2002, o mesmo día e o mesmo mes que tres séculos antes nacera Martín Sarmiento en Vilafranca do Bierzo. Concha láíase da cita que non puido ser “e que serviría para que se estudase toda a documentación que gardamos na casa e que se remonta a 500 anos atrás”. Dito e feito, na mesa da cociña, ao calor da cheminé, aparecen os documentos, apenas comestos despois de tantos anos, que botan luz sobre a estirpe familiar de Martín Sarmiento sempre tan confusa.



Documentos orixinais que se conservan na casa materna de Martín Sarmiento. Á dereita, portal de acceso á casa.

Reportaxe Gráfica: XAN CARBALLA

A nacemento de Sarmiento

Non está en discusión que o no-

so ilustrado nacera en Vilafranca do Bierzo, pero como di o historiador Francisco Carballo, “acu-

múlanse unha serie de erros contínuos que quizais esta documentación da familia materna poden

axudar a resolver, pois as propiedades do pai en Cerdedo vendeu-

Continúa na páxina seguinte



Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Pazos de

Consello Delibcrado:
Xosé Fernández Puga.

Vocais:
Xosé M^o Dobarro, Antolín Fernández, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantinos, César Lorenzo Gil, Paco Vilabarro (Fotografía).

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordinación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:

GAUZA: Marcos Valdeciel, Xoán Vila, Santiago Jauregizar, Mamel Monge, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, Francisco Carballo, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, M^o Pilar García Negro, Antonio Giato Soengas.

SOCIEDADE: Perfecto Conde, X. Vázquez Pintor, Henrique Harguindéy.

ECONOMÍA: Manuel Cao, Ramón Maceiras, Xavier Queipo, Carme Vences, X.F. Pérez Oia.

PENINSULAS: Gonçalo Nuno de Faria, Manuel Lombao, Tino Cabanas, Daniel Álvarez.

MUNDO: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, César Varela.

Doutores:

Moncho Vilas.
Outros: Ramiro Fonte, Vitor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Lois Diéguez, Celso López Pazos, X.M. Eiré Val, Xesus Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Rodolfo Dacuña, X. González Gómez.

FIN DE SEMANA: Borobó, Bieito Iglesias, Marga Romero, Xurxo F. Ledo, Luisa Villalta, Francisco A. Vidal.

LETRA: Eva Montenegro Piñeiro.

ÚLTIMA PÁXINA: X.R. Pousa, X.A. Gaciano, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra, Voz Noticias.

Ilustración:

Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sammartín, Ana Pillado Vega, Herno, Garrincha.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefe de Administración:
Bianca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga
subs.anosaterra@terra.es

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abrealdes

Redacción e Administración:

Príncipe 22, baixo, 36202 Vigo.
Apartado 1371, 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUSCRIPCIÓN E PUBLICIDAD:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

nas Clara Balboa despois da morte do seu home”.

A documentación familiar é abundosa. Contra o que sucede en moitas ocasións os libros que se conservan en Perros remóntanse ao tempo no que Carlos V lle dá unha serie de maorazgos a Macia Monseiro, a primeira referencia da estirpe dos Sarmiento. Precisamente o traslado do pais de Martín Sarmiento a Vilafranca do Bierzo respondería á necesidade de atender esas propiedades. Alí naceron varios dos seus irmáns e el mesmo un 9 de Marzo de 1695, para aos catro meses volverse... ¿a onde foi o pequeno? Nos primeiros anos pénsase que estivo nesta casa de Perros, e estudaría en Samos, para despois fixar residencia na terra do pai, en Pontevedra, onde tería outros dous irmáns.

En Perros consérvanse manuscritos de Sarmiento, tiradas de versos de sátira política, que están esperando a man dos investigadores.

Nas paredes do pazo de Perros e no lintel da entrada, están os escudos familiares, que inclúen nalgún deles os símbolos dos Sarmiento, os mesmos que o propio ilustrado utilizaba nalgunha das súas sinaturas. Concha e o seu home, Ovidio, amósanos todas estas pegadas históricas, dunha casa que coidan co agarimo de quen sabe ben da súa importancia histórica.

Sobre a mesa póusanse os documentos que poden dar novas luces sobre esta investigación. Papeis entre os que se poden ver manuscritos da man de Sarmiento, tiradas de versos de sátira política, que están esperando a man dos investigadores. A familia non quer protagonismo ningún pero góstalle dicir con voz clara a verdade dos seus antepasados. ♦



X. CARBALLA

Francisco Carballo

‘Falta por escribir unha biografía de Martín Sarmiento’

Sarmiento con Feixó son as dúas grandes figuras da Ilustración galega, ¿que importancia teñen ambos para a cultura do país e en particular Sarmiento?

Son figuras fundamentais e pódese unir Cornide, na orde técnica e tamén como figura de futuro o Marqués de Sargadelos. O movemento ilustrado, que nace na Galiza ao mesmo tempo que na monarquía española, aglutina por primeira vez na nosa historia un segmento da poboación e pono baixo a tutela destes intelectuais. Son xentes que estudan e sinten o país e emiten ditames para a transformación. Non todo se resolve de inmediato. Hai unha primeira serie de ilustrados que son fundamentalmente críticos (Sarmiento e Feixó entre eles); unha segunda vaga que propoñen medidas de reforma (Cornide, Pedro Sánchez, Páramo, Francisco Castro...) e unha terceira que postula abertamente o cambio estamental e político (Pereira, Ibañez...).

Sarmiento nace á Ilustración do ambiente que había nos mosteiros bieitos da época e á sombra de Feixó. Sarmiento corríxelle a Feixó as probas da súa obra, lévaa a imprenta e fai que se venda. Pero Sarmiento ten personalidade e orientacións propias: asume con moita máis amplitude o problema de Galiza, e trata de elaborar un programa, que aínda está algo perto dos arbitristas, pero que despois das viaxes que fai en 1745 e 1754 pretende globalizar á transformación de Galiza. A súa

obra ten tres grandes parámetros de actuación: un plano científico (quere que no país galego a universidade e as escolas se atean a un método científico de observación, experimentación e tratamento da verdade); un segundo plano de elaboración dunha historia natural, humana e da lingua do país e un terceiro plano como pedagogo. Sarmiento propón camiños para unha nova escola, unha escola galega, que fundamenta na aprendizaxe inicial de todos os nenos e nenas do galego e que sexa a lingua utilizada nos primeiros anos en todas as materias. Este aspecto da escola galega é totalmente actual e Sarmiento era un convencido de que se os nenos se educaran na observación desde o galego estarían facultados para a aprendizaxe de linguas como o latín e as derivadas.

Celebrouse em 1995 o tricentenario do nacemento e neste 2002 o Día das Letras Galegas e o Ano Cultural adcaselle a Sarmiento. ¿Que falta por saber del e da súa obra?

De Sarmiento falta unha biografía seria, porque todas as feitas ata agora, con maior ou menor ambición, teñen deficiencias. Escribíronse partindo de afirmacións que el mesmo rectificou e conteñen datos falsos. Iso pode considerarse secundario, pero do fundamental, a súa obra, falta moitísimo por coñecer. A obra final dos 660 pregos, en cinco tomos, que está na colección Medina Sidonia, permanece inédita por completo. Só foi lida por al-

gúns investigadores e publicáronse segmentos moi pequenos. Aínda son descoñecidos moitos autógrafos que non entraron nas copias de Medina Sidonia nin noutras posteriores. E hai libros que non se imprimaron, por exemplo as súas invectivas contra os inimigos de Feixó. O Consello da Cultura anuncia que vai publicar unhas obras completas o que vai dar unha imaxe moi interesante de Sarmiento. Incluirá os 17 volumes que están na colección Medina Sidonia, pero supoño que se animarán a introducir autógrafos que non están editados. Tamén sería interesante recoller as cartas de Sarmiento, a enorme correspondencia con Feixó...

A obra literaria galega é curta, ¿reivindicámolo tamén pola súa posición sobre a lingua galega?

A obra galega son as 2.200 coplas que escribiu con ocasión da morte de Felipe V e a suba ao trono de Fernando VII. É un avance de programa literario que non se coñece que desenvolvera. Pero aínda a semana pasada se soubo dun poema galego inédito que estaba na Biblioteca Nacional de Madrid. Hai que ter en conta que Sarmiento non foi alfabetizado en galego e daquela non había ortografía. Cando ven a Galiza en 1745 sumérxese no galego, pero escribía para si mesmo e para os que fan á súa tertulia.

Ademais do papel cultural e científico, ¿tivo Sarmiento tamén un papel político?

O papel dos Ilustrados en xe-

ral foi de asesoría, como facían os arbitristas que enviaban informes á monarquía, para influír no poder. Bastantes dos ilustrados ocuparon cargos de influencia e impulsaron reformas. A excepción dalgúns como Ibañez, que desenvolve un proxecto industrial, o papel fundamental limitábase ao consello. Sarmiento fíxoo directamente para Felipe V e para Fernando VI e foi nomeado Cronista de Indias durante 5 anos.

O goberno central insiste moito na “manipulación da historia polos nacionalismos”, ¿Pódense ignorar nun programa escolar figuras como Sarmiento?

É lamentábel, por dicilo suavemente, que se esteña pensando volver á época dos reis católicos... Se os programas inclúen a historia de Galiza como debe ser, Sarmiento ten un papel estelar.

Ven de publicar un libro sobre Sarmiento e inaugurar unha exposición en Pontevedra (Pazo de Mugartegui). Para facer esa investigación houbo que que percorrer moitas bibliotecas e arquivos.

O libro en volume é pequeno, pero tragueime toda a obra de Sarmiento aseguibél, porque en Poio hai 8 volumes e no Museo de Pontevedra outros 10 que lin punto por punto, ademais doutra documentación. Como dicía antes a dispersión da obra é un problema para o coñecemento de Sarmiento e este ano debe ser fundamental para a restauración da súa figura. ♦

*Vivimos no mellor
dos mundos posibles*
Felipe González

Entre 1996 e 2000 morreron en Galiza 2372 persoas en accidente de tráfico. Outras cincuenta mil víronse afectadas (son os feridos, tetraplégicos, etc. que case non contan nas estatísticas. Algúns morrerán dentro de poucos meses ou duns anos por mor das secuelas). Debaixo dos anuncios de **automóviles** quizá debería ir inscrita esta lenda: "O Ministerio de Sanidade advirte de que o seu uso pode danar gravemente a saúde".

Fraga díxolle a Beiras, no transcurso do debate de investidura, que el tamén era da tribo. Finou Casares que tamén pertencía a ela. Unha **tribo** heteroclita e pequena, pero que se estremece cando soa unha gaita diante dun defuntiño.

No Estado español vai medrando o número de fillos de parellas **non casadas**. En 1975 eran o 2%. En 1999 xa sumaban o 16,3%. Con todo, ter fillos sen estar casado segue parecendo raro. É un herdanza máis da España ultra-católica, a medias cuartel e a medias convento. Vázquez Montalbán lembra, nun dos relatos que integran *El pianista*, como as parellas de Barcelona corrían a casar os días antes de que entraran as tropas de Franco. Por certo que a media europea de fillos extra-matrimoniais é do 27,2%. En países tan respetábeis como o Reino Unido a cifra acadou o 38,8%, en Francia o 41,7%, en Suecia chega ao 55,3%. ¿Por que será que Aznar non reclama a **converxencia** coa UE tamén neste eido?

Por certo que Bush vén de destinar 150 millóns de dólares ao programa educativo *Abstinence Only* que tenta animar a mocidade a non manter relacións **sexuais** antes

A braia que malia a riqueza de materias primas e enerxía, sexamos a nación de toda a área que menos avanzou dende a entrada na Unión Europea. Estamos, comparativamente en renda per-capita, ao mesmo nivel do ano 1984, con maiores taxas de paro, precariedade e 16.000 mozos e mozas que emigran cada ano, por non falar da situación da lingua e cultura propias do país. En todo este panorama negativo, clasista e antigalego, a responsabilidade da Xunta de Galiza non é cativa, e por suposto maior en quen directamente exerce nela o goberno, o Partido Popular, e Manuel Fraga dende hai máis de 12 anos.

Nin o Partido Popular nin Fraga fixeron ate hoxe ningunha modificación importante sobre a súa liña de actuación a respecto de Galiza, por iso resulta extraña, cando non contradictorio, que dende o nacionalismo haxa persoas que gaben agora a súa laboura, e vexan nel un cambio radical. ¿Cando? ¿Onde? Non penso que esta mudanza tan fonda nas relacións e na análise da realidade só fose produto dun apretón de mans ou da confianza que poidan xerar unhas verbas. Se fora así sería preocupante, porque valerían máis que o paro, a precariedade social, a desfeita do agro, a protesta estudantil contra a LOU, a folga xeral de xuño, ou as mobilizacións a prol da lingua. ¿Terán que existir outras razóns? En todo caso non son bos estes piropos hoxe como antes non era de recibo o insulto ou a descualificación mutua. Cada un ten que cumprir a súa laboura con seriedade e firmeza.

No contexto actual de agudización das contradicións sociais e nacionais, mesmo do medre das políticas represivas contra os movementos sociais e nacionalistas ¡de re-españolización! e faltando aínda dous meses para a asemblea do BNG, calquera pensaría, escoitando ao portavoz da fronte e a algún dos membros da permanente, que xa se fixo o congreso e se decidiron mudanzas tácticas e estratéxicas para moderar as reivindicacións. Iso sí, nada se abandona, todo se adía sen data, sen concretar etapas, ou sinxelamente se esquece no baúl dos textos fundacionais. Choca que o portavoz asegure nas entrevistas que a asemblea é soberana e engada, axiña, que os pasos que dá contan co apoio dos militantes, que hai que remodelar a permanente (algúen filtra os nomes), que o escenario sobre o que se construíu a estratexia da fronte está derrotado (valoracións graves, máxime nun dirixente, ¿non?).

Non son menos negativas as declaracións repetitivas (teimosas) de Beiras gabando a Fraga por "poñer a Galiza por riba do partido" e por estar na liña "da tradición histórica do galeguismo". Son afirmacións que esvaen as diferenzas entre o nacionalismo organizado e o partido no goberno, e ademais son un aval tanto á política do Presidente da Xunta como ao PP. Cando se dilúen as diferenzas entre dúas organizacións sempre remata beneficiándose a máis forte, a que ten máis po-

X Asamblea do BNG *Un debate baixo presión mediática*

MANUEL MERA

O PP e Fraga deixan despois de doce anos unha situación peor en termos de renda per cápita. As declaracións de Beiras sobre o presidente da Xunta xeran confusión. Compre manter unha liña de coerenza e evitar unha executiva monocor no BNG.



ANA PILLADO

der ou capacidade para chegar á sociedade (control dos medios de información de masas).

En ningures o portavoz ve nos resultados eleitorais un "tíron de orellas" daqueles que esperaban máis esquerda e nacionalismo coa chegada aos gobernos das grandes cidades, tampouco fai aceno ningún de pór o seu cargo a disposición da organización pra axudar á renovación. Non, todos son problemas externos. Aínda mais, no *summum* da democracia, non se pode tocar nin criticar a súa actuación ou continuidade no cargo, porque axiña saen todos os medios que normalmente dan liña ao nacionalismo a defendelo. ¿Por que será? Calquera que olle os xornais pensaría que se lle bota unha man ás propostas máis moderadas (nas reivindicacións sociais e nacionalistas) para que gañe a asemblea ou en caso contrario, se trunfan as teses continuistas a respecto dos alicerces do proxecto,

que lle teña un gran custe de imaxe no seu electorado, presentándoo como unha radicalización da fronte.

Coido que a queda nos resultados eleitorais das autonómicas foi produto dunha perda de forza na mensaxe nacionalista e progresista. Este recuar ideolóxico ficou presente nestes anos nunha ringleira de actos que, ou non se deberon facer, ou tiñan que realizarse doutra maneira. Falo da presenza nas procesións, da non asistencia ás manifestacións da CIG en datas significadas, e non saír con firmeza en defensa da lingua ou do ensino da historia, por parte dalgunhas alcaldes... Falo, da entrevista do portavoz co dono de Zara sen reunirse co Comité de Empresa, da ambigüidade no apoio á folga do 15 de xuño. Aínda máis, ¿algúen lembra nos discursos dos últimos 25 de xullo algunha frase sobre o paro, a emigración da mocidade, a desfeita do rural, ou a precariedade laboral...? Amosouse diante do povo unha postura distinta cando gobernamos (ou pensamos que vamos facelo axiña) que cando estamos na oposición. Unha actitude de debilidade nas figuras máis públicas diante do poder que, convén realíralo, contrasta coa coerenza na maioría dos concellos, no Parlamento Galego ou nas Cortes en Madrid. Mais, a presenza pública do portavoz da fronte e dos grandes concellos eclipsa calquer outra referencia...

Estas son as eivas que compre corrixir, así como formar a militancia e dotarnos de medios de información propios que nos permitan dirixirnos directamente ao pobo. Fai falla unha relación máis directa coa cidadanía, unha maior participación da militancia na decisión das políticas da organización. Para todo isto, non compre unha executiva monocor, que non sería representativa dunha fronte e si dun partido (¿socialdemócrata? ¿social-liberal?), en troques coido que é necesario, entre outras cousas, dotarnos dun novo portavoz que actúe colexiadamente, que axude a xermolar a vontade dos miles de persoas que apoian este proxecto de liberación nacional e social que é o BNG. En resumo, compre un debate que supedite o táctico ao estratéxico, que pule na construción do poder popular e a hexemonía nas institucións, que permita acadar unha patria soberana, ao servizo das clases populares. ♦

Cartas

Samuel Solleiro *explícase*

Escribo esta carta pra que non se me malinterprete. No número 1.024 de *A Nosa Terra* aparece un artigo, "O primeiro libro", no que se fala de autores que acaban de publicar o seu primeiro libro, entre os que me conto eu. E a pesar de o artigo estar baseado en declaracións dos propios autores (alomenos no meu caso) penso que unha destas informacións sobre a miña escrita está perigosamente incompleta. Refírome a cando se poñen na miña boca as palabras "Non se trata dunha crítica á relixión nen ao sistema". Ben, é certo que algo polo estilo dixen, pero é algo que precisa dunha explicación urxente, porque no caso de deixalo tal cal está, semellaría que caio no apoli-

ticismo e na moderación, e nada máis lonxe da miña intención. Por suposto que eu son crítico coa relixión, e moito máis co sistema, que cuestione e cuestionarei tódalas veces que faga falta. Pero somentes quixen dicir que non é esa a temática do libro.

En primeiro lugar, rexeitaréi sempre tódalas críticas que se fagan á "irracionalidade" da relixión dende a "racionalidade" da ciencia (outra relixión máis), e así a intención de *Elexías a Deus e ao Díaño* é criticar, si, a irracionalidade negativa e castradora da relixión, pero sempre dende a irracionalidade positiva, espontánea, da arte e da creación.

En segundo lugar, é obvio trala lectura do libro, sobre todo entre liñas, que tamén hai crítica ao sistema, iso sempre. Pero rexeito os libros demasiado doctrinais que, curiosamente,

resultan ser os máis hipócritas. Prefiro polo tanto escribir bur-las infundadas e cáseque puramente estéticas, e deixar a oposición ao sistema (que no meu caso é radical e penso que consecuyente) pró meu comportamento individual e do día a día. É demasiado cómodo vomitar nun libro unha presada de valores moi bonitos e despois non crer neles, e acabar facendo campaña contra as fotocopias de libros, ou escribindo nun xornal louvanzas a actos reivindicativos nos que non participaches persoalmente, ou preocupándose por calquera asunto lingüístico mentres alguén está a morrer. Logo veñen os automóviles, os chalés, as subscripcións, os iates e o esquí, e seguir reivindicando de palabra ideas que mesmo a ti che molestaría que nun momento dado se levasen a ca-

bo pero que non deixan de ser moi bonitas e moi humanas, e sempre quedan fenomenal, por non falar do moito que venden. Que outros xoguen coa ideoloxía, eu arrenego pra sempre dese arquetipo.

Que se teña isto en conta á hora de ler as páxinas que escribín, e se comprenda que unha crítica vai, debe ir, un pouco máis alá dunhas cantas palabras, por moito que che fagan pensar. ♦

SAMUEL SOLLEIRO
(TUI)

Antia Cal e o Rosalía Castro

Miña irmá era zurda. Nos primeiros 60, ser zurdo era un problema, a man esquerda era a man do demo, e en todos os colexios corrían os zurdos a base de

Nunca resulta doado falar dunha persoa. E aínda menos cando se cruza ao meio do camiño a morte. Mesmo sendo prevista, albiscada logo dun longo ano de prostración.

A morte, a enfermidade. Sabes, din que son o mais democrático que podemos ofertar neste primeiro mundo; non entenden de raza, idade, condición... Pode ser certo, de feito a miña carteira aínda conserva o pase que me valeu tanto para te visitar a ti como ao meu fillo de vinte días recen cumpridos.

A enfermidade, a morte amoreados diante de ti como un xigantesco Angliru que a túa bicicleta non deu escalado.

Non se me fai doado falar de ti, Gandoy, porque morreches (iso din as esquelas) e porque non é doado falar de alguén tan inmenso. Como ese cariño de carpinteiro que na túa mocidade deitabas nos mobles e logo comezaches a deitar nos teus conxéneres, inmenso río Miño de fluxo solidario que permanece, mesmo que remataran os teus días.

Dicía Mani, o profeta mais maldito da historia, que todas as relixións teñen aspectos positivos e negativos. Chamáballes zonas de escuridade (intolerancia, superstición, fanatismo) e zonas de luz (solidariedade, fraternidade...). Como descreído que son, teño o fondo convencimento de que é xente coma ti, co voso compromiso cotián cos desfavorecidos e a vosa actitude permanente de loita e denuncia das inxustizas, os que mantedes, por máis que lles pese a todos os *establishment* eclesiásticos, ancorados nun perenne xogo de penumbra-escuridade, vivas unhas igrexas, crenzas, que doutro xeito serían, xa desde hai anos, carne de museo.

Porén, non quero gastar (ben) este espacio en falar de ti Gandoy, que xa os xornais de Lugo habían de ocuparse de alguén que, como dixo Blanca Rodríguez, é tan patrimonio de Lugo e dos lugueses como a Muralla.

Aínda que si quero falar de ti, desá outra obra túa, sen menoscabo para a xente que te acompañou na súa xénese e desenvolvemento, aportación básica e orixinal ao pensamento transformador galego. Porque a esencia de *Preescolar na Casa* está no seu compromiso absoluto tanto coa educación, o idioma e a cultura galegos como coa loita contra a marxinação económica, social, política que padece este país e nomeadamente o seu rural.

E velaquí a riqueza da túa, vosa, miña pola frangulla que me corresponda, aportación. Saber dar corpo e vida a esta premisa ideolóxica, tan presente hoxe nos foros anti-globalización, e que hai vintecinco anos agromaba timidamente entre as ortodoxias dominantes: unha sociedade só poderá chegar a desenvolverse se pon en xogo os recursos de seu e establece fórmulas de desenvolvemento orixinais e propias.

Ti, coa túa sabiduría de carpinteiro e co

Durme en paz, meu carpinteiro

In memoriam de Antonio Gandoy

RAFAEL RUIBAL

Antonio Gandoy, crego popular, fundador da Preescolar na Casa, morreu hai poucas semanas. O seu saber compartir cos demais foi un exemplo para moitos, e pon o contrapunto cunha Igrexa esclerotizada.

teu saber de crego, deches cos uns e máis coas outras. Fuches quen de, con estes vimbios, deseñar unha utopía e darlle forma e vida.

Por iso, e volvo botar man da intuición, estou convencido de que o teu pensamento, cando a perspectiva histórica o permita, vai transcender dese pequeno cemiterio de san Fiz onde repousas, da memoria de todos os lugueses e de dos traballadores e familias que compartimos a túa andaina, para se converter en patrimonio de todos os galegos, a carón desoutros cregos de caste, que coma ti todo e tanto deron polos desfavorecidos e por Galicia.

Mais xa remato estas verbas, pois estou tendo a sensación de que, aínda que sentidas, non deixan de seren

circunloquios, como os que o teu tocaio poeta empregou para se referir ao "Espino, al. Alto Espino...", e para o que eu verdadeiramente che quero dicir só se me ocorre unha oración. Oración do ateo que sego a ser e que sempre soubeches e respetaches que era:

Gracias, Gandoy, por me deixar coñecer e compartir o teu proxecto.

Gracias por me brindar a oportunidade de poder vivir, traballar un pouco mais acorde coas miñas ideas e sentimentos.

Gracias, Gandoy, por me permitir descubrir a forza ilusionante da utopía, mazá prohibida da miña heraxón.

Por me axudar a medrar, gracias, e durme en paz, meu carpinteiro. ♦

‘Estou convencido de que o teu pensamento, cando a perspectiva histórica o permita, vai transcender dese pequeno cemiterio de san Fiz onde repousas’

Xosé Lois



Correo electrónico: info@anosaterra.com

pau. Meu pai, que foi zurdo corrixido, buscou unha escola onde non se meteran cos zurdos. E ese foi o motivo polo que nos levou ao *Rosalía Castro*.

Son moitos os recordos que teño desta escola, lembro o cheiro, unha mistura da tinta da multicopiadora, daquela non había fotocopiadoras, de tizas e de nenos, lembro un cadro que había na entrada, que me tiña engaiolada, duna nena sostendo unha moneca dentro duna caixaíña de mistos, de Carlos Maside penso que era, os nomes das clases polas que fun pasando, Concepción Arenal, Antón Beiras, Mariñeiros, Alexandre Bóveda... O primeiro día de escola, aos tres anos, cando me puxeron a facer plastilina falándome en inglés...

E entre todos estes recordos, aparece Tita, coa súa parti-

cular voz, cos mandilóns de loito coma os que usaban as mulleres para traballar na casa, na praza ou no campo, negros e brancos. Cando nos portabamos ben, viña á clase e nos contaba algunha película, algunha historia, o primeiro libro en inglés que teño, que me entregou nun fin de curso de 1968..., aos tres anos.

É moito o que lle teño que agradecer a Tita e a súa familia, os avós, na praia de Samil cos netos, cando aínda había dunas e famosos comer os domingos, a Antón Beiras, que me puxo as primeiras gafas, a Armando, que me salvaba a vida cando choraba na escola.

Téñolles que agradecer ter aprendido moitas cousas fundamentais, coma que o galego era unha lingua tan importante coma o inglés que nos ensinaban

dende pequenos, ter estado nunha escola mixta endo cativiños, nenos e nenas xuntos, ter aprendido cancións que daquela eran pouco menos que subversivas, coñecer as igrexas románicas de Vigo, ver que no noso entorno hai moitas cousas que mirar e das que aprender, non só nos libros.

Moitas cousas que agora

Fe de erros

Na sección *Sítios* dedicada ao cemiterio ourensán de San Francisco e publicada no número 1.022 cometíanse dous erros salientábeis. Nel afirmábase que alí están soterrados Vicente Risco e o pintor Cándido Fernández Mazas, cando os seus restos atópanse respectivamente en Allariz e Castro Caldelas. ♦

poden parecer normais, nos anos 60 e 70 eran todo un luxo, máis cando despois pasei a un colexio onde só había nenas con uniformes, faláballos de Isabel a católica e o Gran Capitán, e nos tiñamos que por de pé cando entraba a mestra na clase.

Moito teño extrañado o Rosalía, os cheiros, os sons, as paredes cheas de cadros e posters, as festas, o patio cheo de columpios e de plataneras que podaban no inverno e quedaban coma paus da luz, as clases de teatro e de plástica, o cine na escola...

Agora que Antia Cal vai ser nomeada "Viguesa distinguida" é o momento de lle dar as gracias. Gracias Tita porque a miña irmá sigue a ser zurda. ♦

SABELA MARTÍN (VIGO)


do matrimonio. A educación sexual que o goberno norteamericano quere impartir baséase xustamente en non practicar o sexo. Con todo, *Abstinence Only* non di nada do onanismo.

A editorial Txalaparta vén de editar *El libro negro del capitalismo*, indisimulada réplica ao *Libro negro del comunismo* que circula polas librerías desde hai tres ou catro anos. A obra reúne traballos dun numeroso grupo de intelectuais. O libro é duro coas ideas neoliberais e iso que foi escrito maioritariamente por franceses. Imaxínase como sería se o chegan a escribir os **surafricanos**.

A desmesura é unha característica das páxinas deportivas. Incluso *El País*, un xornal habitualmente moderado, escribía o pasado día 11 sobre o fútbol europeo: "Catro partidos do **século** en cinco días". É un exemplo da presión da actualidade. Xa o dicía o Guy Debord, na súa obra *A sociedade do espectáculo*: "Se descoñecemos a historia non temos con que medir o presente".

Baltar reconece que hai sectores do PP "que non comprenden" o achegamento ao Bloque e Mera pon de manifesto que hai sectores do nacionalismo que tampouco o comprenden. En realidade, comprender non o comprende ninguén. Todo é máis comprensíbel cando as posturas son máis extremas. Pero o máis **comprensíbel** non é necesariamente o mellor.

Un tal Alfonso de la Vega estrea en *La Voz de Galicia* (8 de marzo) un novo epíteto, ao referirse "aos mozos que arrebolan as bandeiras galegas coa estrela do **diaño** que usa o Bloque". Nin o señor Torquemada resultaba tan ocorrente. ♦



Georges Bush e Ariel Sharon.



A Escola de Tradutores de Faro

Hai quen di que os periódicos non se preocupan polo galego e que nen sequer contan con xornalistas capaces de escribir correctamente neste idioma. Serán algúns, pero non en todo caso Faro de Vigo que dispón dun extenso plantel de tradutores cun amplo dominio da lingua de Rosalía e que de feito son capaces de traducir o que se lles poña por diante. Co gallo da morte de Casares, o xornal vigués non aforrou esforzos á hora de trasladar ao castelán canta declaración publicou sobre o finado. Os xiros propios do noso idioma, o léxico galego en xeral, foron vertidos ao castelán con total soltura. Ata traduciron o comunicado da Asociación de Escritores en Língua Galega. (Faro de Vigo 10 e 11 de marzo). Faro, como se ve, domina o galego, en ambos sentidos da palabra. ♦

Maragall, Batasuna e La Razón

Aínda que a esquerda ape-

nas conta con medios de expresión, a dereita, incluída a extrema, anda sobrada.

O 12 de marzo podía lerse na portada de *La Razón*, a cinco columnas, o seguinte titular: "Maragall faille o xogo a Batasuna. A coalición proetarra bota raíces en Cataluña: nos últimos anos cuadruplicou os seus seguidores nos concellos gobernados polo PSC". ♦


Palestina, unha guerra colonial

Robert Fisk califica en *The Independent* (10 de marzo) o conflito palestino de guerra colonial. "Non hai moito —o pasado Nadal, lembra— o primeiro ministro israelí, Ariel Sharon, díxolle ao presidente francés, Jacques Chirac, que os israelíes 'somos coma vostedes o foron en Alxeria', coa única diferenza de que 'nós (os israelís) nos imos quedar'. E aí o teñen —engade Fisk—. En boca de Sharon, Israel está peleando unha guerra colonial: non unha guerra 'contra o terrorismo', reprodución en miniatura da guerra dos Estados Unidos, senón unha guerra para colonizar as terras árabes con asenta-

mentos para xudíos e só para eles, mentres que os colonizados (que son uns 'terroristas', por suposto) érguense na súa contra". ♦

Bush controla os compradores de libros

Recollemos unha noticia serodia pero interesante. Publicouna o diario argentino *Página 12* o pasado 1 de decembro. Di así: "O 1 de novembro os membros da Fundación Estadounidense de Libreiros pola Liberdade de Expresión recibiron unha circular inquetante: Estimado libreiro —comezaba—, a semana pasada o Presidente Bush promulgou unha lei antiterrorista que faculta o goberno federal a inspeccionar os seus rexistros comerciais, incluídos os títulos dos libros vendidos polos seus clientes. Non hai posibilidade de obxetar (o procedemento) ante un tribunal. Tampouco publicamente. A nova lei ten unha cláusula mordaz que lle impide informar 'a calquer persoa' de que vostede recibiu a orde de presentar os documentos". ♦



Xavier Casares.

O socialista Xavier Casares deixa o Parlamento

A.N.T. "Cuestión de diñeiro". Así explican os socialistas ourensáns a marcha de Xavier Casares do Parlamento. A decisión viría dada polo ofrecemento da xefatura de servizo no hospital ourensán, que leva aparelada non só a dedicación exclusiva, senón tamén un aumento considerábel de soldo. O interesado explicou a súa marcha por "razóns profesionais".

O abandono do cabeza de lista por Ourense sentou mal no partido, sobre todo na capital das Burgas. Prodúcese tan só aos tres meses de tomar posesión do cargo e despois de realizar unha campaña electoral na que prometeu dedicación exclusiva e traballo no seu cargo do deputado. "Algo que moitos compañeiros xa se negaban daquela a crer", afirman os seus críticos.

Foi Pérez Touriño que apostou por inlucio de candidato logo de barallarse diversas posibilidades. O que máis sonaba era Gonzalo Inglésias Sueiro que deixaba daquelas a alcaldía de Xinzó. Sueiro provén do PCG como Touriño.

Para os críticos de Pérez Touriño e Xosé Blanco, a dimisión de Casares é "un símbolo máis do que ven ocorrendo en Ouren-

se". O partido quedou sen grupo municipal e cunha xestora incapaz de por a andar unha organización desfeita.

Dificultades para rexenerar o partido

Segundo algúns ex militantes, a xestora, con Antonio Rodríguez á fronte, ao único que se dedica é a facer reunións con tres ou catro persoas para tratar de afiliacións. Afirman membros deste sector que as xestións non dan froito e que aínda non foron capaces de conseguir 30 novos militantes.

A case totalidade dos exmembros do PSDG-PSOE en Ourense negáanse a voltar á organización de xeito individual. Moitos deles permanecen á espera do que faga Antonio Troitiño, o ex voceiro municipal. Troitiño aínda non decidiu se funda un partido local para presentarse ás municipais ou abandona definitivamente a política. Da súa postura dependerá tamén, en parte, o futuro do PSOE na cidade.

Fontes socialistas xulgan, con todo, que decisións como a de Xavier Casares non o axudan á rexeneración, como tampouco o feito de que algúns militantes históricos teñan pasado recentemente a engrosar as fileiras do poderoso Baltar. ♦

Ferrol

Lembrando a Amador e Daniel

MARTINA FERNÁNDEZ BAÑOBE

Corrían os días de marzo de 1972 cando Amador Rei e Daniel Niebla morrían por defender os seus dereitos como traballadores e persoas. Eran tempos de represión franquista e de poucas verbas. Eles negáronse a aceptar o que lles viña imposto, e contribuíron, ao mellor sen sabelo, a trazar o camiño da transición democrática.

A pasada fin de semana, Ferrol converteuse no marco para lembrar os sucesos de marzo do 72. Trinta anos despois, sindicatos, partidos políticos e institucións desenvolveron diversos actos para homenaxear a aqueles traballadores de Bazán que perderon a súa vida por gañar a súa liberdade.

Os acontecementos foron froito dos desacordos nas negociacións do convenio colectivo do estaleiro. Despois de varias cargas policiais, o 10 de marzo, na confluencia entre a estrada de Castela e a ponte das Pías, un en-

frontamento entre Policía Armada e empregados deixou tras de si dúas mortes e 40 feridos de bala. A clase obrreira e as universi-

dades galegas uniríanse despois ás protestas contra un réxime que vulneraba as liberdades. Aínda así, días despois daquel

día 10 a plantilla de Bazán volveu ao traballo ante a ollada dunha policía que tiña tomado o estaleiro polo que puidera pasar.

Este 10 de marzo de 2002, Ferrol acolleu manifestacións, ofrendas florais e actos institucionais para lembrar aquelas mobilizacións en prol da liberdade.

Hoxe, o lugar no que morreón acolle un monumento na memoria duns homes que loitaron polas súas ideas. Así e todo, pode que o mellor xeito de lembrar a Amador, a Daniel, e a todas as persoas que se enfrontaron cun poder autoritario e represor, sexa desfrutar das nosas liberdades e non deixar de defender o que consideramos xusto. ♦

FRANCISCO CARBALLO

Poucas veces emerge unha repulsa tan vitriólica como a feita a Azurmendi pola súa afirmación: o multiculturalismo é a gangrena da sociedade. Segue a polémica.

Creo que en parte todo isto se debe ao léxico. ¿Qué denota multiculturalismo? ¿En que se diferencia de interculturalismo? Sería útil acordar as denotacións destes vocábulos. Para Solari, Azurmendi e outros, o multiculturalismo expresa unha situación de culturas xustapostas no mesmo territorio; de culturas de moi opostas conviccións; unhas aceptan o código dos dereitos humanos tal e como a ONU o emitiu, outras negan parte del por acatar leis relixiosas ou tradicións contrarias. Así acontece no Islam que maioritariamente acolle a sharía, unha lexislación coránica incompatible cos dereitos humanos hoxe recoñecidos. Tampouco o Deuteronomio bíblico é este desde o inicio, recoñecendo na Biblia unha recomposición constante e de milenios na súa visión moral.

Polo contrario "interculturalismo" expresa unha situación territorial onde coexisten culturas diferentes, pero todas tratan de aceptar os dereitos humanos, respetar e coñecer a lingua propia do territorio, acatar a lexislación territorial e solidarizarse cos problemas comúns.

Historicamente vemos que situacións de multiculturalismo deviron interculturalismos e, ás veces, por presións autoritarias acabaron na asimilación. Outras veces situacións de multiculturalismo derivaron en multiculturalismo, en "taifas" sociais.

O fenómeno de multiculturalismo transitorio é inevitábel nunha xeira de grandes migracións. O razoábel é establecer pautas e mecanismos aceptábeis en cada territorio para o avance cara o interculturalismo.

Non é xusto someter pola brava a penalizacións a pobos, relixiosa e culturalmente aínda non educados na "ilustración" Hai que dar tempo ao tempo; hai que ter unha política educativa xeral de diálogo e de busca do convencemento. A raíz do perigo está na presenza axitadora de líderes ocultos que se serven do engano para pervertir desde institucións seudorelixiosas aos fieis en contra da cultura e forma política do país receptor. Líderes pagados por gobernos integristas como o de Arabia Saudita e outros que constrúen mezquitas na emigración, existen escolas con ensino do Islam, mentres no interior cultivan o máis cruel confesionalismo e a total exclusión da liberdade relixiosa. Aí está o perigo, non en rapazas máis ou menos mentalizadas por países obscurantistas. ♦

Manuel Fraga 'En determinados sectores do BNG apréciase unha moderación dificilmente imaxinábel antes'

A. EIRÉ
O presidente da Xunta, Manuel Fraga considera que algunhas das súas declaracións a respecto das relacións co nacionalismo están tiradas de contexto. Para aclarar a súa postura contestou ás preguntas de A Nosa Terra. Fraga gaba a "actitude de moderación de Beiras e aceptación das regras de xogo".

Un mes antes de reunirse con Xosé M. Beiras, vostede declaraba que o mellor que lle podía pasar a Galiza era que desaparecese o BNG. Agora afirma que, de ser preciso, o PP podería pactar cos nacionalistas. ¿Que razóns o levaron a este cambio de postura?

Unha cita clásica recomendaba aos xornalistas algo así como: *Non deixes que a realidade che estropea unha boa noticia*. Bromas aparte, as declaracións hai que analizarlas no seu contexto. Dixen que o futuro de Galiza non pasa por un Bloque que intima co nacionalismo radical ou que mantña posicións numantinas. Dixeno e mantíño.

Coincidirá vostede conmigo en que despois do Debate de Investidura, celebrado a primeiros de decembro, en determinados sectores do BNG apréciase unha moderación dificilmente imaxinábel ata entón. Así as cousas, propúxenme a meta de instaurar o diálogo como elemento habitual entre os distintos actores da vida política galega.

Xa fixera o ofrecemento noutras ocasións, pero foi necesario esperar ata agora para que fose aceptada a miña proposta. Durante a pasada Lexislatura xa me reunira co señor Touriño, e volví facelo pouco despois dos comicios. O señor Beiras aceptou a miña invitación, xantamos e mantivemos un diálogo franco, como persoas civilizadas. Ese debería ser, ao meu modo de ver, o xeito de facer política. Sería bo para a clase política, pero tamén, e iso é o máis importante, redundaría en beneficio de Galiza.

¿É suficiente motivo para este cambio de táctica a palabra de Beiras no xantar do Vilas de que o BNG se moverá no eido constitucional?

Persoalmente considérome un home de palabra e non teño por que dudar da dos demais. Todo o mundo merece un voto de confianza. O señor Beiras amosou un cambio de talante, que eu valoro, e considero que a súa actitude de moderación e aceptación das regras de xogo merece ser correspondida pola nosa parte. ♦



A. P. NARRO / A. RUIVO

O congreso do PP analizará as relacións co BNG

A.E.
¿Quen lle fá dicir aos militantes do PP que o seu congreso estaría marcado pola súa estratexia a respecto do BNG? ¿Quen fá pensar que os que semellaban máis próximos ao galeguismo son os que rexeitan con máis enerxía a normalización das relacións co nacionalismo? A sucesión de Fraga non estará, por outra parte, presente nas ponencias, pero será a discusión estrela nos corredores e comidas.

As verbas "galeguismo" e "rexionalismo" que marcan a ponencia política do PPDG no próximo congreso, non lle meten medo á maioría dos seus dirixentes. Gostan das fermosas palabras en política. O problema semella aparecer cando se trata de levar á práctica esas definicións.

Xosé Cuiña, Francisco Cacharo e Xosé Luis Baltar están preocupados polo clima de diálogo que comeza a fructificar entre PP e BNG. En diversas reunións mostraron, segundo fontes do PP, unha forte inqueda polo cambio político propiciado por Fraga. A intervención de Cuiña Crespo a pasada semana no Parlamento atacando ao BNG foi a mostra máis elocuente das diferentes opinións populares.

En teoría é este sector do PP (os da *Boina*) o que estaría máis

próximo do nacionalismo, mesmo pola súa procedencia política no caso de Baltar. Algún deles, non hai moito tempo, aínda acariñaban a idea dunha entente co BNG se as cousas se lles poñían mal dadas no seu partido. ¿Que mudou agora?

Dirixentes rurais do PP temen que unha lexitimación do BNG podería facilitar un trasvase de votos cara o nacionalismo

Un parlamentarario popular explicábanos que é no rural onde se produce un enfrontamento máis forte entre o PP e os nacionalistas. Moitos alcaldes e concelleiros que sofren a cotío a laboureira opositora do BNG estarían descontentos coa política impulsada por Fraga. Sería esta a causa que leva os tres *baróns* a rexeitar calquer acordo cos nacionalistas. Pensan que, antes de nada, habería que "obrigalos a civilizarse nos concellos".

A explicación que ofreceu Manuel Fraga internamente para xustificar o cambio de políti-

ca a respecto de Beiras non os convence. Segundo estas fontes, Fraga explicou que "tendéndolle a man a Beiras é posíbel debilitar, cando non dividir, o BNG antes da municipais".

Algúns dirixentes non pensan, sen embargo, que sexa posíbel e coidan que con esta política o único que se está é potenciando o nacionalismo. Xulgan, neste sentido, que a política de demonización dos bos resultados e que agora non hai porque mudala. Un alcalde lugués comentaba a A Nosa Terra como "existe medo ao trasvase de votos cara o BNG se os deixamos presentar coma unha forza normal". Hai que ter en conta que nas campañas municipais é onde entran máis en xogo as descalificacións e o corpo a corpo persoal, explica a mesma fonte.

Os congresos provinciais

Esta disputa non chegará aos salóns do congreso que se celebrará os días 15 e 16 en Compostela. Todo semella calculado para que non exista nada que saia do guiño do presidente. As ponencias, sobre todo as que falan da reforma do senado e da presenza de Galiza nos órganos da UE, están medidas. O PP galego procurará ante todo non incomodar máis a Madrid, aínda que sen renunciar ás teses propias.

Neste clima, os xestos terán incalculábel valor. Fraga trata de evitar que se abra o melón sucesorio. Non chegou aínda o tempo por el marcado. Pero o que ninguén poderá impedir é que a maioría dos congresistas faga os seus cálculos para o futuro.

Semella, polo demais, que tampouco se van producir cambios importantes na organización. Será un congreso de continuidade despois da pasada renovación das listas eleitorais. Con todo, nalgúns cargos aníña o nerviosismo, ao temer que, a última hora, Fraga decida "facer a revolución".

Todo parece aprazado no cenario principal, mentres uns e outros se adican á guerra de guerrillas nos congresos provinciais e locais. Por vez primeira neste ámbito a batalla sae á luz. En Lugo o enfrontamento entre Cacharo e Iravedra é manifesto. Na Coruña vóltaase a enfrontar as tropas de Romay con Antonio Couceiro, coa Deputación provincial en xogo. En Ourense, Baltar apaga calquer fume que se levante antes de que aparezca o lume. Cuiña Crespo segue preocupado en Pontevedra pola perda de control e tende pontes cara Madrid. Pero Madrid tamén agarda. Non quer problemas con Fraga. Aznar non virá ao congreso e Arenas ata mudou o discurso e abenzoa agora as conversacións co BNG. ♦

Cinco preguntas ante a asemblea do BNG

A.N.T.

■ ¿Que está en xogo nesta asemblea?

Unha vez consensuada a ponencia política, o que está en xogo é a composición da executiva que a poñerá en práctica. A anterior estaba formada por 19 membros, agora serán só 13, cinco deles necesariamente mulleres, polo cal sobran dez.

■ ¿Quen manda no BNG?

O núcleo dirixente anterior apoiábase ata agora no acordo tácito entre Beiras, a UPG, colectivos como o Socialista e boa parte dos independentes. Pero a correlación de forzas cambiou neste momento en contra da UPG. A razón está en que este partido propuxo unha renovación nos cargos e pediu caras novas. A retirada de Bautista Álvarez da mesa do parlamento, substituído por unha muller independente, deulle o sinal aos demais grupos de que o intento de renovación por parte da UPG ía en serio. Algúns sectores, como o Colectivo Socialista, que a penas conta con militantes, pero que mantén varios postos de relevancia na dirección desde a asemblea fundacional, temen perdolos e mudaron as súas alianzas: de votar coa UPG pasaron a facelo cos seus antes acérrimos competidores de UG.

■ ¿En que pode notar a sociedade a renovación despois da asemblea?

Esse é un dos problemas a resolver polo BNG nestes momentos. Parece probábel que



A. PANARO / Arquivo

Beiras seguirá como portavoz nacional e que podería pilotar el mesmo o proceso de cambio de candidato para as autonómicas do 2005. Un sinal cara a sociedade de cal vai ser o sucesor pode ter lugar cando se elixa o coordenador da executiva, é dicir o segundo de Beiras.

■ ¿Será o ex-alcalde de Allariz o candidato no 2005?

É o nome que máis se baralla e el mesmo xa mostrou a súa dispoñibilidade a pasada semana, pero a decisión non está aínda tomada. Ten moitos puntos a favor. É coñecido e aceptado socialmente e tamén dentro da organización, conta coa experiencia favorábel de xestión onde gobernou, ofrece unha boa imaxe pública, etc. Sen embargo, algúns

sectores do BNG considéranlo demasiado achegado tradicionalmente á UPG (a súa amizade con Francisco García e Alfredo Suárez Canal, tamén alaricanos), mentres que desde a UPG existen algunhas dúbidas sobre a súa capacidade política ou sobre a liña ideolóxica que poda desenvolver no futuro. Algunhas malas linguas encargáronse de recordar que en 1985 tomou postura cos contrarios a xurar a constitución, aínda que logo fixo un acto de autocrítica no Consello Nacional.

■ ¿Como se toma internamente o diálogo co PP?

Son bastantes os que critican a vehemencia de Beiras, tanto cando descalificaba a Fraga, como agora. Un apasionamento que xa se lle viu noutras ocasións, co-

mo por exemplo despois da súa conversa con Almunia. Pero a dirección do BNG coincide en que beneficiaran máis ao nacionalismo as últimas palabras de Fraga que as acusacións de terrorismo doutras ocasións. Tamén pensan que o BNG saíu das eleccións autonómicas cun segundo posto raspado e moi disputado polo PSOE. A entente con Fraga tería resituado ao nacionalismo no centro do debate fronte ao PP e con Touriño de espectador. Por outra parte, no BNG sábese que, ademais de Madrid, tamén os líderes rurais do PP están incómodos no novo escenario. Estes factores positivos non quitan que tamén exista conciencia de que Fraga intenta dividir o BNG e difuminar a súa alternativa. Polo tanto, a relación sería unha baza a xogar e a medir paso a paso. ♦

Santiago

O encanto da 'Casa Encantada'

XOSÉ LUIS MUÑOZ

A Casa Encantada está ameazada. O politicamente correcto non acepta unha visión diferente da cultura. ¿Por que non construír desde ela un barrio como o danés de Christiania.

Pois o caso é que, en Santiago, segundo se tira desde a porta de Mazarelos cara ao Sar, desandando o camiño polo que outrora entraba o viño do Ribeiro, mesmo aos pés de Belvís, antes de chegar á Colexiata, hai a man esquerda unha casa ruínosa, antigo colexio, que mozos e mozas, con moita imaxinación e ningún medios, levan anos utilizando coma sede dun laboratorio de experimentación social. Desde alí irradian sobre o barrio doses de convivencia, de iniciativa, de acción cultural... anque garden para sí mesmos, —¡faltaría máis!—, momentos seus.

Pero como estas mozas, estes mozos, non son dos que van polo rego; non son o que se dí politicamente correctos, nin moito menos, pois os van deixar sen casa, sen a

súa "Casa Encantada", que ata no bautizo da "cousa" demostraron gusto. Calquera día apareceralles por alí un deses mónstruos comecacasas, e nun "plis-plas" deixáralles aquilo coma un solar.

Moí pronto, e preto do lugar, imos ter a Cidade da Cultura; da cultura politicamente correcta. E está ben. Desde aquí celebro esa construción; pero unha cousa non quita a outra. As culturas alternativas tamén teñen dereito á vida, e por moitos motivos: porque rachan a uniformidade, porque abren horizontes, porque aportan novas luces, e porque dinamizan a vida cidadá.

Ao mellor poida que conveña tirar coa "Casa Encantada" que, repito, é unha ruína. O que sería un disparate é tratar, de paso, de matar

o encanto da "Casa Encantada".

Ao mellor, o que Santiago precisa é por en marcha un experimento coma o de Christiania, que tan ben funciona en Copenhague. Christiania é todo un barrio da capital dinamarquesa no que, alá polos albores dos 70, asentaron grupos de "hippies", de "freaks" e de xentes interesadas na macrobiótica, que converteron o espazo nun permanente "happening" cultural e experimental, cun periódico diario incluído, e cunhas pautas de convivencia que se lles escapaban ás autoridades. O asunto mesmo chegou ó Parlamento da nación, despois de ter sido debatido no parlamento da rúa, e Christiania, onde hoxe conviven máis de 1.000 persoas, terminou recibindo o estatuto de experimento social.

Dentro deste recinto bule un mundo de creatividade, de obradoiros, de anticuarios, de proxectos ecolóxicos, de locais de concertos, de garderías-cooperativas, e mesmo unha arquitectura experimental fantástica.

E digo eu: ¿por qué Santiago non pode ter o seu Christiania? Quizais a "Casa Encantada" lle veña xa pequena... Pero para ter un Christiania, antes habería que dispor dun parlamento de rúa máis aberto, e duns parlamentarios un chisco, só un chisco menos politicamente correctos. ♦

Non é así

XOSÉ MANUEL SARILLE

Até estas datas, se vostede simpatizaba co nacionalismo e se enredaba nunha discusión veementemente con dirixentes do Bloque, era fácil que o remitisen para algunha asemblea da organización. Con moralexia pedagóxica incluída, argumentaban que aquel era o lugar para propoñer, traballar, debater e cambiar a organización se for preciso. Un rito iniciático que lembra ao dos banqueiros que comezaron facendo recados. No Partido Laborista existe un costume semellante; os cidadáns de a pé chámalle "olor a establo", un perfume que impregna a vestimenta, os acenos e os dicires dos políticos e que resulta imprescindible para facer carreira na social-democracia británica.

No actual debate nacionalista obsérvase interese por variar, por atraer xente que sen necesidade de levar un silo enriba aporte enerxías desde o entorno. A pesar diso, algunhas declaracións seguen decantándose polo vello estilo. Porque a Manuel Mera non hai que dicirlle que discuta a súa proposta de demisión de Beiras nos órganos da fronte, nin hai que dicir que Beiras é intocábel, nin imprescindible, nin outras cousas que denotan un forte hermetismo aparatista e pouca precisión no debate. Efectivamente, Mera pode opinar libremente e usar a súa capacidade para influir cando e onde queira. É totalmente lexítimo. Outra cuestión é que Mera estexa atinado pedindo a demisión de Beiras. E non o está. Dito con franqueza, ten máis pinta de empurrón inxusto que doutra cousa; inxusto por falta de ponderación e porque destila as formas que noutras horas levaron a encontronzos inútiles. Dos inexpertos que eramos. Non é así, non pode ser así. Moitos pensamos que Beiras non está en absoluto no seu lugar magnificando a Manuel Fraga, pero as organizacións deben saber renovarse e cambiar de maneira aquilatada. Xosé Manuel Beiras aportou moito ao nacionalismo e oxalá o siga facendo. Ao matizar a crítica neste escrito non se trata de apuntarse a esa moda flácida da intelctualidade galega consistente en mostrar nada porque todo monstrea, esa tendencia a evitar a polémica, como se a sociedade non fose conflito. O que ocorre é que a discusión debe servir para construír. E de construír e traballar pola unidade Mera sabe moito. ♦



De esquerda a dereita, Iago Negueruela, Laksmy Irigoyen, Xandra Santos, Marcos Maceira e Iria Aboi.

A. PANARO

Falan cinco estudantes do grupo de 50 que denunciou o rector da Universidade de Santiago

‘Criminalizar o movemento contra a LOU era a única maneira de paralo’

P. BERGANTIÑOS

Participaron nas manifestacións contra a LOU igual que milleiros de universitarios, pero agora enfróntanse a penas de cadea por delitos tan graves como o de sedición. Cinco estudantes, dos 50 que denunciou Darío Villanueva, por ocupar o Rectorado e interromper un Claustro, dan conta da súa situación.

A denuncia que pode implicar penas máis duras é a que se refire á interrupción do Claustro do 18 de Decembro. Están chamados a declarar 25 estudantes pero non saben nin que delito se lles imputa a cada un, nin por que foron denunciados eles e non outros compañeiros. “Nas fotos do interior do Claustro que se enviaron como proba ao xulgado saímos moitos, ¿por que non se nos procesa a todos? –pregúntase Iago Negueruela. A selección foi totalmente arbitraria. Descoñecemos cal foi o criterio que utilizaron e tampouco se achegaron probas”, engade. “A min nomeáronme na Xunta de Goberno da USC como unha das persoas que participei nesta protesta, sen embargo non aparezo na denuncia”, indica Iria Aboi, que si terá que acudir, igual que Negueruela, a un xuízo de faltas por ocupar o Rectorado días antes.

Menos afortunadas son Xandra Santos e Laksmy Irigoyen, dúas das catro persoas que aparecen en ambas denuncias. “Eu fixen o mesmo que outros compañeiros que non están denunciados –di Laksmy Irigoyen. Pedir a demisi-

ón de Darío Villanueva polas cargas policiais e lanzar panfletos. Logo, os estudantes que son membros do Claustro desplegaron unha pancarta. Nada máis. Na persecución ao rector non participamos”. Xandra Santos é unha das clausuradas e foi a encargada de ler o comunicado co que os estudantes pedían a demisión do rector. “É ridículo que denunciemos os que incluso estábamos alí como parte do Claustro”, comenta. Ademais de sedición, que foi polo que procesaron o teniente coronel Tejero logo do 23-F, a denuncia mantén que os feitos poden ser constitutivos de delitos de ameazas, coaccións, detención ilegal, ixurias, calumnias, violación de dereitos fundamentais e liberdades públicas, atentado á autoridade, desordes públicas e ultraxe a emblemas.

Mermmar a oposición

“Desde o mes de decembro e as cargas policiais existe un intento de criminalizar o movemento contra a LOU e o Rectorado concentra o seu esforzo en dous inimigos, a *Asemblea de Estudantes*

e os CAF que o único que fixeron foi apoiar esta plataforma”, indica Marcos Maceira, outro dos acusados. “Na denuncia do Claustro –engade Iria Aboi– nomeáase os CAF, pero non outras organizacións que tamén estaban alí”. “Somos o grupo estudiantil máis representativo nos órganos de goberno da Universidade e levamos oito anos de oposición á política de Darío Villanueva. Acusándonos de radicais tentan mermar e desvirtuar calquera crítica ao actual equipo rectoral de cara ás eleccións que se celebran en maio. Sen que existan probas, a Universidade tamén decidiu que os CAF eramos os autores dunhas pintadas contra a LOU que apareceron no Campus e impúxonos unha multa de 9.000 euros. A persecución política é clara”, afirma Xandra Santos.

Os estudantes lembran que a ocupación de espazos universitarios é un dos recursos máis utilizados nas mobilizacións e que nunca se produciron represalias destas características. “Non é a primeira vez que se entra no Claustro e no Rectorado –di Mar-

cos Maceira. Sen ir máis lonxe, o curso pasado, cincuenta persoas estiveron pechadas durante catro días no Vicerrectorado de Estudantes para pedir catro prazos de matrícula. Daquela nin nos desaloxaron nin se chamou a policía”. Os peches nas facultades das tres universidades tamén nutriron en boa medida a campaña contra a LOU. Na Facultade de Filoloxía de Santiago estiveron 19 días. Houbo denuncias pero retiráronse”, lembra Iria Aboi. “Pero Darío Villanueva quere facer carreira política e penso que lle fastiou especialmente que tentáramos estropear a toma de posesión de Fraga e que se viran afectadas as súas relacións co presidente da Xunta” opina Xandra Santos.

No peche do Rectorado, o venres 14 de decembro, catro días antes da celebración do Claustro, a policía detivo un estudante e identificou outros 28, que están citados para un xuízo de faltas o 25 de abril. Entraron no despacho do rector sen problemas e pecháronse coas chaves que estaban colgadas na propia porta. “Só tivemos que atrancar unha porta

cunha cadeira de brazos. Para demostrar que non causáramos desperfectos, fixemos fotos nas que aparece un reloxo e un xornal do día”, di Laksmy Irigoyen. “Escollimos o Rectorado pola súa situación xeográfica. Ao día seguinte ía producirse no Obradorio un acto cesarista con Fraga e só queríamos amosar unha pancarta desde o balcón para pór de manifesto que a universidade estaba en loita. Tentamos negociar co rector, que ata o momento apoiara as protestas, pero non tivemos éxito. Ofrecemos marchar a maioría e que, para despreñar a pancarta, quedara un grupo pequeno cun garda de seguridade, pero Villanueva non aceptou”, conta Iago Negueruela. “A única violencia dese día foi a da policía”, engade Laksmy Irigoyen.

“Eu e outra compañeira non chegamos a entrar no despacho, pero tamén fomos identificadas pola policía. Estivemos todo o tempo no corredor co rector e varios vicerrectores. Eles viñan recoñecer que o problema era o acto do día seguinte e xa daquela nos ameazaron coa expulsión”, sinala Maceira. Cando chegou a policía, os pechados puideron ver desde a ventana como os axentes “mallaban nos compañeiros que se concentraban na praza. Pedimos dez minutos para valorar se desistíamos co peche, pero a policía entrou igual polo balcón escuchando a porta cun mazo. Estabamos sentados no chan, coas mans na cabeza. Sacáronnos arrastras e detiveron a Sino, que lle estaba contando a unha radio por teléfono o que sucedía. Logo producíronse varias cargas”, narra Xandra Santos. “Para evitar que a xente se organizase, o rector ordenou que esa tarde se pechasen todas as facultades”, engaden.

Ademais das denuncias no xulgado, o estudantado tamén se enfrenta ao ditame e ás posibles sancións dunha Comisión de Decanos, nomeada pola Xunta de Goberno da USC que investiga o acontecido. “O regulamento polo que nos poden expedientar é do ano 1954 e a falta máis grave que recolle é atentar contra a universidade, a moral e a fe católica –explica Iago Negueruela. Pero ese mesmo regulamento, engade, tamén recolle como falta grave que o reitor incite á mobilización e Darío Villanueva publicamente estimulou a loita contra a LOU e dixo que ía respaldar as mobilizacións. De aplicar a lei, que se aplique a todos por igual”.

Agora, o estudantado traballa na campaña de solidariedade. Máis de 220 profesores asinaron xa un manifesto solicitando a retirada das denuncias. Da defensa conxunta vanse ocupar advogados da CIG e o proceso é probable que se alongue no tempo. “O rector estivo en contra da LOU mentres lle beneficiou. Cando as mobilizacións o prexudicaron cambiou de criterio. Villanueva remata o seu paso polo Rectorado igual que o empezou hai oito anos –di Xandra Santos. Tratando os universitarios como delinquentes. Estreouse autorizando a entrada da policía no Burgo, na loita polas residencias universitarias e volve facelo agora”. “Criminalizar o movemento contra a LOU era a única maneira de paralo”, sentencian un compañeiro. ♦

A especulación na Zona de Respecto coincide coa área arqueolóxica

O xacemento romano descuberto no Casino Vello de Tui deturpado por obras próximas

GUSTAVO LUCA

O importante xacemento romano descuberto no solar do Casino Vello de Tui dá toda a razón ao veciños cando denunciaron que as obras deberían contar cun informe de Patrimonio. O Goberno municipal xa estaba acusado de prevaricación por esta licenza que incumpria todas as prescricións legais. Calzadas, lares e canalizacións confirman a existencia dun amplo entorno arqueolóxico deturpado por outra obras recentes. Por exemplo, a da casa á beira do Casino, administrada pola empresa *Dizque S.L.*, da familia do conselleiro Xan Miguel Diz Guedes.

O Xulgado 2 de Primeira Instancia de Tui sinalara en Febreiro pasado que a licenza para obrar sobre este edificio centenario desafiaba a lexislación básica da Autonomía e do Estado e ignoraba todos os protocolos de salvagarda do patrimonio. Ao criticaren os veciños o tripar das escavadoras sobre os alicerces do Casino Vello, a propia alcaldía transmitira a especie de que contaba co permiso da dirección xeral de Patrimonio da consellería de Cultura, algo que negaría terminantemente no Xulgado o responsable deste departamento da Xunta, Anxel Sicart. Unha licenza reservada, confidencial, indestruíbel e carente de toda formalización, como compre ao código caciquil, e cuberta polo seguro dun desmentido fulminante no caso de que prospere unha denuncia. Non por iso morre a dúbida sobre a deserción institucional da dirección de Patrimonio a respecto dunhas obras que proseguían a impopular especulación sobre o centro urbano. O xardín traseiro do Casino xa fora segregado no ano 1991, a pesar da prohibición clara de parcelar, agregar e incrementar volumes dentro de áreas catalogadas coma Ben de Interese Cultural. Patrimonio actúa intensamente en casos menores pero ignora os grandes asaltos da especulación.

O ex-alcade Capón Rei asegura que o actual Goberno municipal non podía ignorar que tanto na chamada Zona de Respecto como na Zona Histórica estaba prohibido aumentar volume. Unha observación que irrita ao alcalde actual Antonio Fernández Rocha, a conta de agravios urba-

nísticos anteriores, pero que non o libra de responsabilidade pola licenza concedida aos promotores do edificio *Beira Miño* despois de Patrimonio abrir expediente á primeira fase das obras.

O maior espolio

Ao ripar as calzadas do Casino Vello, aparece o fundamento romano de Tui pero queda tamén á vista un ensarillado caciquil que está a executar "o maior espolio de solo, subsolo e patrimonio edificado de interese cultural do País", segundo se expresa na denuncia dos veciños. É ilegal a actuación sobre o Casino e ao mesmo tempo aparece como totalmente irregular o volume que os promotores esperaban gañar na parta traseira do vello edificio; carece de legalidade o edificio *Beira Miño*, que no de agora investiga a Xustiza, e o edificio *Kiwi*, o *Edificio Centro* ou o que nestes días se constrúe, despois de derrubar dúas casas e un alpendre, no solar que aínda se coñece polo nome da *Cafetería San Telmo*, no encontro da rúa do Foxo coa de Rosa Vaamonde. No baixo deste edificio había un estacionamento que administraba o pai do conselleiro de Agricultura Diz Guedes.

Todas estes talladas da especulación marcan o plano do centro arredor de intereses coñecidos. A Alcaldía moveu a delimitación da zona de respecto BIC (Ben de Interese Cultural) sobre a rúa González Besada para permitir un arbitrario incurso que agregase o solar da *Cafetería San Telmo* no que aparece o interese da familia do conselleiro.



O importante substrato arqueolóxico aparecido na obra do Casino Vello, esténdese a área máis macizada do BIC. PACO VILABARROS

Varias destas obras están adxudicadas ao inmobiliario *Marvil*, no que figura como administrador o concelleiro de Urbanismo polo PP no concello de Tomiño, Fernando Otero.

O alcalde Fernández Rocha admite que promoveu licencias na zona de protección urbana a partir da probación do PXOU de 1995 e que só remite a Patrimonio os expedientes que no Plano Xeral teñen protección de fachada.

Pola contra, declarando na instrucción do caso que segue o Xulgado polo Casino Vello, o director xeral de Patrimonio sinala que o Conxunto Histórico de Tui está constituído pola zona histórica e a de respecto e ambas dúas son na súa integridade Ben de Interese Cultural. Polo tanto, toda actuación urbanística na área do BIC de Tui require o informe previo e vinculante da dirección de Patrimonio. ♦

Lugo

Como auga para chocolate

JAUREGUIZAR

Arrastra a cidade anos de problemas co suministro de auga. Problemas de competencias entre Confederación Hidrográfica e Concello poñen o pano de fondo, coa esperanza no encoro do río Narla.

Eles, en Oviedo, escusan de carexer botellóns de auga mineral.

Pero nós non. A rede separadora permitiría darlle un segundo uso a parte da auga recollida e evitar que o caudal se sumase ás residuais no seu camiño cara á

depuradora. Resulta obvio que, a menos materia a limpar, máis clara se presentaría a auga nos domicilios. Alegan os da Confederación que ese segundo uso é innecesario por gozar Lugo con abundosa auga pluvial. O lamen-

tábel é que a cidade pode ser penada a non dispor dese servizo porque o Concello, perante a súa falta de función, podería renunciar a seguir construíndoa. O concelleiro de Medio Ambiente, Marcos Cela, analiza estes días o asunto cos responsábeis do organismo estatal.

O encoro que se empezou a albisar estes días no Narla pode aclarar un chisco estas augas malia carecer aínda de prazos e dotación, tamén de estudio de impacto ambiental. Nun principio, ese caudal sería máis limpo porque o cauce dese río áchase libre de núcleos de poboación lordenos nas súas beiras, pero, aínda así, faltaría por establecer unha alternativa ao sistema de cloración actual. ♦

En Bilbao din que a champaña é a súa auga; en Lugo, o chocolate mana polas billas. Levamos ben de anos escoitando que agora si, que estas obras son definitivas, que desta volta acabáronse as augas toldas. Pero a auga corrente da cidade teima en particularizarse e non ser nin insípida nin incolora. Os gobernos municipais que se veñen sucedendo nas últimas épocas non deron resolta o asunto e agora a Confederación Hidrográfica axuda a que sigamos dispoñendo de auga rica en minerais e en porcallada. Malia contar a cidade con varias zonas nas que se poden separar augas de choiva e augas residuais, os confederados negámanse a que se lle dea utilidade a tal avance por entendela innecesario.

Traballo e emprego

M^ª PILAR GARCIA NEGRO

‘IM áis recursos, menos cursos!’, “Máis emprego, menos traballo”: lemas, dos máis exactos e afortunados, que acompañaron a manifestación do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres. Falarmos de política feminista —ou, como gostaría dicir a escritora portuguesa Lúcia Jorge, “mulherista”— sería falarmos de palabras maiores. Podemos falar, a rentes do chao, de política de mínimos anti-discriminatorios ou de mínimos que despenalicen a condición feminina. Non existe tal. Se nalgo o capitalismo amosa a súa face verdadeira e deixa ao descuberto os seus intereses reais, se nalgunha materia económica e social o tartufismo paternalista se fai a cada paso máis insustentable, é especialmente na política de “protección” dos dereitos das mulleres e da súa tendencial igualación social. De cada 100 horas de traballo non remunerado, 80 son femininas. De cada 100 horas de traballo pago, só 31 pertencen a mulleres. O traballo, portanto, non o emprego, é, aínda, maioritariamente feminino, só que non contabilizado, non cuantificado, non retribuído, e cunha persistencia tradicional (ista) que tanto convén para os poderes públicos aforraren miles de millóns de euros en servizos sociais, sanitarios, educativos e un longo etcétera dese mal chamado traballo doméstico. É ben certo que o sistema que se permite falar de “políticas sociais” (¿o raposo que “atende” as galiñas?) non paga os seus gastos, só cobra: non paga os recursos naturais que destruí ou emporca, non paga os ríos que contamina e inutiliza, as árbores que corta, o ar que polui...; tampouco non paga a reprodución da forza de traballo, porque para iso xa están, como sempre, as mulleres que a garantan e perpetuen. Por certo, recentemente, o secretario de Estado da Seguridade Social lembraba que as pensións de xubilación estarían garantidas até o ano 2015 grazas ao traballo asalariado das mulleres. ¿Dupla ou tripla xornada até cando? ¿É esta a “conciliación” da vida laboral e familiar? ♦

Unha semana para celebrar a loita feminista

A.N.T.

Entre lusco e fusco foi o momento que escolleron varios milleiros de mulleres para despedir cunha manifestación en Santiago, o sábado 9 de marzo, o programa de actos celebrados no país durante toda a semana con motivo do Día Internacional da Muller. Esta última cita estaba convocada polas diferentes organizacións feministas, sindicais e políticas integradas na coordinadora galega da *Marcha Mundial das Mulleres*, que este ano escolleu o lema "As burkas están en todas as partes".

Durante o propio 8 de marzo, celebráronse concentracións en todas as cidades, pero a convocatoria máis numerosa foi a que xuntou mulleres de todo o país en Santiago, ao día seguinte. Nesta cidade, ademais da programación institucional, durante toda a semana tamén se fixeron actos simbólicos para feminizar o ruído. A mobilización convocada pola coordinadora da *Marcha Mundial das Mulleres* –que desde hai tres anos une as reivindicacións feministas dos cinco continentes– saíu da Alameda e rematou na praza de Cervantes, onde tomaron a palabra varias participantes.

Rosa García, de Pontevedra, referiuse á "estética que se lles intenta impor ás mulleres" en moitos casos, incluso, con tratamentos de dor, riscos e mortes, pero que supón beneficios enormes para as clínicas legais e clandestinas. Lembrou que cada vez son máis os casos de bulimia e anorexia en idades de crecemento e alertou sobre a moda de regalar polo aniversario ou remate de estudos unha operación cirúrxica. Fronte a estas imposicións reivindicou o dereito a gozar do corpo, a construír a propia imaxe sen normas establecidas. "Reivindicamos –engadía– a beleza de valorar a diversidade".

Tamén subiron ao palco a emigrante retornada Luz Fandiño, que obsequiou as presentes cun poema, Susana, que retratou a situación das presas, Mari Luz, como representante das mulleres inmigrantes, e Anxos Barreiro, que lembrou a dobre discriminación que padecen as mulleres xordas. Da situación das máis mozas falou Cristina, que denunciou a existencia dunha educación sexista desde o nacemento, as agresións físicas e psíquicas, os altos índices de paro e os baixos salarios. Poñía o punto e final en representación da Coordinadora, Victoria Igrexas, que se referiu ao significado do lema escollido para esta convocatoria. "O sometemento das mulleres e o integrista non son patrimonio do Islam senón do patriarcado. En Afganistán as burkas serven para invisibilizar as mulleres de baixo dese manto de cor azul e bordados preciosos –dixo. As mulleres convértese en sombras sen rostro de igual forma na nosa sociedade. O amor e a abnegación son ricos bordados que adornan as burkas da familia, do traballo doméstico, da dobre xornada e dos malos tratos". ♦



A CIG enfatizou as figuras do Monumento ao Traballo de Vigo para feminizalo, alomenos por unhas horas.

GUSTAVO RIVAS

XURO VARIABLE

Préstamos Personais 2002

LÉVEOS

5,50%

XURO NOMINAL PARA O PRIMEIRO ANO

5,86%

TAE.*

* TAE: 5,86% (calculada para un préstamo de 4.500 euros, (0,9114 €/ano) e 10 anos, dividida grazas ao límite para a primeira anualidade do préstamo. Exclúese o 2% (Comisión de apertura) e 1% (comisión de 300€ euros (3.000€ plus). Comisión de cancelación 1%. Imposta máxima 5000€ euros (3.314,30€ plus). O límite máximo para a TAE é o 100% (100% do préstamo). Para máis información, véxase a web www.caixaagalicia.es

Chámenos: 902 12 13 14

CAIXA GALICIA
WWW.PRESTAMOS.PA



As plantas machucadora e de chapapote están a funcionar na actualidade.

Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

Construída sen autorización aínda que o concello de Cabanas consinte o seu funcionamento Unha planta de chapapote ameaza as Fragas do Eume

HORÁCIO VIXANDE
Senllas plantas, unha machucadora de pedras e outra de chapapote, construídas sen autorización no lugar de Panceira, no concello de Cabanas, ameazan a entrada ás Fragas do Eume. O concello está a permitir esta situación.

Ambas plantas construíronse coincidindo coas obras de aneamento da estrada AC-141, que realiza *Arias Hermanos Construcciones, S.A.*, empresa tamén propietaria das instalacións. Aínda que esta compañía afirma que son de carácter temporal, os veciños temen que se empreguen para outras obras previstas en vís das proximidades.

As plantas están situadas nunha zona de protección especial, arqueolóxica e paisaxística no lindero do Parque Natural das Fragas do Eume, no seu extremo occidental, a trescentos metros de altura, sobre unha bacía de augas que vai dar directamente ao río Eume. Prevese que a consecuencia da actividade das mesmas haxa emisión de pos, ademais do vertido de augas contaminadas.

O concelleiro do BNG en Cabanas Xosé Manuel Pérez Sardiña denunciou que toda a actuación entra en contradición co Decreto 211/1996 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume e dixo que "o Decreto establece a protección especial dos terreos, por iso a lexislación non permite esta actividade".

En marzo de 2001 e coincidindo co inicio das obras da estrada AC-141, *Arias Hermanos* comezou a construír a planta machucadora de pedra, polo que o BNG solicitou unha inspec-



O concelleiro do BNG Xosé Manuel Pérez Sardiña reclamou que o concello faga cumprir o seu decreto de paralización.

ción urbanística. Finalmente, tras as denuncias, a Consellería de Medio Ambiente ordenou a paralización e o concello, con data de 23 de maio de 2001 promulgou un decreto de suspensión de obras e de reposición da legalidade.

O decreto non se cumpriu, a planta machucadora e unha de chapapote construída posteriormente están a funcionar na actualidade e en momento ningún se fixeron os informes técnicos para saber, como indicaba o decreto do concello, se as obras podían ser compatíbeis coa legalidade. En todo caso, cando estiveron a exposición pública as obras de aneamento de estrada e posteriormente cando se declarou o interese público desas obras non se incluíu a machucadora.

Solicitud de licenzia

O catro de xullo *Arias Hermanos* presentou unha solicitude de acti-

vidade da machucadora e para unha planta de fabricación de aglomerado asfáltico (chapapote), co correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia. Aínda así, este proceso é relativo ás actividades molestas, insalubres e perigosas, de modo que pasa por riba da etapa previa de determinar a posibilidade legal de localizar as plantas nese espazo protexido.

Sobre a non edificabilidade da zona e sobre o feito de estar situado o próximo a vivendas –menos de 2.000 metros, aínda que nos proxectos indicase erroneamente o contrario– aséntanse fundamentalmente as alegacións presentadas polo BNG a sellos proxectos.

As alegacións dos nacionalistas nunca se contestaron, pero o 8 de novembro da Comisión de Goberno do Concello de Cabanas informaba favorablemente os proxectos e trasladaba os documentos á Comisión Provincial de Medio Ambiente, que está a adiar a súa decisión. Curiosamente, o concello informou favorablemente aínda que sabía que as plantas están situadas no espazo protexido das Fragas do Eume. Precisamente esta circunstancia reconeceuna ante o Valedor do Pobo.

O concelleiro do BNG en Cabanas Xosé Manuel Pérez Sardiña explicou que *Arias Hermanos Construcciones S.A.* precisa das dúas plantas para faceren rendíbeis as obras de aneamento da estrada AC-141 e denunciou que a compañía presiona á Consellería de Política Territorial aproveitando o feito de que a Xunta débelle doce millóns de euros. O edil nacionalista tamén indicou que a Consellería forza ao Concello, rexido polo PSOE, "para que non esixa a paralización da actividade e a reposición da legalidade". ♦



O Parque Natural das Fragas do Eume creouse en 1996.

O Parque Natural en vía lenta

A Consellería de Medio Ambiente vén de anunciar un investimento de 408.000 euros na zona de Ombre, na entrada occidental do parque no concello de Pontedeume. Trátase dun proxecto para crear unha oficina de información e construír un portal de entrada. Pero fóra desta actuación, as intervencións da Administración para consolidar o Parque de momento son anecdóticas.

Entre a veciñanza subsiste a oposición a esta zona protexida porque, aseguran os nacionalistas, a regulación do parque entra en contradición coas actividades económicas que no mesmo se realizan desde antes da súa creación. Con todo, nalgunhas zonas vaise vencendo a resistencia.

"A Xunta tiña que favorecer o turismo rural na zona para que haxa traballo e contratar a veciños como vixilantes porque a mellor forma

de consolidar o parque é a reactivación económica da zona en base á súa existencia", indicou o concelleiro do BNG en Cabanas, Xosé Manuel Pérez Sardiña.

A Consellería de Medio Ambiente, por boca do seu xefe de prensa, Xoán Galle-

go, lembrou que "de momento os propietarios percibiron que era falso todo o que se dicía cando se creou o parque e en xeral non hai restriccións ás súas actividades. Hai que ir a modificación, hai moitas vantaxes para a zona, aínda que non

significa que sexa un maná". A Consellería lembrou que a simples existencia do parque permite a todos os gandeiros que moran nel acceder con prioridade ás ampliacións de cota láctea e que o feito de estar un vigor na área un Programa de Desenvolvemento Rural significa apoios moi importantes no plano económico. ♦

A Consellería de Medio Ambiente vén de anunciar un investimento de 408.000 euros

A.N.T.
 Non se trata dunha reforma lexislativa senón dun toque de atención a xuíces, avogados e fiscais. A *Carta de Dereitos do Cidadán ante a Xustiza* é un catálogo do que poderá dispoñer calquera persoa que teña que acudir aos xulgados. Ten o apoio de todos os grupos do congreso e pretende mellorar o funcionamento dos procesos xudiciais, ata agora, "lentos, caros e incómodos".



Un dos puntos da Carta de Dereitos dos Cidadáns contempla a posibilidade de exixir indemnizacións por "erros xudiciais ou funcionamento anormal" da Administración de Xustiza.

Os cidadáns terán dereito a que a documentación xudicial sexa comprensíbel Un libro de reclamacións para a Xustiza

O Congreso dos Deputados comprométese a facer un seguimento do cumprimento da *Carta dos Dereitos do Cidadán ante*

a Xustiza, que forma parte do Pacto do Estado pola Xustiza. O ministro Ángel Acebes aceptou xa o texto o 5 de marzo,

que será aprobado como proposición non de lei e posteriormente buscarase a sinatura das principais asociacións profesionais de xuíces e avogados. Os cidadáns poderán esixilo cando se vexan implicados nalgún proceso xudicial. Estes son algúns dos puntos que contempla:

nas linguas oficiais das comunidades autónomas.

ERROS XUDICIAIS

Un dos puntos máis innovadores é o que contempla a posibilidade de exixir indemnizacións por erros xudiciais ou funcionamento anormal da Administración de Xustiza. Estes casos tramitaranse, segundo a Carta, con "preferencia e celeridade".

ATENCIÓN PERSOAL

O cidadán ten dereito a ser atendido polo xuíz ou polo seu secretario. Tamén pode solicitar coñecer a identidade do funcionario que o está atendendo. Así mesmo pódese exixir puntualidade na celebración dos xuízos e, no seu defecto, que se den explicacións das causas dos atrasos. En canto aos avogados, están obrigados a informar ao ci-

dadán da súa minuta antes de ser contratado e os colexios profesionais teñen o deber de informar sobre as posibles sancións impostas a un letrado antes de requirir os seus servizos.

Procurarase evitar a comparecencia dos menores nos procesos xudiciais, aínda que os teñan "xuízo de abondo" deberán ser escoitados nas actuacións que lle afecten directamente. Calquera persoa con discapacidade, sexan cegos, xordos ou mudos, "teñen dereito á utilización dos medios que fagan comprensíbel a información solicitada".

INMIGRANTES

Para eles, a Carta contempla que teñen dereito a recibir unha "protección especial" da Administración de Xustiza para asegurar que comprenden perfectamente a trascendencia dos procesos nos que teñen que intervir. ♦

GARRINCHA



INFORMACIÓN PUNTUAL

A primeira parte do texto sinala que o cidadán ten dereito a recibir información transparente sobre o estado e actividade dos procesos pendentes. Este punto inclúe o acceso a toda aquela documentación de carácter non reservado. Ademais teñen dereito a que a documentación xudicial sexa comprensíbel aínda que conserve o seu "rigor técnico". Evitaranse "expresións intimidatorias innecesarias". Tamén se refire a Carta ao dereito a expresarse

Fútbol galego ¿U é?

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

O fútbol foi a miña ilusión na infancia e na adolescencia, cando naqueles anos as tardes dos domingos eran todas de Matías Prats, que distraía as horas nos estadios e nos campos, que por daquela tiñan nomes eufónicos de seu: Chamartín, Nervión, Mestalla, Heliópolis, Molinón, La Condomina, Balaidós, Riazor..., agás o patronímico de San Mamés: ese santuario de estirpe e de orgullo, por exemplo, a *catedral*. Sabíamos de memoria as alineacións e gardabamos os caricatos de Gaínza, Gento, Kubala, Segarra, Ramallets, Carmelo, Puskas, Luís Suárez, Di Stéfano... que viñan na cuberta das caixiñas dos mistos. Simpáticos futbolistas de cartón de riscar. E soñabamos fútbol galego, a esgalla, sempre nós.

Venme todo á memoria nestes últimos días, cando Kubala lampexa coa vida, tempera do balón do osíxeno, e saca un córner máxico desde o recanto dunha Uvi calquera. E na outra metade do campionato e dos estadios, a gromía mediática do arestora Dépor, Campián

da copa do Rei, segunda volta, a *Copa do Centenario madridista*: un orgullo, din, para A Coruña e para Galicia, eu digo seica. Cando neno e adolescente, o xogador húngaro do Barcelona convocábame a gardar aquel balón, facelo desaparecer dos ollos dos defensas bravichos (eu era o extremo zurdo na miña equipa da aldea) na procura do centro desde a liña ou do remate sen perdón para os porteiros. No Deportivo dos anos sesenta medraba a esperanza dun ronsel de fulgores: Amancio, Veloso, Loureda, Xaime Blanco... *Segunda, Primeira, segunda, primeira*: a cantiga do carronato, ou tal resignación. Tivo que aparecer pola Punta da Torre das furnas, no areeiro do Orzán, un home ousado, nunca historia, senón Lendoiro, para que o agora Dépor (no aforo silábico para o grito da victo-

ria) remonte Europa e o mundo nunha aureola de éxitos ao gallope. ¿Que tal fixo este Campeador?: Romper, tronzar os sonhos e os proxectos daquela miña, nosa infancia, cando Rodrigo Vizoso (¡parabéns e saúde, maestro!) nos berraba afoute, ilusionado, aos infantís que xogabamos no velliño campo, que hoxe tempera dos alicerces do Pazo dos Deportes da cidade da Coruña.

¿Que as malvado de copas gardaba o mercader para estes tempos? Laminar a carteira, ila desmerecendo, arredando os restos do naufraxio xuvenil nos rastros da segunda. Velá a culpa imperdoábel destas xestorías: conformar con xestos que non hai xente para este nivel, os galegos non valemos. ¿E cando Fran, vello e sociño, xa non poida coas cirolas, esbres, espiche, apague o lume de biqueira? ¡¡¡Carteira, só carteira, de fóra!!! Brada a gorxa aínda

quente dos seareiros apampados, ánimas pelegrinas que só ven a luz do relampo. Non importa xa que, coma nosoutros, nos anos sesenta, os rapaces soñen outras xeografías, cos nenos húngaros, que visten de Kubala, cos brasileiros das favelas, os arxentinos de Boca, rusos, balcánicos... de máis alá da nosa casa, convencidos de que *aquí non hai*. Penques de complexos na Coruña ¡¡¡e Vigo tamén!!! concelebraban os cómplices os proxectos de Lendoiro e Horacio: móllanse nas fontes, levitan, roncán felices. ¿Que será maña sen euros e sen nada?

Eu teño moito interese na Liga deste ano, no que os nosos transterrados futbolistas aínda fan en As Palmas, Mallorca, en Tenerife, en Málaga, Vallecás, Barcelona... ¡Ah, e no atletismo: Alexandre Gómez, nas illas Afortunadas! No balonmán de altura: tres equipas galegas de Asobal, en desamparo. E tantos outros. Fiasco, negocio, fume, garulos.

Galicia deportiva ¿en que maus de sono deixas a esperanza? ♦

O PP rexeita incluír os empastes na asistencia dental básica

Dentista de cabeceira para os menores de 14 anos

A.N.T.
Garantir aos menores de 14 anos unha asistencia dental básica gratuita é o obxectivo dunha iniciativa aprobada no Parlamento por unanimidade. Instase a Xunta á creación da figura do dentista de cabeceira e explicitase o catálogo de servizos a ofrecer. Esta asistencia seguirá sen comprender os empastes.

De seguir a Xunta a recomendación do Parlamento nuns meses os menores de 14 anos poderán acudir ao seu dentista de cabeceira e dispor dunha asistencia dental básica gratuita. A proposición non de lei explicita un catálogo de servizos a ofrecer polos odontólogos dos SERGAS que até o de agora non existía. Comprenderá, fundamentalmente, unha revisión anual, atención de urxencias, extraccións e selado de fisuras ou fosas nas pezas non permanentes.

Ademais dos empastes a rede pública tampouco asume o custe das ortodoncias, agás nas persoas con discapacidades psíquicas ou físicas, ou o que é o mesmo, as que os profesionais conside-

ren que non son estéticas. As medidas aparecían recollidas nunha enmienda de modificación do PP á proposición non de lei presentada polo PSOE, que si incluía os empastes.

O deputado do PSOE Francisco Cerviño, encargado da súa defensa explica a importancia da iniciativa, malia os cambios. "O problema até o de agora é que existía un dereito non exercido porque o número de odontólogos na rede pública era moi escaso. A creación dun dentista de cabeceira e explicitar o catálogo duns servizos que non se estaban ofrecendo de maneira universal é fundamental e pode pemirir cambiar os hábitos, educar en saúde", explica. ♦



Tratamentos como ortodoncias, habituais nas crianzas, non se cubren agás en casos de discapacidades físicas ou psíquicas.

O etimólogo Joan Coromines afirma que o verbo *botar* ten actualmente en galego un uso amplísimo que fai desta palabra unha das básicas da nosa lingua. Efectivamente, se consultamos os dicionarios poderemos constatar a súa ampla gama de significados e de usos, e se examinamos un manual de fraseoloxía como o excelente *Así falan os galegos*, de Carme López Taboada e M^a do Rosario Soto Arias, atoparemos máis dun cento de expresións formadas con el.

A palabra é de orixe xermánica e pasou ao galego e outras linguas románicas dende o francés antigo. Pero, de todas elas, é probablemente na nosa lingua onde maior arraizamento tivo. Mesmo máis que en portugués.

A palabra xermánica significaba "golpear, empuxar" e ao se espallar estendeu largamente o seu campo semántico:

co: "poñer, medrar, lanzar", etc. Nalgunhas linguas a súa presenza non se consolidou e o verbo quedou reducido a usos específicos. Así no español de España (non no da América Latina que fai un uso máis amplo) emprégase só practicamente nun contexto de construción naval (*botar* un barco), ou co significado de "dar saltos", particularmente nun contexto de deporte e xogo (*a pelota que bota*), pois onde o galego usa *botar* o español xeralmente emprega *echar*. Pero o campo semántico do noso *botar* é máis am-

plio que o de *echar*; pensemos en frases galegas como: *botei media hora a esperar por el; botoulle outro piso á casa; botou vinte anos no Brasil; botouse fóra do choio ou o leite botouse*.

O español *echar* procede do latín *jettare* como o francés *jeter* ou o italiano *gettare*. Aquele verbo latino (co prefixo *de*) orixinou en galegoportugués *deitar* que ten significados sinónimos de *botar* como en *deiteime na herba* ou *a billa deita*.

O curioso é que o francés, despois de transmitir o verbo *botar*, perdeuno. E nin-

guén se lembraría del se non fose por algúns derivados como *boutade* "frase ou saída máis ou menos enxeñosa que se *bota* con intención polémica ou provocadora".

Por certo que *botón* "peza para abotoar unha prenda de roupa" —e por extensión "peza que se pulsa en distintos aparatos"— procede tamén de *botar* e é un sentido posterior e figurado de *botón* (fr. *bouton*) "gromo que *botan* os vexetais", significado tamén existente en galego.

E se o francés tivo un papel preponderante na difusión de *botar* (internacional no caso de *boutade* e de *botón*) tamén moi coñecido polo mundo adiante é o noso *botafumeiro*.

Non sei se o que levo dito pode parecer un *bota-bota* (confusión) ou se dou a impresión dun *bota por ela* (fato e presuntuoso). Vai ser mellor que pense no *bota-fóra*, é dicir, no remate, na despedida. ♦

O FÍZ DA LINGUA

¿Boutade?

HENRIQUE HARGUINDEY

A DEZ ANOS DA MORTE DE AVILÉS DE TARAMANCOS



Especial A NOSA CULTURA

A NOSA TERRA

Á VENDA EN QUIOSQUES E LIBRERÍAS

Aerportos

MANUEL CAO

Un debate inflamado de certas proclamas localistas ven de producirse arredor do grao de eficacia e rendibilidade do sistema de tres aeroportos (Labacolla, Peinador e Alvedro) existente en Galiza. A comparativa dos datos de transporte de viaxeiros e mercancías indica que os tres aeroportos galegos son superados polo portugués do Porto. Existe un realiañamento interno que tende a perxudicar a Labacolla e favorece, sobre todo, a Peinador que ha ser altamente negativo á hora de intentar unha concentración de obxectivos na potenciación dunha das terminais para tratar de competir a escala internacional. Non é fácil no noso país deseñar e aplicar estratexias que prioricen investimentos favorables ao conxunto aínda que non perxudiquen a algunha das partes. O minifundismo e a miopía local non existe tanto nas propias aldeas, hoxe valeiras, senón nalgunhas pequenas cidades galegas que parecen herdar este componente da mentalidade tradicional. Hai que dicir que noutras CCAA tamén se producen este tipo de comportamentos.

No caso dos aeroportos parece que a estratexia dos ratións competidores pode prevalecer sobre a transformación nun pequeno gato que podería cazar algo no mercado mundial do transporte aéreo e, sen embargo, os datos obxectivos e os intereses dos axentes clave na toma de decisións favorecería a opción da transformación. Dende o punto de vista do Goberno central – e os aeroportos son de competencia estatal – parece razoábel apoiar un gran aeroporto no Noroeste de España pois non é competitivo coa opción principal por Madrid-Barajas nin coas opcións secundarias principais de Barcelona, Palma, Málaga ou Bilbao-Vitoria. Nun amplo territorio que abarca Galiza, o Noroeste de Castela-León e Asturias podería existir un aeroporto de tipo medio para competir no tráfico internacional de mercancías e pasaxeiros dado que só Porto ofrece condicións semellantes para a mesma área xeográfica. No ámbito das decisións públicas, a opción pola terminal de Santiago-Labacolla conta cos principais argumentos favorables pola súa centralidade, nivel de infraestruturas xa acadadas no propio aeroporto, infraestruturas terrestres e marítimas suficientes para venciarse a un amplo territorio – e que se verán completadas con obras xa proxectadas de menor custo tales como as Autovías Transcantábrica, Santiago-Ourense, Santiago-Lugo – e redes de complemento nas grandes cidades costeiras e na comunicación con Portugal.



A. N. T.

“Nun amplo territorio que abarca Galiza, o Noroeste de Castela-León e Asturias podería existir un aeroporto de tipo medio para competir no tráfico internacional”

Dende o punto de vista da Xunta de Galiza e dos outros poderes autonómicos implicados non debería haber conflitos coa potenciación de Labacolla e o mesmo ocorrería cos poderes locais e provinciais, salvo os casos específicos de A Coruña e Vigo. Non é difícil entender o receo das dúas maiores cidades de Galiza obrigadas a defender o que é seu considerando que a aposta por un gran aeroporto acabaría penalizando o desenvolvemento e mantemento das súas propias infraestruturas. Na sociedade democrática todos os axentes deben participar e defender os seus intereses lexítimos pero podería ocorrer que o xogo de suma cero implícito no mantemento do *status quo* e na loita polas migallas fronte ao adversario local se transformara nunha mellora global para Galiza e o Noroeste da Península da que resultarían especialmente favorecidas as cidades de Vigo e A Coruña. A calidade e eficiencia das políticas públicas resólvese na toma de decisións concretas cos riscos e vantaxes asociados. O modelo incremental e a inercia é un método de decisión non cooperativo que prioriza o curto prazo, elude o risco e revela falta de ambición e de hábitos cooperativos e parece pouco aconsellábel no contexto de cambios continuos que implica a globalización económica e institucional. ♦



As instalacións de Tafisa á beira do Lérez teñen grande valor inmobiliario.

A. N. T.

Os traballadores abocados a prexubilarse **Tafisa prepara o peche en Pontevedra**

H.V.
Despois de anos de indefinición, Taboeiros de Fibra S.A. prepara o seu peche en Pontevedra, pero non para o traslado agardado, senón de forma definitiva. O concello anunciou que non se recalificarán os terreos.

Entre sindicatos, concello e Xunta, a clausura é un feito, aínda que o recoñecen coa boca pecha. A compañía propietaria, a portuguesa *Sonae*, como sempre, cala, a pesar de que a Xunta ofrece un terreo no concello de Barro para un traslado que xa nin Fraga discute.

Sonae sempre foi ambigua sobre un traslado que os pontevedreses reclamaban sen pór en cuestión a necesidade de continuidade da actividade, pero comezou a deixar esmorecer a fábrica cando, coa privatización de Celulosas de Pontevedra, tanto a Xunta como o Estado decantáronse contra *Sonae*. Aquele aceno considerouno o dono da corporación portuguesa, Belmiro Mendes de Azevedo, como unha deslealdade persoal de Fraga.

A partir de entón acentuáronse os enfrontamentos co concello, a Xunta e a Asociación pola Defensa da Ría e o concelleiro de Urbanismo da cidade, o nacionalista César Mosquera, chegou a dicir algo que xa está na mente do sector: “outra empresa ocupará o seu lugar na comarca”. De feito, a actividade de *Tafisa* ten demanda suficiente como para que se localice na bisbarra pontevedresa outra nova fábrica de taboeiros que aproveite as infraestruturas xa existentes.

En todo caso, na pasada semana *Tafisa* fixo unha parada técnica que a dirección atribuíu á necesidade de regular as existencias e nas últimas horas comezou a retirada de maquinaria lixeira e rescindiu o contrato coa empresa de seguridade que vivía as instalacións. Agora son os empregados da fábrica de taboeiros os encargados destas tarefas.

Destino dos traballadores

Outra cuestión é a sorte dos menos

de douscentos traballadores que hoxe ten *Tafisa*, case todos con idade avanzada. Estímase que *Sonae* ofrecería o traslado á súa factoría de Betanzos ou á de Linares, Xaén, pero é previsíbel que se neguen, polo que terían que acollerse a algunha forma de prexubilación.

Inda que o alcalde Miguel Fernández Lores avisou de que se non hai traslado a outra zona da comarca non haberá recalificación, o peche de *Tafisa* abre unha grande oportunidade de expansión da cidade de Pontevedra ás beiras do río Lérez. Os terreos de *Tafisa* son de milleiros de metros cadrados nun empenzamento que hoxe resulta céntrico, de tal modo que non se pode descartar tarde ou cedo unha iniciativa para urbanizar a zona. *Sonae* é un grupo de empresas que acentuou a súa vocación inmobiliaria cando se internacionalizou, de modo que en teoría trataría de aproveitar esta oportunidade. Queda por ver se en Pontevedra hai tanta demanda de vivenda e de locais comerciais como para xustificar unha operación de tan fondo calado. ♦

Pretende aceleralo ante unha inminente inspección da UE **A Xunta incumpre as medidas sanitarias do saneamento gandeiro**

H. VIXANDE
 A Xunta sacrifica os protocolos sanitarios básicos no saneamento gandeiro para acelerar o proceso, de forma que centra nas grandes explotacións as visitas dos veterinarios que subcontratou a través de TRAGSA e TRASEGA, unhas empresas públicas intermediarias. O obxectivo é conseguir que queden saneadas o maior número de reses aínda que a porcentaxe de explotacións saneadas sexa moi inferior. Isto contradí os principios básicos da sanidade animal, que establecen que non hai gando saneado, senón explotacións saneadas, xa que as enfermidades que

se combaten son contagiosas. A subcontrata de profesionais para paliar o baleiro deixado polos veterinarios despedidos está a provocar graves deficiencias no proceso de saneamento. Unha persoa contratada por TRAGSA non está investida de autoridade e non pode asinar actas nin facer diagnósticos, de modo que, unha vez localizado un animal cunha enfermidade contagiosa, TRAGSA ten que comunicarllo á Xunta para que envíe un veterinario da Administración. Como os funcionarios veterinarios néganse a acudir a facer diagnósticos porque iso non figura nas súas funcións, a Xunta recorre aos inte-

rin, os contratados para a campaña do sector cármico e os da campaña das vacas tolas, que teñen que abandonar a actividade para a que foron contratados.

A miúdo acontece que os veterinarios que envía a Xunta inspeccionan ao animal con atraso. Os protocolos oficiais indican que, por exemplo, teñen que pasar inescusabelmente 72 horas entre a inoculación da tuberculina e a lectura da proba e que debe facela o mesmo veterinario, pero nunca o fai a mesma persoa e ademais é habitual un atraso de 48 horas sobre as 72 horas indicadas. ♦

Hai trinta anos que a policía asasinou os traballadores Daniel Niebla e Amador Rei Os sindicatos celebran o 10 de marzo esixindo máis emprego e menos precariedade

A.N.T.

A CIG, CC OO e UGT-Galicia celebraron, cadaquén ao seu xeito, o trixésimo cabodano do Día da Clase Obreira Galega. O sindicato nacionalista esixiu mellores condicións de traballo e unha política económica máis social. As centrais estatais criticaron o neoliberalismo.

Entre o 7 e o 10 de marzo, os tres sindicatos con maior representación en Galicia mobilizáronse para lembrar que os motivos polos que morreron Daniel Niebla e Amador Rei aínda seguen vixentes na sociedade galega. Segundo os representantes dos traballadores, esta data chega nun momento no que a situación laboral está en claro deterioro ao tempo que as políticas sociais sofren un enorme retroceso na última década.

A CIG convocou manifestacións en todas as cidades galegas o 7 de marzo. O día 10 foi Ferrol o escenario escollido para a homenaxe aos mortos. As reivindicacións que o sindicato nacionalista elixiu para presidir as súas mobilizacións centráronse na precariedade laboral. A CIG entende que este é o maior problema da clase traballadora de principios deste século e esixe dos políticos unha atención especial ás condicións laborais para que os empregados deixen de perder poder adquisitivo ano tras ano.

Na manifestación de Ferrol, o secretario xeral da central, Xesús Seixo, alertou sobre os métodos subxacentes que emprega o PP desde o goberno para danar a clase traballadora. Seixo defendeu a folga xeral do 15 de xuño de 2001 e subliñou a contribución do sindicato que el dirixe na posta a prol dunhas máis dignas condicións laborais.

En Ferrol estiveron os alcaldes de Ferrol, Xaime Bello, e de Fene, Xosé María Rivera. Tamén estiveron presentes varios deputados e dirixentes do BNG.

Xuntos de novo

Despois dos últimos desencontros, a UGT e Comisiones Obreras acudiron xuntos á homenaxe do 10 de marzo en Ferrol. Nese contexto, o secretario xeral de Comisiones Obreras, José María Fidalgo, reclamou do goberno de José María Aznar un compromiso firme para alcanzar, antes de 2010, o pleno emprego. Esta esixencia fi-



Momento da manifestación do 7 de marzo en Vigo.

GUSTAVO RIVAS

xoa en concordancia co cumio de xefes de estado e de goberno que se vai realizar en Barcelona os vindeiros 15 e 16 de marzo.

Fidalgo criticou as medidas liberalizadoras do goberno español e acusou o ministro de Economía, Rodrigo Rato, de facer

reformas dos impostos que favorecen só os ricos. Durante a manifestación ferrolá, o líder de Comisiones tamén anunciou que se reunirá en Bruxelas con outros dirixentes sindicais para avaliar "a etapa negativa" da presidencia europea de Aznar.

Na manifestación dos sindicatos estatais asistiron tamén os secretarios xerais en Galicia de ambas as formacións, Xan María Castro, por Comisiones, e Xesús Mosquera, da UGT-Galicia. Nesta manifestación estivo o veterano político Santiago Carrillo. ♦

Agro

Os gandeiros, preocupados polos atrancos na obtención das axudas europeas

CARME VENCES

A burocracia fai ben complicado solicitar axudas europeas para o agro. Moitos gandeiros perden as subvencións por causa da lentitude dos trámites.

Os gandeiros de Galicia teñen problemas á hora de solicitar as axudas da Política Agraria Común (PAC). Dende a campaña pasada, estas solicitudes fanse nas entidades bancarias, feito que no seu día xa denunciaron as organizacións agrarias, ao considerar que iso traería consigo problemas. De feito, o tempo confirmou estes presaxios e moitos gandeiros tiveron que ir ao banco e despois volver á axencia de extensión agraria correspondente a corrixir o seu expediente para non quedar sen axudas.

Este ano o problema agrávase porque cando os expedientes chegan dos bancos ás axencias de extensión agraria, non son tramitados porque o programa in-

formático facilitado pola consellería de Agricultura non funciona, os expedientes, simplemente, amoréanse nunha mesa. Este feito vai traer graves pro-

blemas para os gandeiros, posto que cando solicitan a prima por dereitos de vacas nodrizas, a normativa esixe cubrir o 15 por cento deses dereitos con xuvencas, e

aínda que o gandeiro tramitara no banco o seu expediente en tempo e forma, cumprindo este requisito, cando a axencia de rexistro de entrada a ese expe-

diente pode ocorrer que xa non cumpra ese requisito xa que algún deses animais xa cumprira os 24 meses, polo tanto quedaría fóra da normativa.

A todo isto, hai que engadir outros atrancos. Os gandeiros seguen sen cobrar as indemnizacións por vivir en zona desfavorecida, as chamadas ICMs, correspondentes á campaña 2001. Teñen que contratar seguros para retirar os animais que morren nas explotacións. As campañas de promoción son escasas. O mercado dos prezos da carne esta un 20 por cento por debaixo do ano 2000. As empresas do leite anuncian unha baixa de 7 pesetas durante os próximos meses. ♦

TEMPOS NÚMERO 58 MARZO 2002

ALERTA NO ENSINO

Condo aínda non se extinguiu a ruza-ruza contestataria do LOU, o Ministerio de Educación propón unha lei para revisar as ensinanzas medias. Nos artigos que presentamos faise unha análise daqueles perigos sobre os que pretende incidir o contraprograma educativo: estado de desenvolvemento do LOU, reválida, apertura da posibilidade de repetir curso, formación e status do profesorado, violación do cumprimento da lexislación por parte dos profesores... Ofrecemos ademais unha entrevista co Conselleiro de Educación, Celso Carrás.

TEMPOS

HOMOSEXUALIDADE E CRISTIANISMO. A saída do armario do padre Montero suscitou un debate social sobre as formas que a Igrexa impón respecto desta condición sexual. Presentamos unha análise da posición da Igrexa acompañada dunha lectura dos textos bíblicos. Entrevistamos a Fco. Lopes, coordinador da asociación viguesa Legos, e organizador da marcha homosexual sobre Mondoñedo.

Apocalipse now. A ameaza cénese sobre o mundo coa declaración de cruzada contra o eixo do mal proclamada pola soberanía norteamericana.

ENTREVISTA
Federico Mayor Zaragoza.
Por unha cultura da paz

A ameaza da suspensión da Eurocopa 2004, tema estrela da campaña O centro-dereita de Durão Barroso, favorito nos comicios lexislativos de Portugal

*Bofa no
ecuador da
lexislatura*

C. LORENZO

Despois de que António Guterres se retirara para preparar o terreo para a súa volta á política no escenario das eleccións presidenciais de 2004, arestora os portugueses deben escoller o seu novo primeiro ministro. O centro-dereita e os socialistas pelexan por gobernar o Portugal da Eurocopa 2004.

As enquisas apuntan a que os socialistas terán un revés electoral o próximo 17 de marzo. As sondaxes coinciden en sinalar o final da idade de ouro que comezará para o Partido Socialista (PS) en 1993. Pola contra, o Partido Social Democrata (PSD), liderado por José Manuel Durão Barroso, é claramente favorito, non só polos seus méritos particulares senón polos graves erros dos seus adversarios políticos.

Contodo, o PS pode dar a sorpresa. O seu novo líder, Eduardo Ferro, superou todas as dificultades que atopou no camiño e resgatou o seu partido da agonía na que vivía desde decembro —cando o fracaso nas eleccións locais— e espertou un tanto as consciencias dos votantes socialistas, alarmados por algunhas declaracións do rival Barroso.

Nas vésperas da cita electoral, os índices de prospección de voto sinalan que o PSD garda 7 puntos de vantaxe sobre o PS, aínda que esta cifra non parou de minguar desde o inicio da campaña. Sabedor das súas moitas posibilidades de vencer, Barroso intensificou o traballo para convencer os votantes de que a mellor opción é un goberno seu, mais un goberno con maioría absoluta que poida solucionar os problemas que deixou António Guterres.

A futbolización da política

A ameaza do fracaso da convocatoria da Eurocopa de fútbol do ano 2004 en Portugal centrou moito a actividade política desta campaña. A meirande parte dos dirixentes dos grandes clubs portugueses apoiaron sen reservas ora a Barroso ora a Ferro, procurando facer continuar no debate político a desputa de intereses entre os orzamentos públi-

cos e as necesidades de investimentos dos equipos máis punteiros do país.

O presidente do FC Porto, Pinto da Costa, apoia os socialistas e entrou en lide co novo alcalde portuense, o socialdemócrata Rui Rio, ao non querer este respectar os acordos adquiridos polo seu antecesor en canto á remodelación do Estadio das Antas, escollido ademais para albergar o partido inaugural do Euro 2004.

En Lisboa, o presidente do Benfica, Manuel Vilarinho, erxeu gran poeira entre os afeccionados e traballadores do club, ao defender o PSD non no seu nome, senón no da entidade benfiquista. Moitos protestaron por esta adscrición do vello equipo da aguia a unhas determinadas siglas políticas.

A dimensión da polémica futbolística foi tal que o propio presidente da República, Jorge Sampaio, tivo que intervir para calmar os ánimos e recordarlles a todos eles que teñen un compromiso coa organización do campionato de seleccións euro-



Os dous candidatos á presidencia, Durão, á dereita, e Eduardo Ferro, saúdanse no Parlamento.

peas. Sen saber aínda se se van cumprir os prazos de realización das obras pendentes, socialistas e centrodereitistas puxan por con-

vencer o mundo do fútbol que, baixo o seu gabinete, o Euro 2004 está a salvo. ♦

Malos tempos para as minorías

Para as formacións minoritarias, especialmente as de esquerda, o panorama non é nada alentador. A bipolarización afectoulles moito nestes últimos meses e a conversa máis recorrida entre todos os partidos pequenos é a do enorme medo ao voto útil.

Pola dereita, o Partido Popular parece convencido do triunfo do PSD e só espera converterse en grupo de eixo e conseguir un acordo con Barroso, ben para un cogoberno

ou para un acordo parlamentario estábel. Na esquerda, o Bloco de Esquerdas e o Partido Comunista Portugués (PCP), encadrado na Coalición Democrática Unitaria (CDU) —xunto cos Verdes— loitan por convencer o electorado da necesidade dunha política menos apegada á doutrina do neoliberalismo.

A CDU teme, con razón, que se estenda a pantasma das eleccións locais, cando os comunistas reduciron os seus vo-

tos incluso nos seus máis importantes feudos, coa perda de 13 concellos. Nesta queda libre, tivo moito que ver a restra de erros acumulados nos últimos tempos, que o sector crítico do partido atribúelles aos seus dirixentes. Notorías foron as diferencias entre o deputado crítico João Amaral e o secretario xeral do PCP, Carlos Carvalhas, unha liorta interna que está a pesar moito no desenvolvemento de toda a actividade política comunista. ♦

Bilbao

Aznar non chegou a Idaho

DANI ÁLVAREZ

O estado norteamericano de Idaho aproba un texto a favor do cese da violencia e da autodeterminación do pobo basco. As presións da Moncloa non conseguiron deter a iniciativa.

Fóra de Euskadi non pode dicirse que Euskal Herria sofre un conflito político anterior á existencia de ETA, un problema que vai máis alá dos actos criminais. Se iso ocorre, o discurso de Aznar pode fraquear nun momento no que a súa colaboración con Bush tras o 11-S parece inque-

brantábel. E nesas estábamos, cando Moncloa comezou a mover os fíos. O primeiro paso, movilizou ao embaixador, Javier Rupérez, para que se dirixira á Casa Branca coa intención de transmitir a orde de paralisar esa iniciativa, porque “non nomeaba a ETA”. Ese era o argumento de

Rupérez quen, por certo, se refería a Euskadi como “unha rexión”. Ese é concepto que ten o PP do Estado español, todo o contrario ao o que é, plurinacional. A pesar de todo, o texto saíu adiante.

O que levaba algún tempo sen alporizarse era Jaime Mayor

Oreja. Pero o ex ministro do Interior cando volve, faino con máis forza que nunca. Desta vez fíxoo para chamarlle “chulo” e “listillo” ao Conselleiro de Interior Javier Balza. O motivo é que na última reunión da comisión de seguridade, na que participan todos os partidos bascos e as institucións, Balza dispuxo unha silla para o representante do Ministerio do Interior. Silla que nin guén ocupou, porque para Rajoy a seguridade dos edís é “unha festa do PNV”. Certo é que Rajoy tivo a ben rectificar, pero máis certo é que as sillas colócanse sempre baleiras, e se baleiras fican é porque os convidados non acuden. ♦

Cese da violencia, proveña de onde proveña, como premisa previa, diálogo e autodeterminación. Son os tres peares dunha proposta que o Senado de Idaho aprobou para instar ao Goberno de Bush a que se implique na solución pacífica do conflito basco. Un texto elaborado polo senador David Bieter coa axuda de Pete Cenarrusa, secretario de Estado de Idaho, e de orixe basca. Os senadores deste Estado votaron a favor da mesma, todos sen excepcións, republicanos e demócratas. Pero que no exterior se vexan interpretadas distintas ás que dá o PP fíxo saltar todas as alarmas na Moncloa.

O movemento antimundialización propón un amplo programa de actos pacíficos

Aznar blindo o Cumio de Barcelona e tenta criminalizar as manifestacións

C. L.
O presidente do goberno español, José María Aznar, optou por converter Barcelona nunha fortaleza policial. O Cumio Europeo que se reunirá na capital catalana entre o 15 e o 16 de marzo terá enfronte unha ampla mobilización que esixirá unha "Europa dos cidadáns, non do capital".

Os barceloneses son os principais afectados pola política de seguridade do goberno español. Temeroso de actos violentos, a policía fechará durante os días do cumio a Avenida Diagonal, principal arteria do tránsito na cidade e dificultará a liberdade de circulación dos que queiran achegarse ás inmediacións do Palacio de Congresos, sede das conversas entre os xefes de estado e de goberno dos países membros da Unión Europea.

Abafado pola pantasma de Genoa, Aznar decidiu aplicar a fórmula santiagoense ao cumio. Axentes escrutan nos sumidoiros, os francotiradores toman os áticos e todo o ambiente da cidade respira a véspera de algo tráxico.

A iso axudou a declaración do presidente europeo de quen, cando criminalizou todas as mobilizacións antimundialización, por consideralas erradas e atribuírlas só o protagonismo de incluíren representantes de Batasuna. O líder do PP utilizou tamén o cumio para crear contradicións dentro do PSOE. "Haberá socialistas dentro do cumio e outros estarán fóra manifestándose. Iso será algo que terán que explicar os dirixentes dese partido".

A axenda

A reunión dos dirixentes europeos en Barcelona ten moitos asuntos



● Goberno español restaurou o control fronteirizo con Francia, unha medida incompatíbel co Tratado de Libre Circulación de Persoas da UE.

riscados na axenda. O anfitrión Aznar quere darlle preminencia ás liberalizacións dos mercados da electricidade e do gas. É neste tema no que se pode apalpar a contraposición entre o eixo Londres-Roma-Madrid e a alianza entre Francia e Alemaña. O primeiro ministro galo, Lionel Jospin, pretende manter controlados estes dous sectores estratéxicos para evitar, por unha banda, o pacto oculto sobre os prezos, e pola outra, a suba descontrolada das tarifas.

O que parece que sairá aprobado de Barcelona é o ceo único europeo, unha normativa común que axilizará os sistemas de tránsito aéreo nos quince países. Esta vella reclamación logrará unha administración máis racional

dos aeroportos e o final dos caos nas terminais máis conflituivas.

Outro punto de desencanto está no papel de Europa nos programas de desenvolvemento dos países máis pobres. O ministro español de Exteriores, Josep Piqué, tentou comprometer todos os países na proposta de destinar o 0,34 por cento do Produto Interior Bruto ao Terceiro Mundo, pero fracasou. Alemaña negouse, aludindo aos seus problemas orzamentarios e outros, como Holanda ou Suecia xa destinan unha maior taxa dos seus ingresos anuais.

O contracumio

Os medios máis importantes, ao tempo que critican a unión de si-

glas en barullo nas manifestacións antimundialización de Barcelona, insisten sempre en que a esquerda, unha vez máis, chega dividida. O certo é que son varias as propostas que conviven no chamado contracumio, que pretende ser vehículo das protestas cidadás contra o proxecto europeo que se está a xestar.

A mobilización máis importante vaíse facer baixo o epígrafe do Foro Social de Barcelona, que conta coa presenza dos partidos de esquerda, organizacións como Attac e diversos colectivos, desde os católicos que queren acabar coa débeda externa ata os ecofeministas. Na manifestación que preveu o Foro contará coa presenza do líder dos socialistas

cataláns, Pasqual Maragall.

As outras dúas convocatorias paralelas retínen os anarquistas do Black Block e os grupos independentistas, respectivamente. A policía acusou a estas dúas mobilizacións de preparar actos vandálicos. Xustamente para impedir que se relacione o contracumio coa violencia, os colectivos acordaron destinar 500 persoas ao control de seguridade das súas mobilizacións e actos culturais, especialmente en previsión de actuacións de policías infiltrados. Aínda permanece na memoria dos grupos alternativos a manifestación en Barcelona contra o Banco Mundial na que varios axentes romperon trinques enmascarados, tal e como despois se demostrou. ♦

Aquí fóra

Flocos balcánicos

XULIO RÍOS

Arrecia o debate sobre o futuro de Montenegro. O presidente Djukanovic insiste en propoer a celebración dun referendo sobre a independencia para a próxima primavera, aceptando unicamente con carácter transitorio unha Unión renovada con Serbia, cualificada de funcional por algúns, sen máis fio común que a representación internacional e sempre que Belgrado admita a posterior celebración da consulta e os seus resultados.

Podgorica, que atopara comprensión exterior para as súas demandas independentistas en tempos de Slobodan, non quer ser vítima agora da defenestración de Milosevic. Pola súa banda, Bruxelas, co líder serbio na Haia e sometido a xuízo, anda con presas para configurar unha nova Unión iugoslava que, sobre todo, eluda o escenario dun Cosova independente que sería dificilmente evitábel de consumarse a secesión montenegrina. Así llelo fixo saber Javier Solana, Mister PESC, aos principais dirixentes da zona na súa recente visita pola rexión. Segundo explicaba Solana nun artigo publicado o pasado 22 de febreiro no diario Vijesti, Serbia e Montenegro poderían formar unha Unión onde as dúas Repúblicas compartiran responsabilidades comúns (defensa, asuntos exteriores, comercio e integración europea), nun

contexto de autogoberno xeneroso. Unha paridade absoluta e un sistema de turnos en todo tipo de institucións internacionais evitaría o dominio de Serbia e establecería unha paréntese de cinco anos adiando a celebración agora da consulta popular.

Pero as posicións de partida non andan moi próximas e, sobre todo en Belgrado, están moi divididas. Paradoxalmente, os que abandeiraban o chamado discurso democrático para derrotar a Milosevic prefiren agora unha mesa de negociación á libre expresión da vontade cidadá. Para o primeiro ministro de Serbia, Zoran Djindjic, son imprescindíbeis un mercado e unha aduana común, pero Djukanovic, presi-

dente de Montenegro, non está disposto a renunciar ás conquistas dos últimos anos, en especial, a moeda e o control de aduanas. O presidente do Parlamento de Serbia, Dragan Marsicanin, partidario dun Estado único, rexeita a idea do referendo e o presidente de Iugoslavia, Kostunica, móvese na ambigüidade en tanto non se albisquen resultados no proceso de negociación aberto. Goran Svilanovic, ministro serbio de asuntos exteriores falaba en Copenhague dos lazos de negociación aberto. Goran Svilanovic, ministro serbio de asuntos exteriores falaba en Copenhague dos lazos de negociación aberto. Goran Svilanovic, ministro serbio de asuntos exteriores falaba en Copenhague dos lazos de negociación aberto.

‘Bruxelas anda con presas para configurar unha nova Unión iugoslava que eluda o escenario dun Cosova independente’

e Montenegro, máis febles, afirma, que os existentes entre os países da UE. O proxecto de Bruxelas, calificado de castelo no aire polo ministro de xustiza

serbio Vladan Batic, propón unha refundación en forma de Unión flexíbel que, certamente, convence a poucos. No fondo, os principais aliados das teses comunitarias e de Belgrado a prol da Federación, son os máis belixerantes coa vella oposición. O Partido Socialista Popular (SNP) de Montenegro, liderado por Prerag Bulatovic, é oposición en Podgorica e goberno en Belgrado por mor da cooptación de Milosevic para participar no executivo federal en lugar da formación de Djukanovic que xa entón demandaba a independencia. Numerosos altos cargos desa Iugoslavia pantasma son de orixe montenegrina, todos politicamente próximos ao SNP, como o actual ministro de Defensa, Velir Radojevic, que durante os bombardeos da OTAN alugaba o seu apartamento en Podgorica ao mando americano, segundo denunciou a deputada Beba Dzakovic.

Todo indica que tanto no suposto de producirse un mínimo compromiso entre Podgorica e Belgrado como de non darse ese acordo buscado por Bruxelas, estes serán, unha vez máis, os grandes perdedores. ♦

Sharon emprega métodos inspirados no nazismo para atacar as cidades ocupadas

As Nacións Unidas recoñecen o dereito de Palestina á independencia

CÉSAR LORENZO GIL
Desde 1982, Palestina non vivía unha situación de tanta violencia. O exército israelita ocupou as principais cidades dos territorios palestinos e produciu case 200 mortos. O líder palestino, Iasir Arafat, xa está libre do seu arresto domiciliario pero non consegue parar o fogo contra o seu pobo.

Ariel Sharon é fiel a si mesmo. Se en 1982 encheu de sangue Palestina ao ordenar os masacres de Sabra e Chatila, vinte anos despois o seu réxime está a marcar o presente de Palestina co ferro dos seus tanques. Nunha ofensiva sen precedentes nos últimos tempos, o exército israelita reocupou os territorios autónomos, non só con blindados, helicópteros e F-16, senón tamén con escavadoras que destrúen as estradas e as vivendas e converten o país nun monte de broza.

Curiosamente, este ritmo de destrución vai parello ao proceso de colonización hebrea nestes territorios. Non é casual que a actividade de resistencia dos palestinos se dea contra estes asentamentos, fortemente protexidos polo exército e que serven de base de operacións para os ataques contra os árabes.

Tal e como denuncian moitas testemuñas da ocupación de Ramalá ou Belén, entre outras poboacións, os métodos seguidos polos israelitas recordan claramente aos dos nazis. Alén das identificacións dos cidadáns árabes e a súa reclusión en campos de concentración, sen comer, cos ollos vendados e sometidos a continuas humillacións, o propio exército asume as técnicas que seguiu a Wehrmacht alemana no asalto aos guetos xudeus de Polonia. Incluso algúns oficiais defenderon, en documentación interna, o conveniente de adoptar estes modelos de guerra urbana, por ser "moi semellantes" as condicións dos habitantes palestinos ás dos xudeus que defenderon o seu barrio de Varsovia, en 1943.

Ninguén fala de paz

Neste ambiente de xenocidio impune, a comunidade internacional só toma conta aos poucos. O consello de seguridade das Nacións Unidas vén de aprobar unha resolución que recoñece o dereito e a necesidade de constituir un estado palestino, pero non deixa de ser un documento ambiguo e inútil. O secretario xeral deste organismo internacional, Kofi Annan, defendeu unha saída negociada ao conflito pero nin prevé o envío de cascos azuis á zona nin ten pensado entrevistarse con diplomáticos de ambas as partes para parar os ataques.

Entrementres, os EE UU seguen ausentes. Apalabrado na celebración do primeiro semestre do 11-S, o presidente George Bush pensa só en incendiar Bagdad e nin acepta que o seu aliado



Un neno palestino observa o sangue deixado polos mozos asasinados por morteiros israelitas nun campo de refuxiados.

Sharon poida estar cometendo abusos contra os palestinos.

Dentro do goberno israelita, ta-

mén hai fisuras entre os laboristas e os conservadores. Pero o certo é que, a día de hoxe, os únicos que

abandonaron o goberno foron catro ministros da extrema dereita sionista que consideran que Sharon é

brando de máis co pobo palestino.

O mundo chora

Mais a insensibilidade dos gobernantes de Occidente non ten nada a ver co pensamento de moitos cidadáns. Nas principais cidades europeas estanse convocando mobilizacións e actos de repulsa pola política israelita. Unha das máis importantes tivo como escenario Roma. Tamén nos países árabes hai unha protesta social maioritaria.

En Galicia, entre outros moitos chamados de solidariedade, incluídos os dos partidos políticos, a Fundación Araganey iniciou unha campaña de envío masivo de mensaxes dirixidas a todas as administracións pedindo o apoio europeo para salvar a Palestina. O seu presidente, Ghaleb Jaber Ibrahim convocou tamén unha tribuna pública o xoves, 14 de marzo, no Hotel Araganey de Compostela, para debater sobre a situación que se vive en Oriente Medio. ♦

Mohamed Safa 'Queremos que todas as persoas do mundo se sintan un pouco palestinos'

C.L.

Mohamed Safa é membro da Organización pola Liberación de Palestina (OLP) e, desde a súa residencia en Oviedo, estende o chamado de axuda á causa palestina. O xoves, 14 de marzo, asistirá a unha conferencia que convoca a Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña para informar os galegos da dura situación que se vive en Oriente Medio.

¿Estamos asistindo realmente a unha nova fase na agresión israelita?

O que está a pasar en Palestina nestas semanas recorda, máis ca nunca, ao que sufriron os xudeus durante o réxime nazi. O comportamento do exército israelita copia os métodos dos que foran os seus verdugos. A última medida foi numerar os palestinos, igual que se facía nos campos de concentración. O que estamos vivindo os palestinos é un xenocidio. Xa o dixo Sharon no Parlamento de Tel Aviv: "Os palestinos deben sentirse vencidos para volveren negociar". O proxecto de Israel é obrigálos a aceptar unha solución militar a un problema político.

¿Coñece realmente a opinión pública internacional o que está a suceder en Palestina?

Moitos medios de comunicación transmiten ideas confusas. Hai que dicir a verdade. Non hai dous bandos equilibrados, con verdugos e vítimas. O que está a vivir Palestina é unha ocupación dos exércitos mellor preparados do mundo, con avións de combate e buques de guerra. E enfronte, os árabes só teñen a vontade de ferro de querer ser libres, nada máis. Israel pretende axecionlar a Palestina. Queren cul-

pamos da violencia pero só eles son culpábeis. Primeiro por manter ocupada unha terra que non lles pertence e despois por utilizar a provocación para obter a resposta que lles interesa. Constantemente atacan casas e campos de refuxiados, planean atentados selectivos, lanzan ataques aéreos para asustar a poboación.

¿Cal é a proposta da OLP para alcanzar a paz na zona?

Segue a ser a mesma que guiou a nosa política desde hai décadas. Queremos que haxa respecto mutuo. Para conseguilo, cómpre que Israel abandone os territorios ocupados e acepte que os palestinos son libres para decidir sobre o seu futuro; para formaren un estado ao seu xeito. Este era o espírito dos acordos de Oslo: paz por territorios.

¿Engade algo novo a proposta saudita?

Non. Responde ao mesmo espírito que a nosa idea de paz. Pero o curioso é que Israel que cobra antes de pagar o que debe. Sharon pretende que Arabia Saudita recoñeza o estado de Israel sen que se produza a desocupación. Falan de deixar nas mans palestinas Gaza e Cisjordania, pero iso só representa o 20 por cento de Palestina. Só haberá paz e convivencia cando Palestina



A. N. T.

poida recuperar o país que tiña en 1967, con capital en Xerusalén.

Os laboristas quéixanse da atitude de Sharon pero non abandonan o seu goberno.

Os palestinos xa demostramos que podemos estar unidos na guerra e máis na paz. Os israelitas, non. Para facer a guerra, seguen xuntos, aínda que discutan. O programa de reocupación segue adiante sen problemas. Pero cando teñen que xestionar a paz, aí se esgaza a súa unidade. A Rabin matouno a extrema dereita. Sempre andan a dicir que a Arafat vano matar os radicais islámicos, mais de momento non sucede así, e estou seguro de que non sucederá porque nós sabemos que temos que estar xuntos para conseguir facer pervivir o pobo palestino.

¿Debe a UE intervir nesta guerra, parar a Sharon?

Debe, pero é moi difícil ir contra a diplomacia que ditan os EE UU. Todo o mundo sabe que Israel non podería cometer o xenocidio sen apoio estadounidense.

Europa debería arredarse das posturas de Washington e ir polo seu propio camiño. Precisamos moito da súa axuda porque sempre consideramos os países europeos como máis próximos a nós.

¿Como se pode concienciar a cidadanía occidental da barbarie de Palestina?

Estamos colaborando en todas as iniciativas sociais e políticas que aquí se fan en solidariedade coa nosa causa. Queremos pedir axuda en todos os recunchos de Occidente e facerlle saber á opinión pública que hai un país chamado Israel que viola todos os días o dereito internacional. Só esiximos xustiza e a fin da impunidad. Xa o dixo un poeta palestino: "Matar un home é un crime, matar un pobo, unha cuestión discutíbel". Temos que rachar isto. No pasado, todos nos sentimos sufracianos loitando contra o Apartheid, vietnamitas defendéndonos contra a invasión estadounidense. Agora, queremos que todas as persoas do mundo se sintan palestinas. ♦

'Thirty-Love'

CÉSAR VARELA

Moitas veces temos escoitado nas retransmisións de partidos de tenis un tanteo como o que encabeza este artigo que o locutor traduz por "trinta-cero" ou "trinta-nada". Para os que estamos asimóndonos a esta lingua inglesa en idades xa moi lonxanas do noso afrancesado bacharelato, resultámonos chocantes unha chea de cousas.

Meu amigo Xosé Manuel Cacharrón, nas súas amenas disertacións sobre a lingua de Shakespeare, xa me tiña avisado que o cero en inglés pódese dicir de, alomenos, cinco maneiras diferentes.


Cando nos referimos aos números de teléfono debemos pronuncialo como a letra "O". O cero matemático sería "zero" ou "nought" (os nosos alumnos da escola de *Portobello Road* cando teñen un descanso na aula sempre peden para xogar a "noughts and crosses" ou sexa a un xogo que se fai escribendo nun papel cruces e ceros ou "rosca").

Aínda nos partidos de fútbol o tanteo cero pasa a ser chamado de "nil", que se parecería ao noso "nulo".

Pero no tenis xa nos parece de máis; chamarlle ao tanteo cero de "love", así, coa mesma palabra coa que se designa ao amor déixanos un pouco desanimados aos que aspiramos a ver se a forza de tempo entenderemos os miolos deste idioma. Preguntei a varios profesores ingleses do "staff" da escola, pero ningún me soubo dar razón do porqué.

Un par de veces por semana xúntome con outros afeizoados ás linguas nun restaurante, polas partes de Victoria Station, que se chama *Mövenpick Marche* e alí trasladéi a miña inquecandanza á tutora de inglés, Dorothy Barnby, unha veterana profesora que por sinal organiza campiónatos de tenis dentro do clube. A muller ficou confusa mais prometeu estudalo e ao xoves seguinte alí me apareceu ata cos estatutos da federación inglesa de tenis e cun librillo que se titulaba algo así como "Love e outras historias do tenis" (así é que o tema xa debeu preocupar a máis de un).

Na portada do libro aparecía o deseño dun ovo (supomos que de galiña), e como veredes aí vai estar a explicación de todo. Parece ser que o xogo do tenis procede da Corte francesa, de onde o trouxeron os ingleses naqueles tempos en que Francia e Inglaterra tiñan unha forte relación. Seica os franceses ao tanteo nulo chamábanlle "l'oeuf", que aos ouvidos ingleses sonou a *love* e ¡vêla! ♦



Diferentes imaxes das manifestacións a prol e contra Hugo Chávez que viviu Venezuela no mes de febreiro.

Prácticas descubertas hai anos polo Senado dos EEUU repítense agora en Venezuela

A campaña de prensa contra Chávez lembra a que derrubou a Allende

RAMÓN MACEIRAS

A campaña de prensa contra Chávez será motivo sen dúbida, dentro de poucos anos, dalgún deses informes que poñen de manifesto as técnicas propagandísticas auspiciadas pola administración norteamericana, como antes ocorreu en países como Chile e Nicaragua.

O acoso norteamericano a Chávez sorprende porque non se trata dun líder comunista, senón de alguén que pretende conciliar a "man invisible" do mercado co control público de actividades económicas consideradas estratéxicas. Chávez podería ser cualificado, máis ben, de nacionalista liberal, cunha visión reformista. Con todo, a campaña de prensa contra el móstrase como unha das mellor planificadas dos últimos anos, con semellanzas claras coa realizada en Chile durante o período de Allende.

O presidente Hugo Chávez afirmaba o pasado 12 de febreiro que os grupos minoritarios que soñan cun Pinochet van ficar coas gañas. "Da nosa forza armada é imposible que xurda un Pinochet, imposible que xurda un tirano", declarou á axencia AFP. Respondía así ás especulacións que emerxeron cando un descoñecido coronel lanzou un ataque público ao Presidente, quen é, á vez, chefe supremo das forzas armadas.

Resultan evidentes as diferenzas que hai entre os casos de Chile e de Venezuela, non só por se tratar de distintas épocas ou das particularidades de cada país, senon tamén, polo apoio castrense, que para Allende foi minoritario, e que para Chávez, sen embargo, un político que provén do exército, resulta presumiblemente maioritario.

Sen embargo, no que se refi-

re á campaña anti-Chávez que se realiza en Venezuela e que se difunde ao resto dos países occidentais, a situación é idéntica á do Chile do 73, cando a CIA, como hoxe recoñecen os documentos desclasificados de Washington, manexou ou guiou á máis importante prensa local e os afiliados á Sociedade Interamericana de Prensa (SIP) nunha campaña de propaganda negra contra Allende.

A información distribuída polas axencias de prensa norteamericanas acostuma a esquecer que, como presidente da República de Venezuela e logo para o mesmo cargo da nacente República Bolivariana de Venezuela (comicios celebrados ambos en 1998), Chávez resultou electo co 57 e o 60 por cento dos votos, respectivamente. Posto que as forzas políticas que apoian ao goberno son maioría no Parlamento, non hai mecanismo legal ou constitucional que permita defenestrar ao Presidente... salvo o golpe de Estado que reclaman a berros personaxes como o ex-presidente, acusado de corrupción e con residencia en Miami, Carlos Andrés Pérez.

Unha planificada campaña de prensa

En contra de Chávez actúan os periódicos asociados ao Bloco de Prensa Venezolano (BPV) e milleiros de publicacións afilia-

das á SIP, bastión que conta co apoio doutros organismos empresariais, como a Asociación Mundial de Diarios (WAN, en sigla inglesa). A este poderoso aparello publicitario únense entidades e xornalistas cualificados de "independentes" e algúns teóricos defensores da liberdade de prensa, como Reporteiros Sen Fronteiras. En todo caso, a división entre a profesión xornalística en Venezuela é patente.

Por lembrar a experiencia de Allende, cabe citar o informe que emitiu o Senado dos Estados Unidos, a propósito da acción encuberta en Chile, e no que se pode ler: "O tema da liberdade de prensa foi o máis importante dentro da campaña internacional contra Allende". E agrega: "O principal proxecto de propaganda da CIA financiou un colectivo moi variado (...). Producía varias revistas de circulación nacional. Elaboraba materiais para colocalos na cadea *El Mercurio*; en todos os diarios de oposición; en todas as estacións radiais controladas polos partidos da oposición, e en varios programas regulares de televisión en tres canais" (Carlos Valencia. *A CIA: 10 anos contra Chile. Documentos do Senado de Estados Unidos*, Bogotá, 1976).

Chávez defendéase das críticas das grandes empresas xornalísticas escandalizadas porque o presidente ten un programa radial e ademais "fala moito, moi longo!". O presidente electo preguntábase se algún reclamou nos Estados Unidos polo programa radial dominical de Bush ou en Chile polo que ten Ricardo Lagos para, entre ou-

tros fins, responder ás preguntas dos auditores.

Dúas varas de medir

O prestixioso xornalista venezolano, Eleazar Díaz Rangel, sinalou recentemente que a reperiou á prensa no seu país foi de envergadura durante os gobernos supostamente democráticos que seguiron ao derrocamento da ditadura de Marcos Pérez Jiménez en 1958. Rómulo Betancourt ten dupla falta neste sentido, pois reprimiu os meios en 1948, ano do seu derrocamento, e despois nos anos sesenta. Con detalles, Díaz Rangel menciona a persecución practicada baixo as presidenciais de Raúl Leoni, Carlos Andrés Pérez e Jaime Lusinchi. Engade que nunca houbo unha protesta, unha condena, do Bloco de Prensa, nen menos da SIP, pese a que houbo clausuras, censura por decreto e outras formas de coerción.

Na campaña contra Chávez, os Estados Unidos están a exercer toda a súa forza de interacción. A meados de febreiro as presións, apenas disimuladas, da administración Bush conseguían que a Organización de Estados Americanos (OEA) condease, sen probas, a un país membro. Santiago Cantón, Relator Especial de Liberdade de Expresión deste organismo, criticou, de modo insólito, a Constitución venezolana, o papel das cadeas públicas de radio e televisión—incluído o seu horario—e, mesmo desaprobou a forma na que se distribuía a publicidade estatal. ♦

FACENDO a CIDADE que TOD@S QUEREMOS

AMPLIACIÓN do TÚNEL das AVENIDAS



OBXECTIVO DO PROXECTO

Trátase de reducir o tráfico no Areal para poder así ampliar os espazos verdes e peonais. A fórmula é conectar directamente o túnel das Avenidas coa autoestrada A-9 e co barrio de Ials. O novo vial absorberá ao redor de 30.000 vehículos diarios descongestionando así o tráfico na zona de Isaac Peral, García Barbón e o Areal.

O Concello é o promotor dunha das obras máis importantes da historia da cidade, que vai cambiar o aspecto da beirama. A prolongación do túnel das Avenidas é a solución para ordinar o tráfico pola franxa máis illada da cidade e vai permitir crear máis zonas verdes e peonais nunha ampla zona de Vigo. Esta obra é unha peza máis no proceso de recuperar o litoral vigués para o gozo dos vixueses e vixuesas (remodelación das avenidas, pazo de Congreso, paseo da Guía, Bouzas e Alcabra, mellora do Berbés...)

Ademais destas actuacións, o goberno municipal está a desenvolver outras que supoñen un importante paso adiante na recuperación de Vigo como cidade amigable e humana. Algunhas xa son realidade como o paseo do Lagares, a rexeneración do Barrio Histórico ou o Museo Lisle; outras verémolas moi pronto: Museo de Arte Contemporánea, humanización do Calvario, recuperación de Barreiro.

ESTAMOS A FACER A CIDADE QUE TODOS QUEREMOS.


RECOMENDACIÓNS AOS CIDADÁNS

Durante os primeiros meses de obra será necesario cortar o túnel das Avenidas. Isto provocará incomodidades para os cidadáns, polo que cumpre que, na medida do posible, sigan estas recomendacións:

- Utilice o seu vehículo só cando sexa indispensable. Empregue o transporte público. Tamén que ten a súa disposición a **tarxeta verde**, un xeito económico e cómodo de usar os autobuses urbanos de Vigo.
- Os vehículos pesados terán prohibido o paso pola zona comprendida entre o Berbés e o Areal. Os itinerarios alternativos estarán convenientemente sinalizados.

Esta obra vai beneficiar a todos, polo que programos a súa colaboración.

¿COMO SERÁ O NOVO VIAL?



CONCELLO DE VIGO
O Vigo do novo século.

O equipo de Irureta chega ao final das competicións en óptima forma O Deportivo, maduro para coleccionar títulos

CÉSAR LORENZO GIL
O Deportivo da Coruña vive arestora o seu momento máis doce desde o inicio da tempada. A vitoria na final da Copa do Rei arredou do vestiario todas as pantasma e o seu bo papel na Liga de Campións convérte en claro favorito para gañar o título europeo, o gran soño do adestrador e o presidente.

As apostas londinenses pagaban tres por un por unha vitoria deportivista. En Highbury Park o equipo galego aínda fixo algúns millónarios. O seu 0-2 diante do Arsenal é a confirmación de que o conxunto branquiazul pode aspirar a todo este ano. Coa autoestima que insufla o título de copa, os afeccionados comezan a poder recitar de memoria un once ideal.

Todo pode cambiar nunhas poucas semanas nas análises futbolísticas. O 5 de febreiro, o Deportivo chegaba a Vigo en plena crise. Acababa de perder diante do Alavés en Riazor e parecía dúbido que fose quen de aguantar nos ombreiros a presión das tres competicións nas que andaba medido. O triunfo en Balaídos foi coma un bálsamo, coma unha cura vampírica. Desde entón, os coruñeses levan xogado partidos ao máis alto nivel diante de equipos que poden presumir de teren moita calidade nos seus cadros de xogadores. A Juventus, o Real Madrid, na final do centenario, agora o Arsenal tiveron que se render aos pés dun estilo de xogo tan elemental como rendíbel, ás veces tan espectacular que o propio Javier Irureta ten que atrasar as súas



A vitoria en Londres foi o refrendo que precisaba o Deportivo para tomar en serio o "triple".

liñas para vivir unha pouca tensión que o libere da vertixe do dominio completo.

Medo no corpo

A poderosa maquinaria do Deportivo ten asustados os seus rivais. Viuse no partido diante do Rayo Vallecano. Xogando contra un equipo en inferioridade numérica e canso, os madrileños tremían cada vez que o rival atravesaba o medio campo.

Esta sonda de "invencíbel" pode ter dous gumes. Irureta debe aproveitalo para suplir a forma fi-

sica que, obviamente, ten que sufrir o desgaste destas semanas de moito traballo. Por fortuna, agora as rotacións vanlle salvar a vida. Neste momento, o Deportivo conta con 18 xogadores moi ben integrados na rutina do equipo e que poden participar totalmente motivados en calquera alíñación titular.

Pola contra, o deportivismo ten tamén moito costume de esixir sen medida, de reivindicar títulos e títulos, triunfos e triunfos. Diso moito sabe Irureta, abafado moitas veces polas reclamacións dos xornalistas coruñeses. Nun ambiente de euforia, pódense

perder moitos puntos, xusto nun momento no que catro equipos teñen opcións de gañaren a liga.

O triunfo contracorrente na Copa do Rei é o primeiro chanzo cara á nova dimensión que o presidente Augusto César Lendoiro quere iniciar a vindeira temporada. Na ilusión do presidente está gañar outra final ou chegar a ela para revolucionar a estrutura do club xusto cando máis falta lle fará moverse entre a elite para manter as estrelas. A máxima está clara: gañar partidos é o único que pode atraer o diñeiro, cada vez máis escaso, das televisións. ♦

Corazóns rotos

PUCHEIRO

"Un triunfo centenario". Foi esta unha das ideas máis repetidas polos medios de comunicación, incluídos os galegos, para resaltar a fazaña do Deportivo ao gañar a Copa. É toda unha mostra, un compendio de alienación. Poñen o triunfo galego en función do rival. Era o centenario do Real Madrid (aínda que tamén da Copa, pero ningún se lembrou), non do Deportivo. Pero non en función do rival como equipo actual, senón da súa historia, da súa propaganda que nos inundou ata converter a final copeira nun acto máis a maior gloria da idea centralista que Aznar quere impulsar do Estado español, *Operación Triunfo* incluída.

Diciáo o noso amigo Manolo Lombao poñéndose como exemplo: moita xente galega tiña o corazón dividido entre o Madrid e o Deportivo. Pero no campo mandaba o corazón e o corazón volvíase todo el azul e branco coma a nosa bandeira. Comentoumo tamén o meu irmán, que foi a Madrid desde Sevilla cunha pucha do Deportivo e unha bufanda do Madrid. Ao comezar o partido gardou o distintivo madridista. Rematado o encontro estaba ledo, aínda que lle doía "o sufrimento dos xogadores do Madrid".

Dous exemplos, como outros moitos, onde as vivencias infantís marcan unha vida, non só no xeito de pensar, senón de sentir. Recordos que quedan almacenados coma os cheiros, coma as cores, como os sabores da nenez.

No partido Real Madrid-Deportivo loitaban o "SER", con maiúsculas, cos condicionantes adquiridos. Pero non calquera "ser", que tamén se é do Real Madrid e se pertence a un grupo, a unha especie de tribo na que te recoñeces, coa que gozas e sofres. Ser dun equipo significa asumir non só os seus éxitos, senón tamén os seus fracasos é, sobre todo, ao identificarte con el, as chicarandainas e chofretas dos afeccionados dos outros equipos. Colocarte co Deportivo despois de anos e anos de posicionarse como siareiro do Madrid, significaba por por enriba de todo a pertenza a unha nación, a un pobo. Non importa que un equipo non poida representarnos. Realízase unha elección vital ante un feito, por moi insignificante que sexa, como é un partido. Estate autodeterminando.

A vitoria do Deportivo non é importante por amolarlle ben amolado ao Real Madrid o seu centenario. Nin sequera polo xogo. É importante, histórica, porque dentro da percepción dos meniños galegos, o Deportivo aparecerá como un referente co que identificarse ao longo de toda a vida. A ledicia da vitoria quedarlles gravada. Gravada a rivalidade. A súa toma de postura a tan tenra idade evitará moitos "corazóns rotos". ♦

NOVA ENTREGA DE



Fascículos 19, 20 e 21 xa en quiosques e librerías

A NOSA TERRA



Unha Historia da Arte Galega feita desde Galicia como centro desde o que interrogar, ollar cómo realizamos na arte o que somos e cómo os períodos históricos dependen das dinámicas internas do propio país. Existe unha arte galega na que está depositada a nosa memoria histórica e social, a nosa identidade, a nosa interpretación do devir, a nosa concepción do sagrado, etc.

3.500 ilustracións a toda cor.
150 fascículos de 16 páxinas impresos a cor en papel estucado arte de 130 gr/m² encadernábeis en 7 tomos temáticos con entregas de tres fascículos cada vez.
Tamaño do volume de 230 x 315 mm.



Ramón Piñeiro

Deixa dúas obras

De Carlos Casares coñeceranse en breve dúas obras póstumas. No prazo aproximado dun mes espera Galaxia ter nos andeis a agardada, *O sol do verán*, a que será a súa derradeira novela. Máis próxima está aínda a saída do volume de memorias de Ramón Piñeiro, preparado por Casares a través de longas conversacións co galeguista. O libro inclúe un prólogo do escritor agora finado sobre o que recoñecía como o seu mestre. ♦



Recen saídos do prelo os dous últimos libros

Lugar importante na súa obra literaria ocupan as biografías. Casares escribira as vidas de grandes personaxes como Curros, Otero Pedraio, Risco, Fole e Ramón Piñeiro. Neste ano viña mostrando grande entusiasmo coa figura de Sarmiento, en especial co proxecto do Consello da Cultura de recompilar e publicar a obra completa. A súa biografía xunto co libro *Olores e sabores do saber*, asinado co fotógrafo Xulio Gil, serán as últimas obras do escritor. ♦




Primeiras homenaxes

Cumpríanse anos do nacemento de Sarmiento o mesmo día 9 que ameniza coa noticia da morte de Casares. En Pontevedra inaugurábase o ano adicado ao sabio e as palabras do alcalde da cidade, Miguel Fernández Lores serviron para lembrar ao escritor. Comezaban as homenaxes. Xinzó anunciou a vontade de nomealo fillo predilecto. Nigrán propoñía para fillo adoptivo e porá o seu nome a unha avenida, Gondomar adicarálle unha rúa e Vigo celebrará un acto na súa memoria. ♦

ADEUS

Carlos Casares



Cultura

Nº 1.025
do ano 20 de marzo
ANOSA
TRINQUETE
Ano XXV

Xa hai tempo que Carlos Casares era un clásico da literatura galega. Os seus libros formaban parte das leituras obrigadas no ensino desde que as nosas letras entraran nos planos de estudo. A súa inesperada morte con só sesenta anos pon fin a unha traxectoria literaria que pasará á historia da escrita deste país. Pero Carlos Casares era máis que un escritor. Presidente do Consello da Cultura Ga-

lega, académico, ex-deputado, director da editorial Galaxia, patrono de distintas entidades, o seu nome aparece vencellado a unha mancha de postos que, nos últimos tempos, se amoreaban e case se ían chamando uns polos outros. Certo é que Carlos Casares tiña poder no mundo da cultura pero iso tamén lle outorgaba dous dons dos que facía gala: opinar sen pedir permiso e converterse nun elo entre o poder político e económico e a cultura galega. ♦

A cultura e a política xúntanse para despedir a Carlos Casares

A.N.T.

O himno do Antigo Reino de Galiza despedía a Carlos Casares no cemiterio de San Fiz de Vilaríño, en Nigrán, o pasado domingo día 10 de marzo. Algún dos asistentes reparaba en que aquela música puña fin tamén ao acto público que máis escritores e cargos políticos xuntos congregou nos últimos tempos. Dous mundos que coincidiron para dar o último adeus a quen era escritor pero tamén detentaba un dos máis altos cargos institucionais do país, o de presidente do Consello da Cultura Galega, ademais de ser académico, director de Galaxia e patrono de distintas fundacións, entre elas, a de Caixagalicia.

Un ataque de corazón puña fin ás sete e media da mañá do sábado 9 de marzo á vida de Carlos Casares. A víspera assistira en Vigo a un acto de homenaxe ao galeguista e ex-presidente da Academia Galega, Francisco Fernández del Riego. Quen compartiu con el os asentos do centro de Caixanova coincidía despois en que o escritor semellaba desmellorado nesa noite pero nada facía presaxiar o rápido e dramático final. Apenas rematar o acto dirixiuse a súa casa de Nigrán e foi alí onde sobreviñeron os síntomas do infarto que se ía repetir unha noite longa que remataría no amencer no Hospital do Meixoeiro, onde faleceu sen que o cateterismo que lle practicaron lle poidese salvar a vida.

A noticia da morte de Carlos Casares correu naquela mañá por todo o país e xa na tarde daríanse cita no tanatorio vigués de Pereiró numerosos amigos, cargos políticos e escritores. Nesa tarde, entre outros pasaron pola capela ardente o vicepresidente do goberno español, Mariano Rajoy.

Sen embargo, o enterro de Carlos Casares mereceu para moitos unha comparación co do seu amigo Camilo José Cela, celebrado non hai nen dous meses en Iria-Flavia. Contra o que daquela acontecera, o cemiterio de San Fiz de Nigrán

encheuse o domingo día 10 de marzo á unha da tarde de escritores que chegaron de toda parte do país para despedir a un dos membros da República das Letras. Imposíbel facer unha nómina completa de autores que nese día se achegaron a Vigo para homenaxear a Casares pero, entre tantos, atopábanse Manolo Rivas, Alfredo Conde, Suso de Toro, Bernardino Graña, Xosé Lois Méndez Ferrín, Iolanda Castañón, Neira Vilas, Marica Campo, Euloxio Ruibal, Miguel Anxo Fernán Vello, Xesús Valcarcel, Dolores Vilavedra, Helena Villar, Luís González Tosar, Xosé M^a Álvarez Cáccamo ou Xesús Rábade Paredes.

A ampla actividade de Carlos Casares no mundo cultural, político e económico deixábase ver tamén no enterro. Ocupaba o escritor cadeira na Academia desde 1977 e numerosos compañeiros da sede da Rúa Tabernas como Alonso Montero, Fernández del Riego, Illa Couto, Fernández Rei ou o propio presidente Xosé Ramón Barreiro estaban en San Fiz. Numerosos membros do Consello da Cultura e os seus traballadores tamén homenaxearon ao que foi o seu terceiro presidente, entre eles, Henrique Monteagudo, secretario e participou directo dos seus principais pro-



A bandeira galega cobrira o cadaleito de Carlos Casares.

PACO VILABARRÓS

xectos. O mesmo acontecía co persoal da editorial Galaxia que dirixía desde 1986 e onde Casares tiña no vicedirector Damián Villalaín un dos seus colaboradores máis directos.

Concordia política

Desde a morte do que fora o seu mentor, Ramón Piñeiro, tampouco se lembraba un enterro que congregase tantos políticos das tres forzas parla-

mentarias. Pasaron polo tanatorio e polo cemiterio os representantes máximos do PP, do BNG e do PsdeG-PSOE. O secretario xeral do PP, Xesús Palmou, os conselleiros Xesús Pérez Varela, Celso Currás, Xosé Cufiña, Xaime Pita ou Xoán Miguel Diz Guedes, ademais doutros cargos públicos como o delegado do Goberno en Galicia, Arsenio Fernández de Mesa, o exconselleiro Vázquez Portomeñe ou

expresidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, mentras o presidente Manuel Fraga agardaba ao funeral en Bonaval o luns. Tanto do partido como da presidencia emitíronse comunicados de loito.

O BNG consideraba tamén nun escrito de pésame a "perda irreparable" que a morte de Casares supuña. Xosé Manuel Beiras assistiu ao enterro e pediu que se materializasen algúns dos proxectos que Casares deixaba inconclusos no Consello. A deputada Pilar García Negro, o eurodeputado, Camilo Nogueira ou os alcaldes de Vigo, Pontevedra e Allariz foron algúns dos cargos públicos do BNG que assistiron aos actos fúnebres.

Carlos Casares foi deputado na primeira legislatura do Parlamento Galego despois de presentarse ás eleccións como independente nas listas do PsdeG-PSOE. O secretario xeral desta organización, Emilio Pérez Touriño destacaba que a súa fora unha vida "de entrega e compromiso co país" e, canda el, os deputados Ismael Rego e Dolores Villarino ou o alcalde da Coruña, Francisco Vázquez daban aos pésames á familia, entre eles, ao irmán do escritor, o recen dimitido deputado das listas socialistas Xavier Casares.

Nunca tanto escritor e tanto político de tantas siglas distintas se daban cita arredor dunha persoa, dando fe do talante dialogante do que Casares fixo gala en vida. O enterro mostraba así todas as facetas que nos últimos tempos mantiña abertas pero, na nómina, atopábanse tamén algúns dos protagonistas de diferentes polémicas das que o escritor participou e que quedan xa para a historia. ♦

O arcebispo de Antioquía

ANTÓN RIVEIRO COELLO

Aquel domingo marzal, no cataventos do campanario, zouu un vento ferido e o galo empoleirou un quiquiriquí estourante que puxo nos peitorís das fiestras verdes a todos os habitantes da cidade. Dona Manolita sentiu no corpo un tremor umbilical e a don Paco custoulle acreditar no que, dende a fiestra, vían os seus ollos emocionados: o seu fillo cruzaba as rúas estreitas subido nunha moto con cornos de boi limiao. Era unha Harley escintillante que traía dende San Fiz ao famoso arcebispo limiao e mais a unha fermosa rapaza loira que seica traballara nun circo. Abriu a cancela e non se sorprendeu da galiña azul que petiscaba na tona balorecida dunha laranxa, nin da aparencia doméstica da familia que semellaba estar a agardalo: a paciencia benevolente do seu pai á par da lareira, a emoción desmedida da súa nai, o avó Herminio a lle amañar unha locomotora de madeira, a avoa Francisca xogando á brisca coa tía Carne men-

tres nos ollos da cadela Leda se prendía unha alegría insensata.

A súa chegada foi celebrada con foguetes e, nas rúas, os danzantes de Güñ e mais os cabezudos de Xinzo trenzaron a oito os pasodobres da banda de Parada. O Fona, moito antes de llo encargaren, xa lle tiña feita unha muda relixiosa a este insigne veciño que, malia pór moitos reparos, o fixeron sentar nun sillón azul no centro mesmo da praza. E non lle abondaron dous días enteíros para recibir a visita emocionada de todos os amigos que se gababan de o coñecer e que lle facían cumprimentos devotos. Mais de todas as visitas, a que máis fondo lle chegou, foi a do Rafa Cacá que, cun capote baixo dos seus brazos meniños, lle brindou unha corrida antolóxica. E alí, esvacoado de ledicia coma un príncipio, encetando un puro do amigo Picamoca, o arcebispo de Antioquía apalpu a meiguice do novo mundo coma se fose un xoguete prohibido. ♦

O último adeus

BIEITO IGLESIAS

Bonjour tristesse, saudei, cando Antón Bamente me comunicou, a media mañá do sábado, o pasamento de Casares. Por parte de desaparecer un firme sofico das belas letras galegas, con el vaíse unha das escasas figuras deste noso presente acedo que

(sen cultivar o estilo bombástico, o aceno carismático, sen esixir a adhesión untuosa dos discípulos) exerceu de mestre, de animoso camarada das novas vocacións literarias. Sempre cunha discreta reserva, cunha tímida xenerosidade. Autor de media ducia de libros inobxectables, posuía a cualidade de brillar con luz propia, virtude infrecuente nun panorama de estrelas fugaces e satélites que paraisita fulgores reflexos. Non foi a supernova que de súpeto incendia Tauro ou Casiopea, difundindo temor reverencial, foi un luceiro familiar e grato, o vagalume que

surte ao camiño unha noite de verao. Certo que non era un santo varón (só os gandulos pretendían tal cousa), pertencía á humanidade caída, pero practicou de ordinario a grande arte de estimar a quen o estimaba, case nunca se deixou tentar polo demo do orgullo pra ferir a quen o fería. A familia, os amigos de veras e os simples coñecidos, todos cantos renden culto á intelixencia e ao galeguismo cordial, os personaxes novelescos que creou, conxurados pra conservar o recendo da súa alma (un eco distante de respiñeiro e madresilva, perfumes da primavera ourensá) por séculos, choran a perda dun pequeno gran home.

Carlos, agora que ingresas nun ceo acoñador como lume de lareira, cun banco de respaldo e unha conversa amigable, acórrdate de nós que somos melancólicos. ♦

“Case nunca se deixou tentar polo demo do orgullo”

A Maxia do Caldo

MARGA ROMERO

Gustaríame que a maxia, ás veces, fose máis cá das palabras, que é, de certo, forte e fermosa. Gustaríame que fose unha máquina do tempo para facer que os reloxios deran coas agullas para atrás, ata o día 8 de marzo cando se festexaba o día da muller, cando Carlos Casares ocupaba unha butaca celebrando unha homenaxe a Paco del Riego, cando Diego Almeida Areal pensaba no galano de aniversario dos seus amigos e nunha rapaza moi especial. E o tempo aínda non vai para atrás. E o día foi moi cruel. O corazón de Carlos detívose e o sorriso lindo de Diego caeu nun pozo para sempre. Sempre é unha palabra terrible. Sesenta anos son o mellor da vida e quince anos son un tesouro que abre. A profesora de literatura poderá falar da forza das palabras, e Carlos Casares estará atrás de moitas delas, e vós que ocuparedes as mesas e as cadeiras, estaredes noutra parte, case sempre, pero tamén, por veces, regresades, no momento no que *Ilustrísima* entra no cine ou cando Sor Sabina empeza a subir cinco centímetros no aire. E vós tamén entenderedes a traxedia pola morte de Estrelia, porque é agora Dieste quen se achega á vosa dor, a morte da inocencia. E un pozo aberto de 20 m. é a metáfora da morte, e vós sabedes que é a culpa. Século XXI e a dona que hai en todos os pozos saíu e enganchou a Diego. E Fausto, aquel que vendera a alma ao demo por unha muller é por esa muller pola que se salva, así o conta Lois Tobío, que sabe moito e ten moitos anos, porque é o espírito feminino o que turra para o alto, e Carlos Casares tamén cría nisto. E Astrid Lindgren, a nai de Pippi, creou o país de Nangijala onde debe andar agora con Krümel e Jonathan, onde me gustaría, dígovolo a vós que ás veces me atendedes, que Carlos e Diego, xuntos, xa estivesen a petar na porta. Xa están alí e Carlos Casares explícalles como se fai o caldo, tan ben como llo explicou aos alemáns que o entenderon, e Diego escoita con ese seu sorriso inesquecible como as palabras de Carlos e xa sabe que os habitantes dese país tamén saben xogar ás agachadas. E a cunca de caldo, entre nós, esa tenra dozura familiar do costume sexa pois sempre unha lembranza, unha homenaxe e unha receita máxica para calmar tanta dor. ♦

Cultura

Boa viaxe, Carlos

XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCCAMO

Carlos Casares, Xefe da Estación de Vilarinho Pequeno, abandonou inesperadamente o seu posto no amañecer do pasado día 9 de marzo. Desde aquela andan os trens dubitativos e desnortados. Vagan algúns en circuíto obsesivo polo laberinto de intrincadas redes ocultas que Carlos instalou de baixo da maqueta do tren eléctrico para que os comboios descendentes demoren o regreso á estación de orixe e o tempo miniaturizado poida axustarse ás esixencias do horario convencional. Por debaixo das aldeas de cartón-pluma e das montañas de cortiza nevada, asubían tristes os xoguetses para un tempo prohibido.

Deixa Carlos no tapete da maqueta do mundo a escala 1:1 varios descosidos duros de lembrar: Consello de Cultura, Editorial Galaxia, Academia... E nas fonduras da paisaxe humana unha fenda de ausencia para a que non existe arranxo. Non hai tren que poida cubrir a distancia entre Carlos e a súa xente máis próxima, Kristina, Hakan e Christian. Entre os amigos de Carlos hai un que resulta especialmente golpeado polas bátegas deste definitivo vento ferido, Manolo Rodríguez, compañeiro de estudos e de horas diarias de Casares. Manolo foi quen me levou a algúns dos espazos por onde transitaba a vida de Carlos, alén dos territorios formais da sociedade literaria ou da feliz frecuentación dos seus precisos e precisos universos narrativos. Algunhas ceas de verán en Agüeiros, mar de Rianxo, na casa de Teresa e Manolo, e Carlos



A. N. T.

a controlar o punto dunha paella gloriosa e a encetar o inventario interminábel de anécdotas que na súa voz eran arte magnífica de narrativa oral, tardes de café e whisky en Vilarinho, interrompidas pola agresión incivil dun altoparlante cabreado que, malia a noxenta intención do agresor, fornecía de novos motivos para a conversa.

Hai un par de anos tiven a oportunidade de visitar o país do tren eléctrico de Carlos, o microcosmos onde cabe a rede ferroviaria mundial, como caben na miniatura dun libro de

peto todo o poder de Deus sentado nun sillón azul ou o drama inmenso dos mortos daquel verán. Para ese tren construíu eu, que comparto con Xefe da Estación de Vilarinho Pequeno a súa querencia polos xoguetses para un tempo recuperado, unha aldea de casas de perpiño en cartón pluma, galerías de acetato e alpendre de chan trereiro, dominadas desde o alto dun outeiro por un pazo que me naceu cun ar entre galego e florentino. No patio dianteiro do pazo, dúas figuras de chumbo permanecen en conversa desde

que entreguei a obra, o pasado mes de setembro. A señora, de cabelo branco e bolso de man, está a repetirle a noticia ao seu fillo: seica marchou Casares no tren das sete da mañá.

Así foi. O 9 de marzo, ás sete da mañá, nesa hora de luces indecisas, propicia para o embarque clandestino, tirou Carlos Casares o chapéu e o asubío reglamentario e subiu ao seu tren eléctrico con destino a unha dimensión de inatixibel miniatura onde cabe a inmensidade toda do adeus. Boa viaxe, Carlos. ♦

NARRATIVA



Enderezo descoñecido de Kressman Taylor O veleno do nazismo dende os seus inicios

Esta novela, tan breve como intensa, representa un dos máis estarecedores alegatos contra o nazismo, cuxo maldo perverso se nos fai potente ao longo da correspondencia entre os dous personaxes, amigos e socios dunha galería de arte en California. Aclamada pola crítica de todo o mundo, foi considerada polo The New York Times Book Review como «a denuncia máis efectiva que se pode facer contra o nazismo en literatura de ficción. É a perfección mesma». Despois de ser traducida a múltiples linguas europeas, Xerais ofrecea dentro da súa colección Narrativa en tradución de Emma Lázare Rodríguez.

XERAIS

9788492141111 - 9788492141111

O lugar de Carlos

SUSO DE TORO

Cando morreu Carlos non soubemos como chamar ao sentimento que nos tomou, foi un cruce de estupefacción, tristeza e asombro. Estou certo de que un sentimento parecido nos envolveu a todos. Ningún pensamos que Carlos nos atinxira tanto, dun modo ou doutro.

Non somos vistos de vez ata que morremos, Carlos Casares tampouco. Sabemos a dimensión da figura de Carlos agora que catemos o oco que deixa entre nós, e vai ser un oco ben grande. Porque Carlos verdadeiramente fixo de columna vertebral da literatura galega. Se consideramos que unha literatura non pode existir por ela mesma, no aire, senón que existe unicamente relacionándose coa sociedade, daquela comprenderemos que Carlos actuou de verdadeira palmela que unía o mundo cultural e literario con esta sociedade nosa, tan allea á nosa creación.

Carlos era unha ponte en moitas cousas, era a ponte de chegada para moitas persoas anónimas na lectura diaria do xornal, no público dalgún acto.... Tamén era unha ponte entre dúas partes da sociedade galega que agora non terán

quen as una: dunha banda, o mundo deses poderes económicos, políticos e comunicações que viviron afastados da cultura galega e, doutra banda, o mundo intelectual que crea esa cultura. Eles recoñecían en Carlos a un interlocutor aceptábel, intelixente, válido que lles bastaba para suplir o seu alleamento. E o mundo da cultura galega sabía que tiña diferencias en diversos aspectos con Carlos, mais que era "un dos nosos" que entendía o noso traballo porque era parte del. Erao.

O difícil vai ser agora conservar ese entendemento tan débil, quen será ponte ou pontes que cheguen dun lado a outro. Persoas que sexan recoñecidas con autoridade moral por ambas partes.

Algunhas cousas que nos han faltar de forma inmediata han ser imperceptíbeis, como unha dose de sentido común, de racionalidade práctica, sensatez que nunca rompeu cun ideal galeguista. Carlos frecuentemente atopaba un punto de encontro entre razón e ilusión francamente útil. Han cambiar moitas cousas coa súa morte. E así debe ser. A morte de Carlos parte en dous a historia literaria desde os anos sesenta ata aquí.

Unha historia que se levanta sobre un conflito interno ao mundo das ideas galeguistas, unha contradición que atravesaba o mundo literario dividíndoo. Indose deste xeito súbito e brutal cortou ese escenario, é preciso revisar as formas caducas nas que concibimos a literatura galega, hai que abandonar as velhas ideas de competitividade cainita. Toda literatura crea dentro de si dun modo natural certa competitividade, non é preciso alentala. Polo contrario, é ben aceptala mais non permitir que as retesias creativas, que as carreiras literarias, dexeneren en crueldade, en destrución do rival. Abandonar ideas xerárquicas e burocráticas da literatura e comprender que a literatura é un cosmos vivo e cheo de estrelas, astros e plane-

tas, un cosmos dinámico digno de ser contemplado todo el.

Ao redor da súa morte reúnen moitas cousas, antes de nada sentimento. Aparecen tamén interpretacións da súa figura que non temos por que compartir. Unha delas é esa idea que xa circula de que o modo de Carlos é o modo axeitado de estar, de que hai que ser "de concordia". Iso é un erro a aclarar. Unha sociedade ten que ter de todo, todo lle cômpe. O que non pode ser é acabar coa disidencia, e estigmatizar aos disidentes baixo a consigna da "concordia". A concordia social empeza porque o poder, os poderes, non destrúan a quen pense distinto, e continúa a continuación por buscar formas de entenderse, de pactar, respectando sempre o dereito á diferencia. Carlos éranos preciso a todos, mais sería un des-

sastre que todos fosemos como Carlos. E logo hai un Carlos que non coñece o conxunto da sociedade, distinto para cada un de nós, relacionámonos en vida e habémonos seguir relacionando agora que está morto. Carlos Casares non era esa foto sorrinte para uso social, era unha persoa complexa e chea de voltas e zonas de sombra. Eu ás veces fun amigo de Carlos e ás veces non, en adiante penso que non podo deixar de selo. E tras a súa morte descóbreme faces novas. A morte de Carlos anova a literatura galega, a morte é parte do ciclo dos cambios, mais tamén nos fai algo máis vellos a algúns. Obríganos a reconsiderar o papel que xogamos, quizais nos obrigue a cargar máis responsabilidades, tapar furados... Aínda non sabemos de que modo nos vai alcanzar esa sombra. ♦

‘O difícil será
conservar agora
as pontes tendidas
por el’

Carlos Casares mantivo sempre a lealdade ao ideario de Ramón Piñeiro.

Carlos Casares mantivo sempre a lealdade ao ideario de Ramón Piñeiro.



Un liberal

MIGUEL BARROS

“O liberalismo non se leva”, dicíalle V. Freixanes, “pois peor para min”, respostaba Carlos. Con este talante coñecín a Casares alá polo 1981. Daquela xa tiña madurado o seu proxecto vital: servir a Galicia dende o idioma e defender a liberdade dende a creación.

O compromiso partidario foi na vida de Carlos Casares episódico e circunstancial. A súa presenza con Piñeiro, B. Casal e A. Conde nas listas do PSdG-PSOE era a escenificación pública do sinal dunha etapa política. Tratábase só dun xesto, e aínda que importante, estaba estritamente calculado para demostrar co exemplo que o galeguismo renunciaba á súa condición de escola para converterse nunha filosofía que había de inundar as estruturas partidarias no novo contexto democrático.

Este cambio de estratexia, que na práctica implicaba a revisión radical do nacionalismo galego, tal como fora entendido pola xeración Nós, isolado e patrimonializado polo PG, requería unha reflexión fonda, unha experiencia histórica vivida e unha elaboración lenta. Tal traballo xa fora elaborado por Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia.

Casares era, sen dúbida, o mozo que mellor se identificara con este proxecto que había de nuclear a xeneración encargada de dar cobertura e lexitimidade á instauración da Autonomía de Galicia. Esta tarefa asumíuna Casares con gran convencemento e decisión. Por iso decimos que a presenza dos independentes galeguistas nas listas socialistas era só un xesto que simbolizaba o final dunha estratexia política.

Como toda decisión, aquela tamén tivo consecuencias. O discurso de Piñeiro no congreso do PG en Poio considérase a liquidación do Partido Galeguista como represtinación histórica do vello partido de Risco e Castelao

(Alvarez Gándara). Daquela poucos aguataron a pauliña dialéctica que caeu sobre Piñeiro. C. Casares, B. Casal e A. Conde mantiveron a súa lealdade ao novo proxecto e capearon o temporal aguatarando o compromiso de acceder ao primeiro Parlamento de Galicia polas listas socialistas.

Como é sabido a acción xenera mais conflitos que o pensamento e as primeiras decisións do Parlamento recén constituído puxeron en evidencia que había pleitos históricos aínda pendentes de ser fallados. Tal foi o asunto da capitalidade. Nesta ocasión o drama instalábase no cerne da organización socialista e foi tan violento que arrastrou tras de si o proxecto saído do Congreso de Betanzos. O proxecto de Betanzos representaba o intento mais serio do socialismo hispano

‘O compromiso
partidario foi na súa vida
episódico e
circunstancial’

por abrirse á incorporación do pensamento político da periferia, entendido como doutrina, programa e aval específicos e singulares do socialismo moderno que buscaba respostas á nova formulación da vella cuestión das nacións sen estado.

Aquel intento de inxerir o galeguismo na vella cepa socialista estaba concebido como resposta ao nacionalismo independentista por unha banda, e como alternativa ao centralismo político dos partidos estatais, pola outra. Quintanilla dende o socialismo e Suárez Picallo dende o galeguismo representaban a tradición política de converxencia entre socialismo e galeguismo, que agora, nas actuais circunstancias históricas, parecía factíbel e oportuno.

Carlos axudounos a todos coa discreción e o tacto característicos do grupo de independentes a padecer con resignación o noso particular calvario político. Nos catro anos daquela primeira lexislatura nunca escoitei dos seus beizos unha queixa referida aos conflitos políticos internos do Partido Socialista de Galicia. Consente como Piñeiro do prezo a pagar por unha decisión política de tanto alcance, aceptaron cabalmente as consecuencias da súa. A pesares da discreción e a prudencia, a decepción que lle produciu a non asunción por parte do Partido Socialista da aportación política que significaba a liquidación do galeguismo partidario en beneficio da incorporación dos seus anceios ao acervo dos grandes partidos estatais, xa non o abandonou nunca.

Casares, que distinguíu sempre o compromiso político do compromiso partidario, non negou o seu concurso personal cando tivo claro que o seu compromiso militante por Galicia llo esixía. A liberdade e máis Galicia son as bandeiras que recibiu Carlos Casares como porta estandarte dunha nova xeneración que, no río do tempo, el nos entrega hoxe aos que quedamos. ♦

Casares no Consello da Cultura

HENRIQUE MONTEAGUDO

Agradezo que non se me pida aquí un testemuño persoal, aresortora imposible de verter na tinta. Solicítaseme unha reflexión sobre un aspecto concreto da traectoria recente de Carlos Casares: a súa presidencia do Consello da Cultura Galega, un desempeño que el considerou da maior importancia. Terei que me escudar na urxencia da ocasión como desculpa para o desaliño destas letras. Carlos era consciente da singularidade do organismo, sen paralelo no panorama institucional español. Un ente independente dos poderes políticos, de rango estatutario, situado inmediatamente detrás do Goberno e o Parlamento, e ao que se lle encarga a defensa e promoción da cultura nacional de Galicia. Isto, claro está, en teoría, pois sabemos que os papeis terman do que se escribe neles, e que na realidade histórica raramente funciona aquilo de 'meu dito, meu feito'. Fose como for, para o finado ese era o horizonte, e todos os seus esforzos se dirixiron a conquistar e asegurar o lugar que o Consello ten legalmente atribuído.

Os atrancos que había que superar non procedían soa nin



Carlos Casares entrou no Consello da Cultura como representante da Academia Galega. Na fotografía, con Salvador García Bodaño. A. PANARO

principalmente, como podería pensarse, da renuncia dos poderes políticos, e en concreto do Goberno, cara unha institución que en boa parte escapa á súa lóxica. Para os responsábeis da política cultural un organismo como o Consello pode resultar incómodo, pero debe dicirse que, cos lóxicos desacordos (ás veces profundos), en xeral tiveron un comportamento correcto coa institución, de xeito particular nas coxunturas máis difíciles

que esta atravesou. Porque Carlos tivo que gobernar o Consello en momentos verdadeiramente complicados, sobre os que agora será preferíbel non estenderse. Seguramente, á parte do seu indiscutíbel prestixio persoal, unha das claves da boa relación institucional do Consello cos poderes públicos, en especial coa Xunta, reside na idea firmísima que Casares tiña con respecto ao papel daquel. Teno explicado reiteradamente: na

súa idea, a función do Consello non é a de fiscalizar o goberno (diso deben encargarse os partidos políticos representados no Parlamento), mais o de detectar problemas, elaborar solucións e deseñar propostas. Cando alguén lle dicía que o Consello debía xerar debate, el matizaba: non, máis ben reflexión.

Carlos estaba eu diría que case instintivamente convencido de que o diálogo é un gran parador non só de ideas mais tamén de solucións. Obviamente, reconecía a utilidade e conveniencia do debate político, pero sostíña que nas cuestións de fondo, en especial nas que atinxían os aspectos básicos de futuro dunha cultura fráxil, ameazada e deficitaria coma a galega, había que procurar acordos de longo alcance. Por acaso, unha das ideas ás que andabamos a dar voltas ultimamente, sobre a que espero que o Consello volva no inmediato futuro, é a da necesidade de forxar un gran pacto, político e social, polo idioma de noso; sen o cal, tememos, a política lingüística, aínda a mellor intencionada, está abocada á inanidade.

De Carlos Casares tense su-

blinado a súa tolerancia, o seu nulo dogmatismo, o seu carácter conciliador. Todo iso é xustísimo: era un home que durmía coa porta da casa aberta. Pero se cadra convén subliñar que esas cualidades nacían non dun cómodo refugio dos conflitos ou dun conformismo máis ou menos oportunista. Pola contra, alicerzábanse nunhas conviccións pétreas, nunha clareza de criterios cristalina, nunha definición nida canto aos obxectivos a longo prazo, nunha clarividencia fóra do común que lle permitían desbotar a casca e ir directamente á cerna das cuestións.

No revoltallo destas liñas, que xa van caendo no encozmático, cousa que el aborrecería, quedan no tinteiro os proxectos do Consello que Carlos acariñaba nos últimos tempos: a edición das obras de Sarmiento, o museo da emigración galega, a colección 'Gallaeciae Monumenta Historica'... Carlos Casares estaba nun momento pletórico, tiña a cabeza en plena ebulición, o corazón a rebordar de ilusión, e as mans cheas. Oxalá que o seu espírito e o seu exemplo nos dean alento e continúen a nos alumar. ♦

Un editor que amaba os libros e os soños

DAMIÁN VILLALAIN

Cando Carlos Casares se fixo cargo da dirección de Galaxia, alá polo ano 1986, atopouse cunha editorial necesitada dunha redefinición do seu proxecto e dunha fonda remodelación empresarial. En realidade, Galaxia viña de pasar unha das décadas máis difíciles da súa historia, cos seus homes principais entregados ós labirínticos labores de mediación e mesmo de intervención política directa que reclamaban a transición e a consolidación da autonomía. Fernández del Riego deixara a mediados dos anos 70 o seu traballo en Galaxia, e Ramón Piñeiro e o propio Casares estiveron dedicados á actividade parlamentaria entre 1982 e 1986. Xaime Isla acudía con frecuencia a Galaxia, pero as súas innumerables ocupacións políticas e culturais tampouco lle permitían consagrarse en exclusiva á Editorial.

Valentín Arias e Bieito Ledo desempeñaron sucesivamente durante eses anos a xerencia de Galaxia e ao actual director de Ir Indo hai que lle agradecer iniciativas tan fértiles como a Biblioteca Básica da Cultura Galega ou mesmo a compra do local no que aínda hoxe ten Galaxia o seu almacén. Por outra parte, o panorama editorial empezaba a experimentar importantes mutacións, pois a entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística e a introducción do galego en todos os niveis do ensino favore-



No seu despacho de Editorial Galaxia.

ceu a aparición de novos selos, algúns deles pertencentes a grandes grupos madrileños, dispostos a pelexar por un mercado novo e prometedor. Outro factor que non axudaba a Galaxia era a actitude hostil que cara a ela mostraban os sectores sociais máis prexuzosos e antigaleguistas e tamén unha parte do nacionalismo de esquerdas, obtu-

samente empeñado en converter a Ramón Piñeiro —e, polo tanto, a Galaxia— no malo da película.

Galaxia necesitaba naqueles momentos críticos un home como Casares, capaz de exercer o liderazgo interno, de modernizar as estruturas da empresa e de outorgar un rumbo claro a unha Editorial que, inevitablemente, xa non podía de-

sempañar nas novas circunstancias democráticas e autonómicas o mesmo papel que xogara durante a ditadura franquista. Certamente había moito que renovar. E Galaxia, baixo a dirección de Carlos, dotouse dun organigrama claro, creou un departamento comercial, renovou o Consello de Administración, puxo a andar novas coleccións, insuflou aire fresco nas vellas liñas de publicación, incorporou moitos autores novos, modernizou Grial e estableceu acordos de colaboración con entidades e institucións que axudaron a facer posibles proxectos atrevidos e fermosos de difícil viabilidade económica.

Pero, paralelamente a esta consciencia da necesidade de cambios, Casares sempre tivo claro que en Galaxia había tamén moitas cousas que manter, sobre todo no tocante ao espírito e á maneira de entender a cultura que animou a vida da Editorial desde a súa fundación. Hoxe, nun momento de completa mercantilización do mundo do libro, de devaluación nihilista e instrumental da literatura e do saber, de imperio do economicamente correcto, é curioso comprobar cómo ese espírito galaxiano, tan ben repre-

sentado polo discurso e a práctica de Carlos Casares, conserva e mesmo ve revitalizada a súa necesaria función recordatoria de que un libro é, debe ser sempre, algo máis que unha mercancia cun prezo de venda ó público.

‘O seu discurso e a súa práctica representaban o espírito de Galaxia’

O Casares editor non se entende sen o Casares lector. Coñecía moi ben o mundo literario e editorial español e comprendía que cada vez houbera máis editores que non len nin sequera os libros que eles mesmos publicaban.

Pero a súa tradición era outra, unha tradición na que cada libro era un obxecto precioso e único e na que a lectura ocupaba un lugar principal e imprescindible, capaz de deter o tempo, de dar lugar a interesantísimas conversas e mesmo de xerar soños de editor. Ultimamente estaba entusiasmado coa edición da Obra do Padre Sarmiento que vai abordar o Consello da Cultura Galega, coa Biblioteca Shakespeare que aloumina Galaxia, cos Encontros que a revista Grial pretende organizar en Mondariz, e con Mar Mayor, a marca coa que Galaxia se introducirá no mundo da edición en castelán. Será fermoso que todos eses soños rematen facéndose reais. ♦



Casares deuse a coñecer como escritor con *Vento ferido* (1967).

Unha obra inacabada

X.G.G.

Deixando de lado os libros para nenos, as biografías, os ensaios, etc., e mesmo ese libro engaiolador que é *Un país de palabras*, como narrador, a obra de Carlos Casares, sen ser breve, non estaba aínda acabada. Dous libros de relatos, *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío* (nalgunhas revistas, *Grial*, *El Urogallo* –primeira xeira-, non sei se algunha máis, hai publicados relatos seus que será hora de recoller), e máis cinco novelas, *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán* e *Deus sentado nun sillón azul*. E outra máis que, seica, está a piques de se publicar, *O sol do verán*. Non é pouco, mais...

Casares deuse a coñecer con *Vento ferido* (1967), algún dos relatos viran lume en *Grial*. Ben que a crítica ten colocado este libro, e os dous posteriores, dentro da chamada “nova narrativa”, os relatos casarianos era ben diferentes

dos libros que até entón se deran a coñecer dentro deste ciclo narrativo. Casares, neste volume e en *Cambio en tres* –e nos posteriores, agás *Os escuros soños de Clío* (1979), verdadeiro alto no camiño na narrativa do noso escritor–, está fortemente influído, din, por Cesare Pavese. Acho eu que a pegada de Pavese, se ben existe, está no ollar que bota sobre as personaxes destes dous libros: como nos pavesianos, o cansazo, a náusea de todo, a fuxida de si mesmos, etc., son dos deles. A influencia máis profunda é outra, de Hemingway, de Faulkner, quen á súa vez influirán fortemente no italiano. Unha influencia –completamente asumida e peneirada– que percorre toda a súa narrativa.

Deixando de banda *Cambio en Tres*, novela que cómpre reivindicar malia algún que outro infantilismo, e a pesar de que o autor renegaba até tal punto dela que non a vultou editar, esquecendo por un momento *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), novela non conseguida pola cá-

da que supón no autobiografismo, as tres grandes novelas de Casares son *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán* e *Deus sentado nun sillón azul*, tres obras que conforman, sen que o autor o pretenda, tanto unha especie de *work in progress* como un fresco da Galiza desde a segunda até a quinta década do século XX. Se a primeira desas novelas está atravesada por un humor sutil e tranquilo na que, na persoaxe central, trunfa a tolerancia, en *Os mortos daquel verán* usa, botando man dunha linguaxe curialesca, un humor macabro, dando entrada ao sarcasmo e denunciando a intolerancia e máis o crime. E a última, *Deus sentado...*, é, para min, a súa grande novela, á espera da que aparecerá postumamente.

Máis extensa que as anteriores, mais como as outras completamente medida –quer dicir, Casares mide e sopesa todo o que vai entrar na novela, non se permite disgresións máis ou menos inúteis, foxe dos tempos mortos, etc.–, e entrega sempre a medida *exacta*–, ofrece o retrato dunha cidade dominada polo terror que lle imprimen as súas clases dirixentes e pola covardía destas mesmas clases, e o retrato dunha personaxe odiosa e covarde, sen caer en fáceis sarcasmos nen tartufismos políticos que acaban en consignas fixas que neutralizan toda análise, todo criterio para discernir. Como en toda a súa narrativa, o autor demostra o seu coñecemento das técnicas narrativas e verbais aprendidas dos escritores citados: economía de medios, mais fuxindo de todo o que poida significar “eficacia”, punto de vista múltiple, aínda que ás veces se perceba un narrador omnisciente, moral da escrita, que é poética sen que se note a impregnación da poesía, frases traballadas e plenas de información e unha oferta ao lector: unha lectura “secreteta” destas tres novelas que converten esta impensada triloxía nunha obra sobre o perdón, a tolerancia e a memoria.♦

O sol céganos de novo

DOLORES VILAVEDRA

Oñlle moitas veces a Carlos Casares afirmar con retranca que hai persoas que queren ser médicos e outras que só aspiran a vestir bata branca. Pois ben, el, que era calquera cousa menos frívolo, poucas cousas menospreciaba máis que a pompa e a grandilocuencia. Como escritor, interesábanlle fundamentalmente as historias e os sentimentos. Fuxía da retórica como do demo e procuraba esforzadamente a comunicación co lector. O estilo está na súa obra sempre ó servizo do narrado. De aí tal pluralidade de técnicas e rexistros, tal abano de voces, tantos puntos de vista, tantas novelas tan diferentes... ¿diferentes?

Se cadra, as razóns son outras, e ese dominio do punto de vista que tantas veces amosou o Carlos Casares escritor explícase pola capacidade do ser humano homónimo para poñerse no lugar do outro, para dialogar e pactar, soñarse distinto, soñarnos diferentes... unha xa non sabe ben que crer, a estas alturas. Porque percorrer a súa obra é transitar polo gume do escalpelo implacable que empregou para analizar a condición humana nos contos de *Vento ferido*, coa destemida ousadía que só posúen os novos novos; é explorar algúns dos nosos vieiros que abiron fiestras de luz nunha literatura anquilosada como era a galega naqueles fanados anos nos que pu-

blicara *Cambio en tres*; é deixarnos cativar pola dimensión profundamente humana do protagonista de *Ilustrísima*; é devolverlle a palabra ás voces silenciadas pola barbarie fascista en *Os mortos daquel verán*, ou chiscarle un ollo á Clío, a musa da Historia, e

seu, no que se atopaba cada vez máis el seguramente porque podía ser máis outro, xogando ás agachadas con esa aburrída –por teimosa– da realidade.

Entramos nese mundo e voltamos a ser nenos, voltamos a namorarnos e ilusionarnos, o

“Con
O sol do verán
déixanos unha
nova novela
ambientada
no espacio idílico
do seu Ourense
natal”

sol céganos de novo, sentimos unha vez máis a súa calor como promesa de vida na súa pel e, xa está, somos outros; de paso, así coma quen non quere a cousa, o texto vai sementando en nós algún interrogante, coma os que desprezara en *Deus sentado nun sillón azul*, e desafíanos a procu-

rarlle resposta, máis que nada, xa digo, por non perder a práctica, non vaia ser que nos esquezan algunhas das responsabilidades que conleva a nosa condición humana.

E agora, o escritor, cun xesto elegante e un sorriso retranqueiro dos seus, convidanos a visitar ese mundo soñado para nós: sen bata branca, sen tomarse demasiado en serio, como el era. Despois de todo, só se trata de literatura.♦

Da Galiña azul a Un polbo xigante

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

A década dos sesenta foi unha etapa clave dentro da literatura infantil en galego. Era un tempo difícil, pois estábamos na longa noite de pedra do franquismo. Aínda así, a resistencia cultural da posguerra comezaba a dar os seus froitos. Un deles foi a conciencia de que era necesario editar libros dirixidos aos lectores infantís, aínda que o galego estivese prohibido nas aulas e eses libros tivesen dificultades case insalvables para chegar aos seus potenciais destinatarios.

Esa conciencia foi a que levou á Asociación Cultural O Facho, de A Coruña, a convocar no ano 1968 un “Concurso Nacional de Contos Infantís”. Non puido comezar con mellor pé esta iniciativa, pois o texto gañador foi *A galiña azul* de Carlos Casares, que só un ano antes publicara *Vento ferido*, o seu primeiro libro.

A galiña azul, publicado aquel mesmo ano, e amplamente reeditado deica hoxe, xa hai tempo que se pode considerar un clásico. E non porque sexa un dos primeiros libros importantes da nosa literatura infantil, senón polo seu carácter seminal: dalgun xeito, abriu un camiño que logo sería explorado con largueza por outros escritores. O conto de Casares, ademais de ser unha contundente proclama contra a

uniformidade e unha loanza da diferenza e da liberdade individual, é unha mostra magnífica das posibilidades que ofrece a fantasía e o xogo coa lingua.

En 1972 aparece a tradución galega de *O príncipio* de Saint-Exupéry, feita por Casares. Un título fundamental, que abriu o camiño das traducións ao galego dos mellores libros doutras linguas; foi unha semente que agromaría con forza máis adiante, xa na década dos 80.

Un ano máis tarde, en 1973, a asociación O Facho, vistos os excelentes froitos do seu concurso de contos, decide crear un “Concurso de Teatro Infantil”. E de novo volvemos atopar a Carlos Casares abrindo camiño, pois obtén o primeiro premio con *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), un texto enchoupado de humor que explota ata as últimas consecuencias as vetas da fantasía e do teatro do absurdo.

A seguinte achega de Casares volve darse cando se está a abrir un novo viero (e van catro): o das coedicións con outras editoriais para poder publicar textos nas catro linguas do Estado. Galaxia (nese á catalana La Galera e á vasca Elkar para crear a colección “A Chalupa”). Entre os títulos que a inauguran está un texto galego,

O can Rin e o lobo Crispín, outro delicioso conto de Casares, ilustrado por Pedro de Llano.

Máis tarde, no inicio da década dos noventa, Casares abordaría unha serie de libros con personaxe propio, dirixida aos primeiros lectores: os cinco títulos de *Torbio*, ilustrados por Penélope Ares. E un pouco despois, en 1996, aparecería o conto *Lolo anda en bicicleta*, ilustrado por Manuel Uhía, dentro da colección Bambán, outra aposta de colaboración entre editoras catalanas, vascas e galegas.

A última contribución de Carlos Casares foi no ano 2000, cando publicou, nunha edición moi coitada e cunhas ilustracións maravillosas de Enjamio, *Un polbo xigante*, un texto de altura, onde conflúen con brillantez a maxia de narrador oral que o autor posuía co humor e a fantasía xa presentes no seu primeiro texto, o inesquecible *A galiña azul*.

Dez títulos de autoría propia, todos eles de curta extensión, é o herdo que Casares nos deixa. Dez títulos que exerceron unha influencia determinante na evolución da literatura infantil galega. Algúns deles xa teñen a aura dos textos clásicos, e é ben doado predecir que a súa importancia ha medrar aínda máis co paso dos anos.♦

Hai máis de un ano tiña xa escrita Carlos Casares a que sería a primeira versión da súa nova novela. Durante este tempo o escritor puliu e deulle voltas a unha historia que esperaba ver publicada en breve. *O sol do verán* é o título da que será a súa sexta e derradeira novela e que chegará en abril as librarías baixo o selo de Galaxia. A obra relata unha historia de amor da que ofrecemos agora as primeiras das súas máis de duascentas páxinas.

O sol do verán

CARLOS CASARES

I

No pouco tempo durante o cal puiden ver o corpo espido de Carlos, morto e tirado na bañeira, antes de que Arturo me sacase pola forza do cuarto de baño, pareceume que da parte dereita da cabeza do cadáver, á altura da tempa, penduraba un cacho pequeno de óso esmigallado en anacos minúsculos e afiadados, igual que se fosen os fragmentos da casca dunha noz que se acabase de partir. Desde aquela noite, o estoupido da pistola que acabou coa vida de Carlos asociéino con esa imaxe, non polo ruído da arma en si, senón porque me parecía que se batera, igual que se caese un raio, no marco da ventá. Sen embargo, porque fora aquel un día de temperatura suave e porque a claridade do ceo non desaparecera aínda do aire da noite, limpo e transparente como o río que corría uns centos de metros máis abaixo da nosa casa, non resultaba probable que aquel ruído fose o que eu estaba pensando. Só uns minutos máis tarde, ó aclararse o que acababa de suceder, foi cando se me cravou na cabeza a idea de que un disparo de pistola é como o ruído dunha noz grande que se casca sobre unha mesa cun golpe seco e preciso.

Agora, transcorridos dez días desde a morte de Carlos, a imaxe dese ruído segue dentro de min, agrandada ademais polo sentimento de que el se foi daquela maneira inesperada,



como se partise de viaxe para sempre sen avisar, fuxindo pola noite, amparado pola escuridade e sen dicirme adeus, como un ladrón. Pechada eu soa nesta vella biblioteca, paso horas ordenando papeis, movendo libros dun sitio para outro, ou simplemente sentada na butaca de coiro que está ó pé da ventá que se abre cara ó río, pero coas contras arrimadas porque me molesta a luz do sol. Refuxiada na penumbra, penso en Carlos, naquel ruído de noz cascada que me espertou xusto cando me acababa de deitar,

poucos minutos despois de despedirnos no medio do salón. Pero sobre todo, penso no Carlos que coñecín aquí nesta casa hai preto de vinte anos, cando eramos nenos e el veu pasar o primeiro verán con nós, invitado pola miña nai. As lembranzas de todo ese tempo soben e baixan pola miña memoria, ás veces desordenadas e confusas, como un rabaño atacado polo lobo, e outras veces claras e precisas, mesmo como se fosen vivencias en relevo, igual que se máis alá desa fiestra entorxada que me defende da inten-

sidade deslumbrante do sol, o mundo fose de novo aquel que era, aqueles días felices de tantos veráns azuis que pasamos xuntos na casa de Beiro, esta mesma casa onde vivo desde que casei.

Penso en Carlos e non sei en quen estou pensando realmente, se naquel rapaz divertido e atoleirado que podía desencadear unha catástrofe cando se lle atravesaba calquera loucura repentina na cabeza, ou naquel mozo adolescente que de pronto, nun verán, se converteu para min nunha especie de descoñecido, tamén unha miga triste e melancólico, calado e retraído como non fora nunca, ou no Carlos dos últimos anos, novamente divertido como cando era neno, ás veces un pouco desconcertante e enigmático, sempre alegre e contento, que nos veráns pasaba horas falando comigo polas noites, sentados dous na solaina aberta desta casa de Beiro, onde estou agora. Desde hai uns días, cando a miña nai regresou á súa casa, abaxo na cidade, despois do enteiro, e unhas horas antes tivemos unha longa conversa as dúas soas pechadas nesta biblioteca, mentres Arturo, o meu home, paseaba pola horta, Carlos pasou a converterse no grande interrogante da miña vida. Coñecín a un neno cheo de vida e a un mozo alegre, de corazón limpo, e vin tirado na bañeira a un home de vintesete anos, co rostro duro, escondido e amurallado detrás da barreira impene-trable da morte.



Desde que marchou a miña nai, leo e releo as cartas que ela me deixou coa promesa de que non as lese ata que se fose; es-

pío cada palabra, doulle voltas a cada liña e a cada frase e busco detrás dos seus múltiples significados a razón oculta que me explique por qué Carlos se foi da miña vida desta maneira. Por veces, sinto rancor, experimento unha furia de lume que destrúe a imaxe inmaculada das nosas lembranzas, pero de seguida me volve a calma, recupero os recordos máis fermosos e entón quedo envisa no pasado, colgada da alegría daquela infancia feliz, e sorpréndome sorrindo a pesar da dor que aínda me morde no corazón, fascinada polas traxeadas inocentes de Carlos, engaiolada cos xogos que discorría e as historias que me contaba, asombrada polas cousas que dicía. Só cando penso nas últimas horas que pasamos xuntos, antes da súa morte, durante o paseo que demos no seu auto deportivo pola noite, a longa conversa que mantivemos parados na curva que hai antes do túnel de Quintela, ou na baixada de San Vitorio, e os sucesos que viñeron a continuación, neses instantes vénme a cabeza a idea de que Carlos o destruíu todo inutilmente co tiro que se pegou na bañeira. Se el seguise aquí, estou segura de que eu non tería que pechar a contra da biblioteca para defenderme do sol, como agora. Porque non é o sol o que me molesta, senón a sensación que sinto, desde que lin as cartas da miña nai, de que Carlos enturbou para sempre a luz transparente que rodeou as nosas vidas durante os veráns de Beiro e que aínda iluminaba o ceo dunha límpida color azul turquesa a última noite que pasamos xuntos. ♦



ESPIRAL
MAIOR
EDICIÓN S

ler é ser




OBRA POÉTICA COMPLETA

Manuel María

PREMIO

MELLOR LIBRO DO ANO 2001
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA
XI Edición Premios Irmandade do Libro

Á venda en todas as librerías



Sobre estas liñas *Can* (1973). No grupo que está a carón, de esquerda a dereita e de arriba a baixo: *Personaxe a contraluz* (1975), *Personaxe en verde* (1975), *Sandías* (1973), e *Personaxe en gris* (1976).

O México íntimo de Rufino Tamayo

A. ESTÉVEZ


Os grandes pintores Rivera, Orozco e Siqueiros ofreceron a Rufino Tamayo sumarse a eles para formar unha tetraloxía semellante a dos evanxelistas. Pero negouse. No Museo de Pontevedra pódese ver unha mostra da obra doutro *grande* do arte mexicano.

Diferenciábase dos pintores contemporáneos mexicanos, aqueles que contribuíron ao rexurdir cultural do país despois da revolución, en que el non intentaba amosar explicitamente a esencia da cultura mexicana. E, aínda así, os caracteres étnicos dominan boa parte da súa obra. Para Rufino Tamayo (1899-1991), "a pintura ten como venturosa peculiaridade que o seu futuro está sempre aberto ao infinito, como o están as súas posibilidades e nunca poderá sufrir desvíos cara outras formas plásticas de expresión". A dicir dalgúns críticos, o traballo de Tamayo era un "contrapeso" aos motivos nacionais que dominaban a pintura dos anos vinte e trinta, cuos protagonistas eran Diego Rivera, David Alfaro Siqueiros e José Clemente Orozco.

Compáranlo a un Matisse máis violento e aseguran que os seus verdadeiros coetáneos, non foron os seus paisanos, senón Balthus ou De Kooning. Tamén din que detestaba "o arte con mensaxe", que optou por seguir unha liña persoal. Sen embargo, sen o patriotismo que impregnaba o muralismo mexicano da época, o pintor nacido en Oaxaca nunca abandonou a inspiración da súa terra. Ata fin de mes pódese ver no Museo de Pontevedra a colección de obra gráfica que postie a Fun-

dación La Caixa. Son augafortes e litografías realizadas durante as décadas dos setenta e os oitenta.

Di Anna Palomo, comisaria da mostra, que "o Corpus fundamental dos traballos de Tamayo é sentido: non se apprehende só coa vista, un debe mergullarse neles e deixarse envolver. De marcado carácter expresionista, a obra do mexicano discorre entre o lirismo do que fai gala continuamente, o ritmo, a harmonía e sobriedade compositiva. Con todo o mundo ao lombo, o seu, Tamayo conseguiu fuxir de consideracións xerais e confe-



Retrato da señora Natasha Gelman (1948)

riu a cada unha das súas obras o carácter íntimo e dramático co que expresou todo aquilo que tiña en común cos seus coetáneos". Ao observar a obra exposta en Pontevedra, pódese comprobar que, non por renunciar á explosión de cor de Rivera ou de Frida Kahlo, perde a capacidade de expresar a tradición. As súas fontes tamén foron a arte prehispánica e as artes populares.

Tamayo tivo un grande recoñecemento en vida. Residiu vinte anos entre Nova York e París. Os anos co-renta foron os de exposicións en Estados Unidos e por toda Europa. No ano 1950 a Bial de Venecia dedicáballe unha sala especial e dous anos máis tarde remataba o seu primeiro mural para o Pazo de Belas Artes de México e pouco despois outro, *O Home*, re-

alizado no Museo de Belas Artes de Dallas. Despois de instalarse definitivamente en México nos anos sesenta, inventa con Luís Remba a mixografía, unha técnica nova pola que fusionan cores e texturas no papel.

Terra e amor

Participou activamente na posta en marcha do Museo de Arte Contemporáneo Internacional que leva o seu nome no bosque de Chapultepec da capital mexicana. Dooules a valiosísima colección de arte que fora reunindo durante anos. Hoxendía é un dos espacios artísticos de maior relevancia en todo México.

El michacho del violón foi o último cadro antes de morrer en xuño de 1991, cando traballaba nun autorretrato de Olga, a súa muller. Antes amoreáronse o galardóns e recoñecementos. O centenario do seu nacemento, en 1999, celebrouse por todo o alto no seu país. A nós chéganos un anaco do pintor a través desta exposición en Pontevedra na que se ve o seu facer simple e todo o partido que Tamayo saca da cor. "Contemplo a terra e o espacio, observo, pinto, e sinto que vai xurdindo en min un grande amor", dicía o artista de Oaxaca, cuos restos están nun museo, o mesmo que leva o seu nome na capital mexicana. ♦

de SEMANA



2002

Xaneiro	25-27	-FRANQUIATLÁNTICO 2002: Feira da Franquicia Galicia-Norte de Portugal	
	25-27	-SALÓN EMPREENDEDOR DO ATLÁNTICO	
Febreiro	1	-ASSEMBLEA DA AFE: Asociación de Ferias Españolas	
	14-17	-CAMPIONATO DO MUNDO DE SALTOS	
	22	-XORNADA DE COMUNICACIÓN SOBRE O CENTRO TECNOLÓXICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA	
	22	-REUNIÓN ANUAL INFORMATIVA DE CAIXANOVA	
Feb/Mar	28-3	-SPORTALYA: Salón do Deporte de Aventura, Extremo e Alternativo	
	28-3	-ARTISPORT: Salón do Artigo Deportivo	
Marzo	4-15	-CURSO ORGANIZACIÓN E CONTROL DE ALOXAMENTOS	
	7-10	-III SALÓN VEHÍCULOS DE OCASIÓN	
	16	-CEA-BAILE DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO	
		-XUNTA LOCAL DE MOS	
	21	-1º CONCURSO ESCOLAR FACENDO HISTORIA	
	21-24	-M.T.C. 2002: Feira da Construción do Atlántico	
Abril	24	-ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA E ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL	
	6	-13ª CONVENCIÓN DE CÍRCULOS DE CALIDADE DE PSA-PEUGEOT CITROËN	
	8-19	-CURSO ORGANIZACIÓN E CONTROL DE ALOXAMENTOS	
	11-14	-FEGATEX 2002: Maquinaria Téxtil e Xéneros de Punto de Galicia	
	16-27	-CURSO ORGANIZACIÓN E CONTROL DE ALOXAMENTOS	
	27-5	-XI SALÓN DO AUTOMÓBIL, MOTOCICLETA E INDUSTRIA AUXILIAR DE VIGO	
		-CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RALLIES 2002	
	28	-ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL	
	Maio	9-12	-MOTOROCASIÓN
		16-19	-VIGONATURA 2002: Feira da Ecoloxía e Calidade de Vida
18		-ASSEMBLEA ANUAL DE EMPREGADOS DE ALCAMPO	
Xuño	23-26	-II SALÓN NÁUTICO INTERNACIONAL DE VIGO	
	1-2	-CAMPIONATO DE PETANCA DE VIGO	
Xuñ/Juñ	2	-ASSEMBLEA DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL	
	17-17	-III CURSO PARA A XUVENTUDE DE CONDUCCIÓN EN CIRCUNSTANCIAS ADVERSAS	
Xuño	21-22	-CONGRESO GALAICO-PORTUGUÉS EMPRESARIADO E PERSPECTIVA DE XÉNERO	
	14-18	-CSI 2002: Concurso de Saltos Internacional de Vigo	
Agosto	28	-VII TROFEO CICLISTA, FESTAS DE VIGO	
	14-15	-XV EXPOSICIÓN INTERNACIONAL CANINA C.A.C.I.B. E L EXPOSICIÓN NACIONAL CANINA DE GALICIA	
	20-22	-SATT: Salón Atlántico Novas Tecnoloxías da Telecomunicación	
Outubro	1-3	-CONXEMAR 2002: Feira Internacional de Produtos do Mar	
	26-28	-CAPACIDADE 2002: Salón Monográfico de Axudas Técnicas	
Out/Nov	29-3	-VIGOFEIRA 2002: Feira Multisectorial de Galicia e Portugal	
		-SALÓN DO MOBLE	
	31-3	-EXPOGALAEICIA 2002: Salón do Turismo, Artesanía e Gastronomía	
Novem	4-10	-CAMPIONATO DE ESPAÑA DE PETANCA	
	21-24	-ALUMOSTRA: Salón Monográfico do Cerramento en Aluminio e Afíns	
Nov/Dec	30-2	-SALÓN DA HOSTALERÍA DO ATLÁNTICO, S.H.A.	
		-SALÓN DO EQUIPAMENTO PARA A RESTAURACIÓN, HOSTALERÍA E COLECTIVIDADES.	
		-SALÓN DA ALIMENTACIÓN	
Decem		-V CEA DE NADAL DA AGRUPACIÓN DE ANTIGOS XOGADORES DE FÚTBOL DO REAL CLUB CELTA DE VIGO	
		-II FEIRA DA INFANCIA E XUVENTUDE	

Avenida do Aeroporto 772
Coto grande - VIGO
Tel: 986 486 144 Fax: 986 486 071
www.ifevi.es

 **IFEVI**
INSTITUTO FEI RAL DE VIGO
COTOGRANDE

Os datos aquí facilitados están clasificados e cambiados e modificacións, para máis información contáctese a nova páxina web en www.ifevi.es ou chamame a seguinte número de teléfono 986 486 144



PACO VILABARROS

Xoguetes cunha vara de paraugas

A. ESTÉVEZ

Para os cativos de agora semella imposíbel que se constrúan xoguetes con noces, carretes de fío, cocas de carballo ou un anaco de sabugueiro. Xosé Manuel García ensínanos desde Vilanova de Lourenzá (Lugo) como xogaban os nenos de antes.

O *rin ran* ou *riqui raque* de noz ten xa un nome divertido. Con dúas noces os rapaces podían fabricar un aparello ruidoso para incordiar e sentirse protagonistas. Fúranse as dúas noces e, introducindo un pao, conséguese un son. O baleirado da noz provoca efecto de caixa de resonancia. É un dos máis chamativos dos que constrúe Xosé Manuel García. “Nunca pensei en expoñelos. Eu fago xoguetes no tempo libre, dos que recordo de cando neno e dos que lembran as xeracións anteriores. Só llos ensinaba aos meus fillos e a outros nenos que andaban canda eles. Pero estou sorprendido do interese que esperan”, explica este veciño de Lourenzá.

Nas últimas semanas os xoguetes populares que Xosé Manuel recupera puideron ver no centro de ensino secundario “Francisco Sánchez” de Tui. Despois de catro anos traballando na súa recuperación, un amigo, Xosé López, axudoulle a catalogalos e a divulgarlos. Así que agora cada xoguete conta cunha explicación tanto de como se constrúe como do xeito de disfrutalo. Os estudantes do centro



PACO VILABARROS

tudense abraiaron a Xosé Manuel coas súas preguntas e co seu interese por traballar coas mans.

“Todos teñen o seu aquel. Eu non podería dicir cal me gusta máis, porque ata o que ten o mecanismo máis simple resulta interesante por esa razón”, explica. Exemplos de simpleza son o barco de casca de piñeiro, un asubío de herba de serra e outro de espadana, para o que só se ne-

colocar nun ángulo adecuado. O listado dos perto de cen xoguetes recuperados abrangue arcos e frechas, canizas, axóuxeres, andacamiños e peonzas.

Xosé Manuel García xogou de neno con algúns deles “aínda que a min xa me tocou unha infancia con xoguetes de plástico”. Construídos a partir da natureza, con cadansúa estación do ano adecuada e de moi baixo custe, estes xoguetes foron desaparecendo. “Son representativos non só de Lourenzá, senón de Galicia e de fora, porque todos os nenos do rural servíanse da natureza para xogar”, afirma Xosé Manuel García.

Divulgar entre os rapaces este xeito de xogar é tamén, segundo explica Xosé López, é demostrar como árbores, plantas e materiais de refugallo ofrecen moísimas posibilidades de diversión. “Trátase de amosar como xogaban os nosos avós, os nosos pais e nós mesmos cando a imaxinación era un valor moi prezado e os míseros recursos económicos estimulaban o maxín”, sinala López para comentar seguidamente “¿a que maior non lle gusta lembrar eses xoguetes?” ♦

Coas cousas importantes non se xoga

PILAR PALLARÉS

Imaxes cinematográficas e televisivas: nun filme de ciencia-ficción de serie B, redimido pola presenza de Vanessa Redgrave ou Robert Duvall, un asteroide pon en perigo a supervivencia na Terra. Só uns cantos escolleitos poderán refuxiar-se nun búnker-arca de Noé, cunha parella de animais de cada especie. Entre eles algúns científicos, algúns artistas, algúns mestres.

Na outra, nunha recente reportaxe, un rapaz mozambicano fala da súa vida de pescador e dos estudos traballosamente proseguidos ao longo dos anos. Sabe que só estudando poderán saír da pobreza, vencer un fado que os poderosos lle queren escribir.

Será inxénuo nesta altura perguntar cal debe ser a funxión do Ensino? Estará ultrapasado pensar que o saber pode ser un instrumento de libertación? Foi iso para moitos da miña xeración, netos de labregos, fillos de obreiros, conquistadores do bienestar burgués graciosamente ao paso polos Institutos e universidades; foi no apesar de realmente estar programado para funcionar como proceso de selección.

Será fin coñecemos algo do que vai ser a Lei de Calidade do Ensino. Ninguén mostra moito interese en saber que pensamos os profesores e os estudantes, porque esta é unha batalla máis entre políticos. Uns, o PSOE, teiman en defender o indefendible: un sistema falsamente progresista, pseudo-igualitario, que converteu os Institutos en guarderías onde os adolescentes son aparacados para non molestaren uns pais que non poden aténdelos e, sobretudo, para ir adiante o momento da entrada nun mercado de traballo cada vez máis escaso; outros, PP e adláteres, aproveitan o sentimento xeral de desfeita e a necesidade de medidas tan racionais como a supresión da promoción automática, a repetición de curso ou a existencia de aprobar todas as materias para obter o título de ESO, para incluír outras tan retrogradadas como a creación de itinerarios diferentes segundo o nivel e rendimento de seres humanos na idade máis inapropiada para escolleren camiño. Nada máis mudábel e maleábel que un adolescente; nada máis dependente das condicións sócio-económicas, aquelas que o Ensino debe minimizar, en lugar de as consagrar e perpetuar.

Entre un modelo pseudo-progre que continuaba a practicar a selección – dividindo á calada os estudantes en grupos de bons, torpes e conflictivos – e o retorno a un modelo selectivo puro e duro, unha xeración derramada e esa convicción, xa tan estendida, de que éxito e coñecimento nada teñen que ver. Abonda con reparar no que significa “éxito”. ♦

GARRINCHA



Clase de piano con Chucho Valdés

A. ESTÉVEZ

Chucho Valdés trouxo o seu jazz afrocubano á Coruña, Vigo e Ourense. Considerado un dos mellores pianistas do mundo, cóntanos como vive o mellor momento profesional da súa vida.

Cunha morea de concertos ás costas, non está canso. "¿Como vou estar? Estou empezando unha nova xira e, ademais, pese a experiencia sempre me atopo nun proceso de aprendizaxe continuo", di. Falamos con el no camiño entre A Coruña, o seu primeiro concerto en Galicia e Vigo, a segunda parada. Este músico de dous metros de altura e mans prodixiosas mantén sempre un ton amábel e dedica moitos piropos ao público galego. "Estou moi contento. A actuación da Coruña foi fantástica, sobre todo pola reacción entusiasta do público. Teño, ademais, moitos amigos galegos".

Conta que xa choveu desde que fundou o seu primeiro trío de piano, baixo e percusión cubana. Non chegaba aos vinte anos, pero xa daquela tiraba polo jazz. "É verdade que facíamos música popular cubana, pero desde o principio da miña carreira o jazz estivo presente. Empecei a estudar música moi cedo, de cativo; eu mamei música desde o principio polo meu pai". Bebo Valdés, agora vivindo en Suecia, é o seu pai e un dos principais responsábeis de que Chucho, hoxe con sesenta anos, sexa aclamado non só en América senón por toda Europa.

Bebo, ademais de converterse no seu primeiro profesor de piano, foi responsábel nos anos cincuenta e sesenta da música no Tropicana, mítico local da capital de Cuba. Pilar, a nai de Chucho, tamén se dedicaba á música. "O meu foi un medioambiente musical. Ia para o Tropicana e o meu pai presentábase os mellores músicos cubanos, brasileiros, estadounidenses, etc.". Cachao, Benny Moré, Bola de Nieve ou Celia Cruz foron algunhas das figuras coas que o pequeno Chucho tiña relación. "O meu pai di que un día que voltou a casa a recoller unhas partituras, atopoume tocándoas ao piano. Así que el está seguro que aprendín de tanto poñerme detrás del cando estaba sentado tocando", lembra.



PACO VILABARROS

Cos novos artistas

A relación cos Estados Unidos é moi estreita. Os seus últimos discos *Bele Bele en La Habana*, *Briyumba Palo Congo*, *Solo-Live in New York* e *Live at the Village Vanguard* están editados no selo estadounidense *Blue Note Records*. Polo último dos traballos citados acadou o *Grammy* ao mellor álbum de la-

tín jazz o pasado ano. Era a terceira vez que lle concedían o premio. "Non falo de política cando me refiro aos Estados Unidos, para min trátase dun intercambio cultural. Cuba ten unha relación musical estreita con eles, o mesmo que a ten con todo o mundo. A min sempre me reciben cos brazos abertos. Toquei nunha morea de clubs e impartín clases en

Berkley, Manhattan e Los Angeles. Compartín escenario con músicos tan importantes como Wynton e Bradford Marsalis. De alí son os mestres do jazz", sinala.

Tamén el está considerado un mestre. É unha das facetas das que sente máis faghenda. Ensinar a novos músicos e criar escola. Aí está *Irakere*, big band que fundou e que sigue funcio-

nando como factoría de novos artistas trinta anos despois. Na Habana dirixe o Instituto Superior das Artes e preside o Festival de Jazz. Ademais foi nomeado Doutor Honoris Causa nas universidades de Victoria, en Canadá, e na da Habana por axudar ao desenvolvemento cultural universal. "Iso senta moi ben porque botamos unha man aos novos músicos para que busquen o seu camiño. Neste momento hai unhas esixencias moi altas no ámbito musical cubano. Todos os anos a illa produce artistas coa súa propia personalidade que dan novas voltas á música popular". El mesmo segue dándolle as voltas a música sen aburrirse: agora proporciona un toque jazzístico a Chopin, Debussy e Ravel no directo do *Village Vanguard*, de Nova York. A filosofía musical de Valdés é que non hai límites para a fusión. "Canto máis nos abrimos, máis cultos somos", di.

Antes de desexarlle sorte nas súas actuacións galegas —non a precisa, entre outras razóns porque estaban vendidas as entradas nos tres teatros desde días antes—, preguntámoslle polas películas *Buena Vista Social Club*, de Win Wenders, e *Calle 54*, de Fernando Trueba. Ambas serviron para divulgar en Europa a música latina. "En *Buenavista* revivese unha época xa pasada, cos artistas de certa idade que recrian o xénero con moita dignidade. Pero non é a música cubana que se fai na actualidade, con camiños contemporáneos que non entran nunha película realizada intencionadamente cunha onda retro. Por outra parte, a de Trueba centrase no latín jazz, e é un aporte incribel para este estilo". Nunha escena de *Calle 54* reencóntranse Chucho Valdés e o seu pai e mestre Bebo tras anos sen verse. "¡Hijo, que cara de sapo tiens!, saúda este ao ver o corpo que botou o pianista. Teño que dar grazas á vida afortunada que me tocou, na que só teño que crear música e máis músi-

AS CATRO ESTACIONES

A Casa

Verán

AS CATRO ESTACIONES

A Cidade

Verán

AS CATRO ESTACIONES

A Natureza

Verán

AS CATRO ESTACIONES

A Ciencia

Verán

Sede do Bazar Educativo
 Sur Marceño, s.d. - 13320 Saindo do C. Compostela
 T: (910) 081 333.371 - Fax: 981 337 200
www.sedeeducativa.com

Emigrar en terra propia

LUISA VILLALTA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saíamos da terra ou non.

O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicendo, e até nen creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cántame dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudioso, que se aprontou a darlle un consello: "Que non faga o tonto. E total p'ra que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga!" Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe.

Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un nós colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico. Mesmo eu diría que en xeral as familias, sentíndose parte deste exilio común, acusan solidariamente, como un clan no que non hai vontades nen liberdades individuais, a precisión de deixar os fillos ao outro lado dese río invisíbel, interior e metafísico, que chaman progreso, esquecidos da culpa rural e renacidos sen mágoa ao maremagnum urbano, sen pai nen nai nen pasado nen historias de vellas, tal como se os tivese parido a televisión. Máis que sangrado imparábel do noso espírito colectivo, creo que as cotas actuais de desuso do galego son a alarmante cuantificación dun éxodo. A perspectiva real ou imaxinaria de que a vida sempre está noutra parte fixo arraigar en nós o lado máis desestabilizador e debilitante da modernidade.

Máis emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno. E só se pensa seriamente en retornar cando as cousas, xa do outro lado, van moi ben ou van moi mal. Non sei se é un ou outro o motivo, pero a meirande parte de usuarios voluntarios e conscientes do galego son, somos, retornados con vontade de ficar. O único que falta é que a vida poda estar sobre todo aquí, alentando e facendo posíbel un masivo regreso. ♦

Sonos Electricos

César Lorenzo

Co xeonllo pegado ao asfalto

Os afeccionados ao motociclismo levan xa varias semanas trincando as unllas, ensaiando os resortes do sofá e brunindo o casco. Para matar os nervios, os xogadores da Playstation teñen agora a oportunidade de vivir os mellores intres do Campionato Mundial de motociclismo. Sen necesidade de gastar o diñeiro nunha cazadora Dainese, Sony propón unha aventura moi entretida a través dos máis importantes circuitos do mundo co xogo *Moto GP2*.

Desenvolvido por Namco, *Moto GP2* pretende ser un xogo a medio camiño entre a vibración das carreiras dos vellos xogos clásicos e a simulación da difícil conducción dos mellores pilotos. Para conseguilo, o propio xogo diferencia os modos arcade e simulación. No primeiro, é ben doado acabar unha volta completa sen bicar a estrada. Pero no segundo, hai que termar moi ben do guiador para non acabar estrado na primeira curva perigosa que tomemos.

Os circuitos están reproducidos con escrupulosa semellanza. Nótase mellor no modelo de carreira de adestramento, onde Suzuki, no Xapón, Jerez, Montmeló ou Le Mans (Francia) cobran vida, desde a textura do asfalto ata a exactitude dos valados publicitarios, obviamente pagos polas marcas comerciais patrocinadas do Campionato da Federación Internacional de Motociclismo. Respecto á primeira versión deste xogo, inclúense catro novas pistas.



No *Moto GP2* os xogadores poden experimentar a sensación de controlar unha moto de 500 cc. con todo luxo de detalles.

Facendo o bo perfecto

Está claro que *Moto GP2* pretende ser unha versión mellorada da súa antecesora. Nada máis. Non se intentou cambiar a estrutura do xogo nin se introducirun puntos de enganxe para aqueles que teñan o primeiro xogo. É máis. Non ha de haber moitos usuarios da primeira parte que gasten 60 euros por esta continuación.

A constatación de que os creadores desta segunda parte quixeron facer o bo perfecto está

no tratamento das condicións meteorolóxicas. A chuva acaba prendendo no obxectivo da cámara e o seu son cóase por entre o barullo do motor ao pasar por entre os pneumáticos. Tamén no aspecto gráfico, os creadores deste xogo inseriron unha realización das carreiras claramente televisiva, que combina planos inverosímiles, como os captados en primeiro plano desde o casco dos pilotos, cos xerais ou os de detalle, ao deitar nunha curva ou ao estrangular o acelerador ao entrar nunha recta.

Outra das opcións máis chamativas deste xogo é a posibilidade de correr xunta a grandes lendas do motociclismo. No apartado que recibe este nome, o xogador de Playstation pode competir do lado de Mike Doohan, por exemplo.

Este xogo, no que poden competir dúas persoas en modo multixogador, é a mellor maneira de esperar o retorno da competición das motos, que comezará en abril. Para aquelas, moitos xa terán as xeonlleiras gastas de tanto burlarse do risco en *Moto GP2*. ♦

Meu Santo, Miña Santiña

francisco a. Vidal

Santo Patricio apóstolo de Irlanda

Recén investido bispo de Irlanda, Patricio dispoñíase a explicar a paixón de Cristo cando viu que entraba na igrexa o Rei coa corte para ocupar os primeiros bancos fronte ao altar maior.

Ata aquela, a monarquía irlandesa non fora proclive a Roma.

Patricio sabía que era unha oportunidade única para convencer o monarca das vantaxes do cristianismo, para abrir unha vía directa coa autoridade papal. Eles que nunca foron sometidos por ningún; e diante de tal dignidade, emocionouse, e dirixiuse ao pobo adiantando que lles ía falar da tremenda dor que Xesús sufriu polos homes, dor que ningún home do mundo, rei ou escravo, foi capaz, de sufrir nunca.

Emocionado, o bispo acercouse aos primeiros bancos para facerse oír, e comezou o longo e doloroso sermón da paixón, sen decatarse de que o seu báculo se apoiaba no pé do monarca, quen, por non interrompelo, agustaba.

Pero o bispo seguía predi-

cando sen decatarse de que ata a cara de dor do rei, os ollos baogentos e acendidos, as meixelas vermellas, non eran pola dor de Cristo senón polo seu propio pé.

O rei calaba e aguataba estoicamente, pensando que aquel só quería demostrar diante de todo o pobo como este non era capaz de sufrir nin a mínima punzada mentres que o Noso Señor sufriu a perforación das osudas extremidades, ademais de trallazos no lombo, espiñazos na cabeza, trompadas, caídas, burlas e demais padecementos.

Xa o báculo episcopal penetra o coiro do zapato e perforaba o pé sen que o bispo se decatase nin o rei chiasse, cando pronunciou o final do seu sermón: Palavra de Deus. Daquela, o extasiado bispo viu o regueiro de sangue no pé real e o rostro de dor do paciente monarca mirándoo con ollos de impotencia e non soubo como desculparse.

—Home, eu pensaba que me agustabas poñendo a proba.

Patricio pediu perdón unah

e mil veces, e baixándose, ao tempo que lle pedía a Deus un remedio para tal despiste, limpoulle coa manga o sangue, e o zapato e o pé volveron ao seu, agás unha pequena mazadura na empena que desapareceu ao pouco tempo.

—¿Como podo recomparar á vosa maxestade?

O rei engruñaba os ombros de abraiado e ficaba mudo contendo a rabia e de súpeto Patricio prognosticou:

—Neste reino nunca haberá ningún animal venenoso, e por se algún se escapa, a madeira e as tonas das árbores irlandesas, ben escollidas serán eficaces contra as distintas pezoñas.

Daquela, o monarca ficou convencido de que Patricio era un bo aliado. Pero máis o creu aínda cando, sabendo que un fregués roubará un año, ordenou diante de toda a parroquia que, quen fose o ladrón inmediatamente mease, e de súpeto, de entre a xente, un fregués comezou a saloucar e inar como se fose unha ovella.

Son moitos os milagres,

prodixios e avatares da súa vida para atraer ao seo da Igrexa ao independente reino irlandés, pero non menos curiosa é como el, que de cativo fora raptado en compañía da irmá, nas súas terras de Escocia, e vendidos ambos en Irlanda como escravos a un malvado porqueiro, tivo a visión dun anxo divino que, agradecido por ser tan boa persoa, lle indicou onde podía encontrar o diñeiro para pagar a súa liberdade e viaxar a Auxerre, para facerse discípulo de Xermán, aquel que era capaz de falar con mortos de varios días (ANT nº 988), para facerse crego e, posteriormente, conseguir do mesmísimo Papa a dignidade episcopal de Irlanda, en virtude do seu bo facer e mellor disposición para catequizar, evangelizar ou convencer os irlandeses das vantaxes do cristianismo, adheríndos á súa prédica e arrastrando aos seus monarcas, que non se opoñían a que Patricio edificara igrexas e nomeara párrocos coma quen nomea delegados do goberno para cada aldeia. ♦



David Rubín

‘Aínda se pensa que ler tebeos é propio de nenos pequenos’

Dedicase a banda deseñada. ¿Cales son os seus autores de referencia?

Gústame moitos e moi variados. Muñoz e Sampayo, Will Eisner, Frank Miller e, dos galegos, Miguelanxo Prado e Santiago Sequeiros.

¿Cal é o seu traballo en Limaía Producións?

Traballo en debuxos animados. Agora mesmo estamos realizando unha longametraxe. Non é un traballo moi agradecido, persoalmente prefiro facer banda deseñada e ilustracións. Pero os proxectos de animación normalmente xa están vendidos ao empezar a traballar neles.

¿E que é Polaquía?

Unha pequena editorial formada por debuxantes da Coruña, encabezados por Kike Benlloch. Son o único ourensán do grupo. Queremos autoeditar banda deseñada. Polo de agora catro de nós asinamos o álbum *Mmmh!*, unha serie de historias curtas e mudas. A min apetece realizar historietas que só se expresaran a través do debuxo e, ademais, para distribuílo en toda España e Portugal víanlos ben que non houbera textos de apoio.

Falamos de autoedición e semella ser a saída para os debuxantes. Vostede colabora en *BD Banda*, unha revista que prescinde das empresas editoriais.

Sen dúbida é unha saída e o caso de *BD Banda* é un exemplo. Non o considero un fanzine, senón unha revista, e moi boa a vulgar polo que hai no mercado. Axudanos aos novos autores ao tempo que publica a nomes recoñecidos como Miguelanxo Prado para axudar a vendela.

¿Facer cómic e ter paciencia é o mesmo?

Kustamente, non te podes render. A banda deseñada non se publicita e, aínda que vivimos nun sociedade na que a imaxe é primordial e na que xente debería estar acostuada a linguaxe gráfica, aínda se pensa que ler tebeos está ben pero cando es neno. ♦

Anacos de Borobó

O exemplo de Antonio Rodríguez Pérez

No anterior exemplo de *don Tanis de la Riva*, coma en casi todos os que aquí poño, quedou moito por dicir. Non chegou o espazo pra sinalar que o poderío oligárquico e ausente dos Gasset, mantido por personaxes interpostos, como D. Manuel Vitorro, en Rianxo, e D. Estanislao Pérez Artime, en Padrón, íase esvaeando a finais do período constitucional e parlamentario do reinado de Alfonso XIII.

O deputado *cunero* por Padrón durante tantos anos, D. José Ortega Munilla, retirárase do xornalismo e a política, escollendo para morada da súa xubilación á fermosa cidade vasca de Vitoria; coa cal non tiña ningunha vinculación familiar nin profesional, esquecéndose para iso da vila que repetidamente representara en Cortes. Que o cuñado novelista dos Gasset e pai de Ortega, o filósofo, penso que a penas a coñecía. Pois o seu deputado *cunero* pasaba de longo por ela, cando de Pascoas en Ramos viña por Galicia.

Ocorreu unha vez, no verán de 1910 en que *El Barbero Municipal* rianxeiro deu a noticia de que o alcalde gassetista padronés, Luis Piñeiro Legerón, e outros afíns foron a esperar a director de *El Imparcial*; mais o ilustre académico e congresista, “pasó en veloz auto, sin dignarse estrechar la mano de estos corre-ve-dile” No mesmo número (3-VIII-1910) o portavoz castelaíno dos conservadores locais, nun solto con moita retranca apuntaba o seguinte:

“O Sr. Ortega Munilla nunca perde de vista os intereses de seu distrito. Agora ben, il non é coma isos deputados ridículos (tal como o que o era polo distrito veciño de Caldas de Reis, D. Bernardo M. Sagusta) que somentes pensan en conseguir estradas, camiños veciñais, peiraos, escolas... e outra porción de tonterías polo estilo; il ten miras máis elevadas; il comprende que a salvación dos pobos consiste en que os concellos teñan as maiores facilidades pra facer os Repartos de Consumos”.

■ **A FÁBRICA DE LÁMPARAS IRIA.** Cando o avó do fundador de *El País*, Ortega Spottorno, D. José, se retirou aos seus novos lares alaveses, os seus cuñados D. Rafael e D. Eduardo, atoparon para reemprazalo coma deputado *cunero* por Padrón, a un xove e intelixente abogado madrileño, Antonio Rodríguez Pérez, que vai ser durante todo o resto da pequena historia que estou narrando o *diputado de Tanis*. Xa que coincidiu a súa designación para representar ao distrito padronés coa sucesión de D. Carlos Pazos por D. Estanislao Pérez Artime na xefatura do gassetismo na Terra de Iria.

Iniciaron entón Rodríguez Pérez e Pérez Artime unha fonda e perdurábel amizade. Foi xa sempre D. Antonio o abogado da casa de La Riva nos seus asuntos



Antonio Rodríguez, *cunero* dos Ortega en Padrón, acabou sendo electo por méritos propios en dúas candidaturas republicanas.

contenciosos e mercantís. Aconsella xuridicamente o letrado dos Madrilens, a don Estanislao e a seus irmáns Isidoro e José nos seus vellos negocios e na nova empresa que van crear pra dar traballo aos padroneses: a fábrica de lámparas Iria; que se ben emprega a moitas mocías padronesas, aporta á vila unha nova vecindade de acento madrileño, constituída por unha ducia de familias de expertos obreiros do luminoso ramo.

Malia os esforzos económicos de Tanis e os seus irmáns, Padrón non chegou a ser, desdítamente, unha Eindhoven, cal o solar industrial dos Philips. Posto que a fábrica Iria, que levóu sempre unha vida lúgida, cerrou definitivamente, máis ou menos, cando deixou de aparecer *La Noche*; xornal propiedade dos netos de Simeón García, que acabaron sendo os propietarios da industria creada polos seus parentes de orixe camerano; a que cerraron de contado alá polos sesenta do pasado século.

■ **O DIPUTADO DE TANIS.** Fun eu dende rapaz moi *visoteiro* e moi interesado polos políticos, así, cando iba a Cesures a Padrón, miña curiosidade cifrábase en admirar a don Tanis, pero poucas veces tiven o lecer de velo. Dado que pasaba longas tempadas en Vilagarcía e viaxaba moito á Coruña: sempre acompañado por Enrique Otero e algún outro padronés da súa confianza. Que saboreaban a carne das centolas cedidas polo Patricio no *Rápido*, que o bo anfitrión só tomaba as millaras.

Maxino que tamén Rodríguez Pérez disfrutaría do máis sustancial do manjar crustáceo, nas infinitas vegadas que xantarían xuntos namentras foi o *diputado de Tanis* e sempre e

máis despois o seu abogado.

Se non vira algunha vez a Pérez Artime e ao seu deputado Rodríguez Pérez, nunca os poñería aquí de exemplo; porque me limito nista páxina a evocar as figuras galegas que eu vin cos meus propios ollos e, mellor aínda, que ouvían falar cos meus propios ouvidos. O que non ocorreu, niste caso, co deputado *cunero* e máis o seu valedor, posto que eran uns políticos silenciosos, que non necesitaban dar mitins, nin andar de porta en porta pedindo o voto, para gañar as eleccións.

Mais, ver vin a D. Antonio unha vez nunha festa, coído que a do Sacramento da que eran *funcionistas* os irmáns de La Riva. Celebrárona na finca de Iria Flavia onde tiñan a fábrica de bombillas.

Basta isto para que introduza a Rodríguez Pérez nista sarta de figuras do país, anque sexa un dos poucos *exemplarizados* por min nacidos en terras alleas. Tendo en conta que o letrado madrileño representou non somentes ao distrito padronés nas Cortes da Monarquía, senón tamén a provincia coruñesa enteira nas da República.

■ **NA CONXUNCIÓN DE CASARES.** Pois Tanis de la Riva, coa influencia que lle proporcionaba a súa proverbial forza nos comicios, logrou introducir ao seu querido deputado gassetista na candidatura da conxunción republicana socialista, pola circunscrición coruñesa, para as cortes constitucionais da II República; propulsada e encabezada polo poderoso xefe da ORGA, Santiago Casares Quiroga, titular do Minsiterio de Marina, no primeiro goberno do flamante réxime.

Formou parte, por ende, D. Antonio Rodríguez da pléiade de maior categoría intelectual que xamais representou a unha provincia

no Congreso dos Diputados. Xa que aparte de D. Santiago e de D. Antonio, constituíana Salvador Riodríguez, Ramón María Tenreiro, Antón Vilar Ponte e incluso Ramón Suarez Picallo que todo a aprendera, asegún lle dixó a Unamuno, na universidade da ría.

Xunto a eles completáran a conxunción vitoriosa tres candidatos socialistas que se distinguían pola súa sinxeleza cultural: o obreiro Edmundo Lorenzo, do Ferrol, o labrego Ramón Beade de Betanzos, e o zapateiro Mareque, de Santiago.

■ **NA FRENTE POPULAR.** Non parou así a cousa, posto que conforme transcorreu o bienio negro da República, foise forxando a Frente Popular, no que nun principio interviña o prestixioso civilista Felipe Sánchez Román, que fundou entón o Partido Nacional Republicano. Ao que se apuntou pola súa estreita relación profesional e amistosa co ilustre xuriscónsulto.

Namentras Tanis, tras da paréntese causada pola Revolución de Asturias, en outubro de 1934, reanudaba os seus contactos cos políticos da cáscara amarga.

Singularmente cun dos máis activos diles. Ata chegar a un acordo cos elementos da esquerda na súa candidatura pra as eleccións parlamentarias do 16 de febreiro do 36. Que xa non era só conxunción republicana socialista, senón a da Frente Popular, cos comunistas incluídos. E ao triunfar ista pirricamente naqueles comicios, D. Estanislao Pérez Artime, conforme o acordo, presideu uns meses a Diputación Provincial coruñesa, e o antigo deputado *cunero* gassetista volveu a aportar o seu grande saber xurídico nos debates e traballos das comisións parlamentarias nas que figurou. ♦

O Trinque

Valença lembra a Zeca Afonso

"Traz outro amigo também" é o nome do espectáculo que pretende renderlle unha homenaxe ao Zeca Afonso en Valença do Minho. O venres, 15 de marzo, a vila fronteiriza

acolle un concerto do Grupo Maio, que levará un repertorio clásico inspirado na vida e obra do insigne músico e poeta portugués, incluída a peza que lle dá título ao recital. ♦

LeCER

Coordinación: Eva Montenegro Piñeiro

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Los Enemigos

Concerto de despedida deste grupo após 16 anos de carreira este sábado 16 no *Multisus de Sar* en Santiago. *Los Enemigos* de Galiza mantiveron durante este tempo unha relación aínda ben estreita e entrañábel, e proba disto son os máis de 50 concertos pola nosa xeografía ou a súa última actuación no concerto *LOUcra* apoiando aos estudantes. Despois de nove discos e do recopilatorio *Obras Escocidas*, chega agora *Obras Escocidas*, pezas que foron sacrificadas en anteriores edicións. ♦



15 *O Reino II*: ep. 5 e 6, e o sábado 16 *O Reino II*: ep. 7 e 8. O mércores 20 *Historia(s) de Godard* traeranos *Pierrot el loco* (1965). E o xoves 21, o ciclo de *Orson Welles* traerá *It's all true*.

■ CONFERENCIAS

O XENOCIDIO PALESTINO Este xoves 14 ás 12 h. na Aula Magna da Facultade de Socioloxía (Elviña) haberá unha charla-coloquio sobre a situación en Palestina coa intervención de *Mohamed Safa*, membro da OLP, e *Xoán Gabeiras*, pertencente ao COSAL. Organizan os alumnos da citada facultade e o COSAL.

HISTORIAS INMORTAIS As fontes e relatos dos cadros de historia do *Museo do Prado* son analizados neste ciclo que a *Fundación Barrié* organiza os xoves ás 20 h. Este xoves 14 será o Profesor de Historia da Arte da Universidade *Bryn Mawr* de Pensilvania, *David Cast*, quen falará sobre *Boccaccio*, *Boticelli* e a historia de *Nastagio degli Onesti*.

■ EXPOSICIÓN

ÉXODOS Mostra fotográfica de *Sebastião Salgado* formada por unha selección realizada por el mesmo en dous dos seus mellores proxectos: *Movimentos mundiais de poboación* (1994-99) e *Sahel: fin do camiño* (1984-85). No IES *Urbano Lugris* durante este mes.

distintas facetas do ilustre artista e político galego.

Cervo

■ EXPOSICIÓN

PALABRAS PARA UN PAÍS A *Casa da Administración* de Sargadelos acolle esta mostra, ata o 15 de maio, sobre a historia da editorial *Galaxia*, desde a súa creación en 1950 ata o ano 2000.

A Coruña

■ CINEMA

CGAI O ciclo de cinema *Cine / Video / Digital* traeranos este xoves 14 a fita *O proxecto da bruxa de Blair* (EUA, 1999), de *Daniel Myrick* e *Eduardo Sánchez*. Dentro do ciclo adicado a *Lars Von Trier* proxectarase o venres



O Barco

■ EXPOSICIÓN

LEIRA CHA A sala de exposicións de *Caixa Nova* ofrecerá esta mostra entre o luns 18 e o 12 de abril.

■ TEATRO

MANOLADAS *Titeres Trompicallo* cenificará o venres 22 na *Casa da Cultura*.

Betanzos

■ TEATRO

HAMLET E FAMILIA *Casahamlet* porá en escena esta obra o domingo 17 na *Casa da Cultura*.

Boiro

■ TEATRO

SEXISMUNDA *Sarabela teatro* levará a o venres 15 á *Casa da Cultura*.

Bueu

■ ACTOS

MILLO CORVO Con motivo do IV Encontro de Degustación do Millo Corvo, o sábado 16, haberá unha charla-coloquio a cargo de *Amando Ordás Pérez*, Profesor do CSIC e Director da Misión Biolóxica de Galicia; e do 18 ao 21 haberá debulladas e muñiadas. Como o programa alóngxase no tempo xa iremos informando para aqua.

Cangas

■ CONFERENCIAS

XORNADAS SOBRE A MULLER Organizadas pola *Asoc. Cultural A Cepa* e a *Escola de Adultos* do IES Rodeira. Este xoves, 14, coloquio ao redor de "A muller no século XXI", con *Ana Bringas*.

■ MÚSICA

SUMRA Concerto de jazz o venres 15 no *Auditorio Municipal*.

O Carballiño

■ EXPOSICIÓN

ÁS MAXES DE CASTELAO A sala de exposicións do *Auditorio* acollerá ata o 31 de marzo esta mostra fotobiográfica na que se mostran as

Salvade a Palestina

A *Fundación Araguany*, a través de *Ghaleb Jaber Ibrahim*, fai un chamado para enviar mensaxes aos distintos gobernos, autónomo, estatal e europeo, para que avoguen po-

la salvación do pobo palestino e á asistencia á *tribuna libre* que se celebrará este xoves 14 no salón de actos do hotel *Melid-Araguany* de Santiago a partir das 8 do serán. ♦

LAUS 01

Mostra que reúne os *Premios de Deseño e Publicidade* do Estado no ano 2001, que outorga a *Asociación de Directores de Arte e Deseñadores Gráficos do Fomento das Artes Decorativas* de Barcelona. *Decorativa Luis Seoane*.

CARTOGRAFÍA DE GALIZA

Ata o 7 de abril o *Quiosque Afonso*.

PHOTOGRAPHER OF THE YEAR

Mostra fotográfica do prestixioso premio sobre natureza, ata maio no *Aquarium Finis-terrae e Casa das Ciencias*.

VERNER PANTON

A *Fundación Barrié* presenta, por vez primeira no Estado, unha mostra retrospectiva sobre este deseñador (1926-1998) que abranxe máis de 125 obras (deseños, cadeiras, elementos de iluminación, textis, etc.) creadas entre os anos 50 e mediados dos 70. A meirande parte das pezas chegaron directamente desde o *Vitra Desing Museum*. Ata o 24 de marzo.

■ MÚSICA

SURFIN' LUNGS

Semana apretada de concertos na *Mardi Grass*, como case sempre. O venres 15 ás 22 h. estarán os *Surfin' Lungs*, superviventes da explosión do *revival garage e surf* dos primeiros 80 na Gran Bretaña, con vinte anos en escena que celebran coa edición de *Goin, to rockingham* (entrada anticipada 7 euros, na billeteira 10, reservas no telf. 610 673 990). O sábado 16 ás 22:30, estarán os reis do *bubble punk*, os texanos *Darlington* co seu novo disco *Louder Than Morrissey* (entrada anticipada 7, na billeteira 9). O domingo 17 ás 21 h. e con entrada única a 6 euros, tócalle á banda valenciana *Polar* de pop, intimista e chea de matices. E o luns 18 ás 21:30 con entrada anticipada a 8 euros e

na billeteira a 10, será *Nikki Sudden* o que suba ao escenario, considerado un dos grandes artistas de culto do *por-rock underground* a pesares de que ningún dos seus discos chegou ao gran público. A disfrutar.

MÚSICA POPULAR GALEGA

Actividade para escolares de *Caixanova* que vai ter lugar este xoves 14 e venres 15 no teatro *Rosalía de Castro*.

■ TEATRO

EXILIADAS

Atalaya vai levala a escena o sábado 16 e domingo 17 no teatro *Rosalía de Castro*.

Culleredo

■ TEATRO

O PAÍS ACUATICO

Teatro do Noroeste subirá ás táboas con esta obra o



Polar, á esquerda, *Darlington*, por baixo, *Nikki Sudden*, baixo estas liñas, ou *Surfin' Lungs*, na páxina seguinte, tocan estes días na sala *Mardi Grass* coruñesa.

Éxodos titúlase a mostra fotográfica de *Sebastião Salgado* que podemos ollar no IES *Urbano Lugris* da CORUÑA.

Carteleira

☞ LANTANA. A precariedade na relación interna de varias parellas atopa como nexo de unión a desaparición, en estrañas circunstancias, dunha muller. Todo indica que o seu home a matou. Película australiana sobre as relacións entre as persoas e os seus prexuízos.

☞ SEXY BEAST. Un sá-dico paranoico é enviado desde Londres a Almería na procura dun ladrón retirado para que faga un último traballo en Gran Bretaña. O ladrón non quere, pero teme ao matón.

☞ GOSFORD PARK. Con motivo dunha caería de faísán, Sir e Lady McCordle (Michael Gambon e Kristin Scott Thomas) reúnen na súa mansión os seus parentes cos seus respectivos criados. Retrato coral costumista da Inglaterra profunda dos anos 30, con trasfondo de homenaxe a *Agatha Christie*. Dirixe *Robert Altman*

☞ ATANDO CABOS. Na compañía da súa fi-

lla e a súa tía, un home recén viúvo vai a Terranova, fogar dos seus devanceiros, e descobre que a súa familia non era moi civilizada, aínda que na vila todos teñen algo que ocultar.

☞ DESDE O INFERNO. Un inspector da policía investiga os brutais asasinatos que realiza *Jack o Destripador* e sospeita que hai unha trama para ocultar un asunto amoroso do príncipe herdeiro. Intriga anti británica.

☞ UNHA MENTE MARABILLOSA. A historia dun matemático xenial pero esquizofrénico que pensa que é un espía e que recibe o premio Nobel. Película para lucimento de *Russell Crowe*.

☞ LUCKY BREAK. Aproveitando a representación dun musical no que participan, dous atracadores de delterade, un estafador e un pirómano organizan unha fuga da prisión na que están inter-

nados. Comedia de evasión.

☞ ANTIGUA VIDA MIÑA. Historia de dúas amigas, unha delas obsesionada con ter fillos e atopar á súa nai e a outra artista en horas baixas. Drama.

☞ PEDRAS. Catro mulleres de todo tipo de ámbitos pero relacionadas por un nexo circunstancial, enfóntanse con distinta sorte a frustracións na súa vida familiar e afectiva. Boa película aínda que un chisco triste.

☞ VIDOCQ. Nos días previos á Revolución de 1830, un detective trata de aclarar a morte de tres personalidades, aparentemente asasinadas por un complot político. Intriga.

☞ OCEAN'S ELEVEN. Un ladrón organiza, xunto con dez compinches máis, un atracaco aos tres casinos máis rendíbeis de *Las Vegas*. Comedia de ladróns.

☞ INTIMIDADE. Unha parella reténese unicamente para manter relacións sexuais ata que el decide segui-la para saber algo máis dela. O que atopa non lle gusta e sítense frustrado.

☞ A CUADRILLA (The Navigators). *Kem Loch* vive con outro filme de alto nivel, adicado ao período de privatización dos ferrocarrís británicos. Boa labor dos actores e óptimo ritmo narrativo nun tema difícil.

☞ Á MIÑA NAI GUS-TANLLE AS MULLERES. Tres mozas que dan atónitas ao saber que a súa nai ten unha noiva. Como non lles gusta a idea, amañan un plan para desfacer a parella. Comedia.

☞ BANDIDOS. Dous presos fugados queren mercar un hotel, pero para finansiarse rouban bancos mediante o secuestro do director da entidade. Comedia de fondo serio. ♦

☞ O SEÑOR DOS ANEIS. A IRMANDADE DO ANEL. Un hobbit con ganas de aventura (*Frodo Bulsairo*) ten a misión de destruír un anel máxico que dá poder pero corrompe. Acompañado dunha irmandade de razas, deberá esquivar os servos do Señor Escuro que queren matalo e ficaren co anel. Case tres horas de acción e aventura.

☞ HARRY POTTER. Reprodución en cine dos contidos do libro. Case 80 millóns de persoas coñecen o argumento pero irán ver as aventuras dun rapazalo e os seus amigos nun mundo de maxia, e loita entre o ben e o mal. Excelentes efectos especiais.

☞ O FILLO DA NOIVA. Historia dunha saga familiar na Arxentina da crise: crise económica dos pequenos negocios; crise de parella ao chegar aos cuarenta; crise da vellez golpeada polo *Alzheimer*. Sobebias interpretacións para unha comedia de fondo serio. ♦

Os vellos non deben namorarse

Obra de Castelao considerada unha das pezas máis importantes da dramaturxia galega e representa a vontade universalista que tivo o seu autor para sacar a Galiza do illamento cultural. Aporta nesta obra elementos importantes do simbolismo e do ex-

presionismo. É unha farsa que trata dos amores de tres vellos imprudentes, que poñen os seus ollos na mocidade garrida de candanúa moza, e como consecuencia disto rematarán morrendo. **Teatro do Morego** fai unha adaptación que porá escena o

venres 15 no auditorio Carme Estévez de VILALBA; o domingo 17 no Centro Sociocultural de SAN SADURNIÑO; o luns 18 e martes 19 no Auditorio do C.C. Caixanova de VIGO; e o xoves 21 no Auditorio Municipal Torre Ballester de FERROL.♦



venres 15 no Edificio de Servicios Múltiples.

A Estrada

EXPOSICIÓNS

LAXEIRO

As obras da colección permanente de Vigo van estar expostas na sala Caixanova ata o 31 de marzo.

Ferrol

EXPOSICIÓNS

EDUCACIÓN AMBIENTAL Durante a duración deste encontro entre o venres 15 e o domingo 17 o IES Concepción Arenal acollerá estas exposicións: **25 anos de medio ambiente con Xaquín Marín** de ADEGA, e **Enerxías renovábeis** da Consellería de Medio Ambiente.

XAQUÍN CARPINTERO Presenta a mostra *Nunca se sabe*, na galería Sargadelos. Até o 19 de Marzo.

ANTONIO FERNÁNDEZ O Centro Carbalho Calero acolle a súa pintura.

TEATRO

CINEMA MARABILLAS McClown subirá con esta obra ás táboas no *Torrente Ballester* este xoves 14. O luns 25 e martes 26 será tamén escenario para *Animaliños* da man de Teatro do Aquí.

Friol

ACTOS

FEIRA DO QUEIXO E DO PAN DE OUSÁ Que se vai desenvolver o 17 de marzo na vila.

Lugo

EXPOSICIÓNS

ISIDORO BROCOS E FAMILIA A Fundación Caixa Galicia acolle esta mostra.

ROSSINI: RETRATOS E IMAXES No *Círculo das Artes* será onde poderemos coñecer esta mostra.

GRAVADOS A sala *Augatinta* acolle esta mostra colectiva.

PINTORES A sala *Rúa Nova Arte* acolle esta mostra colectiva.

A ARTE DA CONVERSACIÓN: EUGENIO GRANELL Esta mostra pictórica de estilo surrealista vai estar aberta, ata o 31 de marzo, no Museo Provincial.

MÚSICA

NRP O trío de jazz actuará este xoves 14 no *Clavicémbalo*. E o sábado 16 dará un concerto *Yuri e os Cosmonautas*, banda de folk ucraniano. O xoves 21 celebrárase unha festa de apoio a *Radio Clavi*, na que actuarán *Los Puta* coas súas letras reivindicativas e *Cuspe de Pita*.

JAVIER RUIBAL *O III Ciclo de Tribos Ibéricas* ofrecerá o vindeiro xoves 21 o concerto do andaluz, no *Gustavo Freire* ás 21 h.

OS INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA O *Círculo das Artes* acollerá esta actividade de Caixanova para escolares o xoves 14 e venres 15.

Marín

CONFERENCIAS

HIROELÉTRICAS: *Un perigo real para os nosos ríos*, charla-colóquio de **Juan Benades**, membro de *Cachoeira* (Asociación pola Defensa dos Ríos) o venres 15 ás 20 h. no Museo Manuel Torres.

EXPOSICIÓNS

ARTUAL Mostra colectiva que poderemos coñecer ata o venres 15

no Museo Manuel Torres, en na que participan **Eva Vérez, Nito Davila, Nena Ventura, Xosé Teiga, Ángeles Sales, Ramón Astray, Sabela Bña, Marga Chas, María Braxe, Bafis Campillo, Alfredo Eirías, Nolo Suárez, Luisa Redondo, Xosé Vilaboy, María Meseguer, Marta Capote, Mikel Bergara.**

RÍO LÉREZ: PARAISO POR CONECER Mostra fotográfica organizada pola agrupación local do BNG que poderemos coñecer a primeira quincena de marzo no Museo Manuel Torres. Cando o perigo das hidroeléctricas se abate sobre o Lérez urxe coñecerlo para protexelo.

JUAN ZUÑIGA O *Hotel Libertad* acolle unha mostra das súas pinturas ata o 31 de marzo.

Meaño

MÚSICA

REGUEFIAS Desafío poético entre **Luis "O Caruncho"** e **Pinto d'Herbón** o sábado 16 na *Taberna da Cancela*, en Xil, ás 23:30.

Narón

TEATRO

ANIMALIÑOS O venres 15 e sábado 16 *Teatro do Aquí* ofreceranos esta obra no Auditorio Municipal. E o venres 22 e sábado 23 *Teatro do Atlántico* porá en escena *Pervirtimento*.



Noia

EXPOSICIÓNS

DE PICASSO A BARCELÓ Ata o 19 de marzo poderemos coñecer esta mostra na sala de exposicións do *Teatro Coliseum*.

Oleiros

EXPOSICIÓNS

ARTISTAS DE OLEIROS Colectiva na que participan **Sara Arambillet, Carmen Bejar, Pilar Carmona, Pepa Domingo, Elisa Flores, Lola Guerreiro, Anne Heyvaert, Angela Pérez Meilán, Pilar Pérez, Ana Pillado, Ana Rey, Cotín Rodríguez Sabio, Blanca Silva e Carmen Suárez**, e que permanecerá aberta ata o venres 15 no *Pazo da Fundación Juana de Vega, Finca da Carballeira*. O día da clausura terá lugar unha reunión coas artistas.

TEATRO

O PAÍS DA COMEDIA **Nordesia Producións** vai encenar o sábado 16 no Teatro Municipal *As Torres de Santa Cruz*.

Ourense

CONFERENCIAS

MOVIMENTO DOS SEN TERRA Este venres 15 o café-cultural Auriense serve de escenario para esta charla-colóquio sobre o Movemento dos Traballadores rurais Sen Terra, que se realizará a partir das 20 h. coa intervención de **Suso Sammartín, Aldán Santamaría e Mónica Puga** (brigadistas), e **Juanjo Rodicio**, representante de *Amorante Ecodeveloppemento*, que é quen organiza o acto.

PERIODISMO S. XXI O mércores 20 **Pedro Erquicia** falará sobre a súa experiencia no tema, na Aula

de Cultura de Caixanova.

EXPOSICIÓNS

ROBERTO RUIZ ORTEGA O pintor de Sestao inaugura este venres 15 a mostra dos seus últimos traballos, titulada *Pinturas*, na galería *Mari-sa Marimón*. A súa linguaxe, expresionista que xoga a construír unha realidade convivencia e en constante mutación, ten afinidades claras coa pintura alemana da posguerra. Ata o 30 de abril.

ABDALAH SOUIECH Os seus óleos van ser colgados na *Casa da Xuventude*.

AS CORES DO MAR DE GALIZA Ata o 31 de marzo a sala Caixanova vai acoller esta mostra fotográfica submarina, unha unidade didáctica sobre o ecosistema mariño do noso país, que a través de 50 fotografías pretende amosar a beleza e a diversidade zoolóxica que encerra o noso mar. O resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografando o mundo submarino.

DEZ ANOS DO TEATRO PRINCIPAL Mostra que abarca o período desde 1992 ata o 2002, que poderemos ollar no C.C. da *Deputación* ata o venres 15.

A ARTE DO CONCELLO O Museo Municipal acolle, durante febreiro e marzo, unha colección de 38 cadros e 16 esculturas, pertencentes ao patrimonio municipal, representativas de diferentes autores, estilos, e movementos e que abrangan desde os anos 40 ata a actualidade. Entre os presentes podemos destacar a **Manuel Vidal, Xavier Ponso, Vidal Souto, Conde Escudero, Prego, Trabazos, Virsilio, De Dios, Ortiz, Bucifios, Basallo, Cid, A. Quesada, Oro Claro, Pestana ou X. Quesada**.

MÚSICA

SURFIN LUNGS Esta banda inglesa de surf, new wave estará no *Rock Club* este xoves 14. Este mesmo local acollerá a actuación de **Nikki Sudden** and *The Last Bandits* o martes 19.

Poio

EXPOSICIÓNS

ARTE E MULLER Ata o 23 de marzo, na sala de exposicións do *Concello*, poderemos ollar unha recompilación de obras realizadas por mulleres deste municipio: **Jaqueline Moys, Mari Luz Anta Acuña, Ana Reinaldo, Valentina García Abalo, Silvia Esperón, Pilar Torres, M.ª Angeles Vázquez Lemus, Teresa Brucher e Felisa Villa**.

MANS DE MULLER Mostra de traballos en vivo na que participarán mulleres que realizarán traballos como palileiras, de bordado, arte floral, cerámica, redes, debuxo e pintura, ... No C. C. A Barca.

Pontearas

EXPOSICIÓNS

DEZASEISE OLLADAS AO SOBROSO Mostra organizada polo Museo Municipal e a *Escola de Imaxe e Son* de Vigo, fita do humorista e caricaturista **Bill Plympton**.♦

GALIZA EN FOCO Fotografías do certame de fotoxomalismo, que baixo este nome organiza o *Clube de Prensa de Ferrol*, e que se encontra no Museo Municipal.

As Pontes

EXPOSICIÓNS

AS MULLERES GALEGAS NO S. XX Mostra que poderemos coñecer na *Casa Deposo* ata o 27 de marzo.

CARTELISMO COMERCIAL Obras realizadas no Estado español entre 1870 e 1960. Instalada na sala de exposicións do *Mercedo Vello* ata o 30 de marzo.

TEATRO

III MOSTRA DE AFECIONADOS O sábado 16 a compañía ferrolana *Amistad* porá en escena as obras *A lebre das ánimas* e *A medosa blandiña*, adaptacións das obras de Blanco Amor feitas por **Manuel Barsoa**; e o sábado 23 a compañía *Amigos do Teatro* da vila, levará a escena *Pauto do demo*, adaptación da obra de Ánxel Fole feita por **Marga Rodríguez**. As funcións terán lugar na *Casa Deposo* ás 20 h.

As cores do mar de Galiza é unha mostra fotográfica submarina que podemos contemplar en OURENSE e PONTEVEDRA.



Pontevedra

CONFERENCIAS

PERIODISMO S. XXI **Rosa Villacastán**, este xoves 14, e **Sergio Sauca**, o xoves 21 serán quen expoñan as súas respectivas experiencias no Auditorio de Caixanova.

EXPOSICIÓNS

RUFINO TAMAYO Nome tras do que se encontra a *Colección de Obra Gráfica da Fundación La Caixa* e que poderemos contemplar no Museo de Pontevedra ata o 31 de Marzo.

ARQUITECTURAS Baixo este título o *Pazo da Cultura* acolle unha serie de obras realizadas por doce parellas mixtas formadas por arquitectos e artistas galegos. Aberta ata o 21 deste mes.

A BASÍLICA DE S.ª MARÍA Mostra didáctica que poderemos ollar no *IES Torrente Ballester* sobre a súa historia e que conta con debuxos de **Pepe Carreiro** e textos elaborados por **Juan Juega Puig**.

VISITA OBRIGADA AOS INFERNOS O pub *Febra Vella* acolle esta mostra de acuretles e debuxos de **Just Cuadrado** en homenaxe ao poeta Leopoldo María Panero. Ata o 13 de marzo.

RAFAEL PRIETO A cafeteria *Castelao* ten colgadas nas súas paredes unha mostra das súas acuretles.

Os Surfin' Lungs, á dereita, tocan o xoves 14 no Rock Club de OURENSE e o venres 15 no Mardi Grass da CORUÑA.

Bienal da Caricatura de Ourense

Ocupa a primeira quincena de marzo e conta con 6 exposicións, entre outras actividades. *Caricaturistas Galegos* é a que acolle o Museo Municipal, e trátase dunha selección feita entre 2000 e 2002 dos autores que publican nos distintos medios galegos: **Abrales, Aguilera, Boffil, Pepe Carreiro, Carrera, Gogue, Leandro, Javi Montes, Pinto e Chinto, Amador Pérez, Piñón, Miguelanxo Prado, Carlos Quesada, Fernando Ruibal, Suso Sammartín, Santy, Kiko da Silva, Carlos Silvar, Siro, Tomás Vega Pato, Xaquín Marín e Xosé Lois**. A *Casa da Xuventude* acollerá *Caricaturistas Noveis*, premios e obras seleccionadas do VI Concurso Galego de Caricaturistas Noveis, convocado pola organización da *Bienal*. En total 26 caricaturas a cargo de **Joaquín Aldeguez, Alfonso Blanco, Fernando Calvar, Rubén Feijoo, José Luís Pérez Rodríguez,**

Roi Paz e Roberto Vázquez Araujo. O Liceo será o lugar onde se enmarcará a exposición histórica dedicada a **Elisardo N. Seabra**, caricaturista ourensán (Vilar de Barrios 1926); malia non terse dedicado profesionalmente á arte postice un amplo currículo no campo do debuxo, a pintura e a caricatura: esta última faceta é a que recolle esta mostra comisariada por **Tomás Vega Pato**. A *Casa da Xuventude* acollerá tamén a mostra do autor convidado **Jan Op De Beeck**, autor belga (Zaire, 1958); as súas caricaturas, consideradas entre as mellores do mundo, teñen aparecido en numerosas publicacións internacionais. *Glénat Editions* publicou 3 álbumes co seu traballo (www.opdebeeck.com). O C.C. da Deputación acolle a mostra dun clásico do humor galego: **Fernando Quesada** e nela, ademais dunha ampla selección de viñetas publicadas no *Faro de Vigo*, pódese contem-



plar unha colección de caricaturas feitas entre finais dos sesenta e mediados dos oitenta. E este mesmo lugar sevirá tamén de marco para a exposición de *Caricatura Portuguesa: Figuras*

da cultura do século XX, caricaturas de personalidades das diferentes artes portuguesas realizadas por: **André Carrilho, António José Lopes, Artur Ferreira, Baltazar Ortega, Carlos Laranjeira, Ferreira dos Santos**, entre outros. Outras actividades que se van desenvolver estes días son *A festa da caricatura*, o sábado 9 e domingo 10, desde as 12:30 no C.C. da *Deputación*, coa participación de caricaturistas galegos e portugueses e o convidado **Jan Op De Beeck**, que traballará de cara ao público facendo caricaturas dos asistentes. A presentación do libro *A Uva Acedobrada de Forxán*, ou do *Humor Gráfico Galego*, o venres 8 ás 18:30 no mesmo lugar. E o xoves 14 cinema: caricatura en movemento, no salón de actos da *Casa da Cultura*, onde se proxechará ás 20:30 e 23 h. *Casei cun extrano*, fita do humorista e caricaturista **Bill Plympton**.♦

Para a inclusión de información en nestas páxinas do LeceR pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 4371, 36200 Vigo; por Telex, 986 222 405, por Fax 986 223 101 ou correo electrónico info@annos-1.com

AS CORES

DO MAR DE GALIZA
Ata o 6 de abril a sala *Caixanova* vai acoller esta mostra fotográfica submarina.

JULIO ANTONIO

A sala de exposicións de *Caixanova* da Pza. San José acollerá esta mostra ata o 6 de abril.

A AVENTURA
DAS VANGARDAS

Ata o 24 de marzo, o espazo para a arte de *Caja Madrid* presentáanos esta mostra que explica, dun modo sinxelo, as claves da arte do século XX por medio de 29 paneis, así como 15 reproducións dalgunhas pinturas e esculturas máis significativas neste período. Especialmente pensada para que o público non especializado poida comprender doadamente os fundamentos da arte, as súas manifestacións e contexto, factores que provocaron o seu nacemento e discernir a repercusión no presente.

■ TEATRO

DOMINGOS
DO PRINCIPAL

Programa de animación infantil que ten lugar no teatro *Principal* todos os domingos ás 18:30; o prezo da entrada é de 1'8 euros (300 pta.). O domingo 17 *Ópera Oberta* subirá ao escenario *A fraude máxica* de W. A. Mozart para crianzas de máis de 5 anos.

A CONXURA DOS NECIOS
Sarabela teatro escenificará no teatro *Principal* esta obra este xoves 14.

ANIMALÍNOS

Teatro do Aquí vai escenificar esta obra o mércores 20 e xoves 21 no *Principal*.

Ribadeo

■ TEATRO

CHEIRO DE ESTRELAS II
Da man de *Fulano, Mengano e Citano* o domingo 17 no *Auditorio Municipal*. E o domingo 24 *Teatro do Atlántico* fará no *Perventivo*.

Santiago

■ CINEMA

NOVOS RETOS ESTÉTICOS
Do cinema español, é un ciclo organizado polo CGAC que empezou o luns 11 e chega ata o Venres 15. Xa tiveron lugar as conferencias de Ángel Luís Hueso e José Luis Guerin e as proxeccións de *Arrebato* (1979, Iván Zulueta), *El arbol de las cercas* (1998, Marc Recha), e *Tren de Sombras. El espectro de Le Thuit* (1997, José Luis Guerin). As persoas que se teñan apuntado no ciclo aínda poden disfrutar das proxeccións de *El sol del membrillo* (1992, Víctor Erice) este xoves 14; e *Monos como Becky* (1998, Joaquín Jordá) o venres 15, ambas ás 20 h.

Convocatorias

ENCUNTROS
DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

A II edición destes encontros organizados pola *CIG-Ensin, AS-PG, ADEGA*, e o Concello de Ferrol, vai ter lugar os días 15, 16 e 17 do presente mes, no IES *Concepción Arenal* de Ferrol. A inscrición pode realizarse nos locais de *CIG-Ensin* de Ferrol, chamando ao teléfono 981 358 750 en todos os demais locais deste sindicato. O programa comeza o venres 15 ás 17 h. coa recepción, entrega de material e inauguración. As conferencias serán: *O Patrimonio na Ría de Ferrol*, da man de *Victoriano Ugorri*, seguida polo seminario *Aprendendo na costa a súa dinámica e evolución* cuxo ponente será *Augusto Pérez Alberti*; o sábado 16 reanudarase ás 10 h. co seminario *Auga para a vida* da man de *Xosé Veiras*, continuando co seminario *Infraestructuras de educación ambiental en Galiza*, ponencia a cargo de *Xoan R. Silvar*. Ese mesmo día despois de xantar propónse a conferencia *O ruído que non cesa*, da man de *Xaerún Ros Rodal*, rematando a xornada cos mesa redonda *O aforro enenxéxico: unha prioridade*, na que participarán *Manolo Soto*, *Manolo Lombardía*, *Henrique Vígitez* e un representante da Consellería de Medio Ambiente. O domingo 17 terá lugar unha saída ao parque de auga *Aquacencia* e farase unha aula de ecoloxía urbana. A matrícula normal é de 30 euros, para parados/as 21; para socios/as da *CIG, AS-PG e ADEGA* 12 euros.

BALCONADAS

VIII edición da bienal de pintura que organiza o Concello de Betanzos, na que se ofrecen os seguintes premios: o primeiro é de 4.207 euros, o segundo de 3.005, o terceiro de 1.803, dous accésitos de 901 euros e un premio de 1.202 por votación popular. Poderán enviar unha obra para a súa selección todos os artistas sen ningunha limitación. As pinturas deben ter soporte flexível (plintos, loneta, plástico, etc.) pintadas con produtos inalterábeis á auga e sen partes rixidas que poidan cuartear pola acción do vento. A realización pode ser en vertical ou horizontal, cunhas medidas mínimas de 120 x 170 cm. e a máxima de 150 x 250. As obras enviaranse sen bastidores, barras, fitas, etc., levando na parte posterior do lenzo e na súa parte dereita inferior o nome do autor, enderezo e teléfono. Por expoñentese as obras nos balcóns da cidade é intempérie, a dirección da bienal non se fai responsable de se producir algún deterioro ou perda das mesmas. O prazo de entrega comeza o 20 de maio e remata o 5 de xullo de 2002. O envío a portadas por "VIII Bienal-Balconadas". Edificio Arquivo, praza García Hermanos, 15300 Betanzos (A Coruña). A inauguración será o 20 de xullo ás 13 h. e no edificio Arquivo será instalada unha furna con papelas para a votación ao premio popular. As obras estarán expostas ata o 20 de agosto, e coas obras admitidas editarase un catálogo da bienal.

XAIME ILLA COUTO

X edición do concurso literario organizado polo Concello de Poio. Os participantes, de ata 18 anos, deberán vivir no Concello exclusivamente, e os que teñan unha idade coprendida entre 18 e 25 anos non terán que ser do Concello sempre que cumpran as demais normas do concurso. Os traballos serán de carácter individual e inédito, con tema libre e escritos en lingua galega. As modalidades do concurso serán dúas: relato curto ou conto e poesía. A extensión dos traballos será como máximo, para relato curto ou conto, un máximo de catro caras de DIN A4; e para poesía, un máximo dunha cara de DIN A4. Os traballos serán entregados nos seguintes centros: rexistro do Concello, centros educativos de Poio (Colexios de: Vilas, Lourido, Isidora Riestra-A Sca, Chancelas, Espedregada de Raxó, Instituto de Fontenla-Poio), locais das asociacións colaboradoras e membros do Consello Municipal de Cultura (SCD de Raxó, SCD de Sameira, Ateneu Correioira de Combarro, Asociación Boureante da Seara, Asociación Vides Novas de San Salvador). Os traballos deberán ser entregados en sobre pecho e xunto con el, outro sobre cos datos persoais do participante (nome, idade, enderezo, teléfono, curso, centro, etc.). Os premios serán os seguintes, por categorías establecidas por idade: no de poesía un premio, un diploma e un vale de 35 euros en material escolar por cada categoría. En relato curto ou contos, un premio, diploma e vale de

35 euros en material escolar por categoría. E para o grupo de entre 18 e 25 anos, un premio, un diploma e 160 euros por cada modalidade. O prazo de entrega remata o 12 de abril.

TRANSPORTE E
DESENVOLVEMENTO

II edición deste seminario que se vai celebrar do 20 ao 22 de marzo no hotel *Mª Pita* da Coruña, organizado polo *Instituto de Estudos Políticos e Sociais*. No seminario correspondente a este ano pretenden consolidar as liñas básicas xa apuntadas no anterior e así, coa presenza de destacados profesionais da administración, da docencia e das empresas, abordar temas que van desde a mobilidade nas grandes cidades ou papel que nesa mobilidade corresponde á rede viaria, ata a logística do transporte no seu marco máis xeral e nos concretos da actividade portuaria e aeroportuaria, pasando pola incidencia do transporte na localización de actividades económicas, os servizos integrados do transporte por ferrocarril, a situación do transporte intermodal en España, a participación dos poderes locais na definición e xestión do sistema de transportes, e por último, o marco actual e a situación do transporte en Galiza e a súa posición cara o futuro. Máis información e inscricións en: www.fundacionieps.org, correo electrónico: fundacion@fundacionieps.org; tel: 981 915 080/5081; outros tel. 651 862 857 / 651 862 849 - fax 981 915 081. ♦

Continúa no Salón Teatro de SANTIAGO a representación de *Os espectros* por parte da *Cia. de Teatro de Braga e o CDG*.



■ EXPOSICIÓNS

MUSEO
DO POBO GALEGO

Accolle tres exposicións durante estes días. *Fondos etnográficos recentes* ata o 31 de marzo presenta unha selección das pezas ingresadas nos últimos anos, en concepto de doazón, depósito ou compra. *O Entróido*, tamén ata o 31 deste mes, esta mostra é a recuperación co gallo das festas, unha mostra realizada en 1994 e que está composta por 23 paneis que propoñen un percorrido polas diversas manifestacións das mesmas. Por último, *Catalunya, terra de acollida*, que poderemos coñecer ata o 14 de abril, é un percorrido temporal e físico pola Catalunya actual, a través da súa sociedade, a historia, as súas características físicas e humanas.

CÉSAR LOMBEIRA

As súas *Instalacións* van estar expostas no *Colexio Fonseca*.

ANTONIO ABAD

O bodegón é a base dunha obra que recupera raíces do impresionismo cezaniano. Naturezas mortas, interiores e paisaxes compoñen o repertorio deste artista que busca no motivo sinxelo o soporte da súa arte. Na galería *José Lorenzo* ata o 2 de abril.

XAQUÍN CARPINTEIRO

Presenta unha mostra, baixo o título *Explorador solitario*, na sala *NASA* durante marzo. Nela nota man de elementos da cultura de masas alienada e fundamentalmente televisiva, tratando de facer unha pintura con referencias evidentes a mestres clásicos como Picasso, Soutine, De Kooning ou Philippe Guston.

A TRES BANDAS

Colectiva na galería de arte *Eme-C*, ata o 22 de marzo.

PADRE SARMIENTO

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento organiza esta mostra sobre a súa vida e obra no *Pazo de San Roque*.

E. GRANELL:

AUTORRETRATOS E
RETRATOS

Na *Fundación Granell*, na que se poden observar os autorretratos e retratos de moitos das súas amizades, entre elas Serrano Poncela, Vela Zanetti, Federico García Lorca, Duchamp, Juan Ramón Jiménez ou propia dona do autor, Amparo. Outra exposición que podemos ollar no mesmo lugar é a *Colección étnica: obxectos de cerámica e barro*, na que nos atopamos con obxectos das Américas ou da propia Península. E unha terceira mostra que podemos ver é *Surrealistas*, con obras recentes de artistas como *Ismael Tamayo, Xesús Carballedo, Yolanda Tabanera...*

MARIANO DE SOUZA

A galería *José Lorenzo* organiza no hotel *Puerta del Camiño* (M. Ferro Casveiro s/n) esta mostra inspirada no camiño de Santiago. A súa pintura pode definirse como medieval renacentista, pois trabállala desde o soporte, con aspecto de madeira labrada, para enchecho despois cun simbolismo no que predomina a cor parda española. Ampliada ata o 14 de abril.

GURE ARTEA

Mostra dos tres gañadores da convocatoria institucional máis importante do País Vasco, o Certame de Artes Plásticas *Gure Artea*, do Departamento de Cultura do Goberno Vasco, *Javier Alkain*, pintura; *Manu Muniategiandikoetxea*, pintura, e *Itziar Okariz*, videorecación, acción e instalación. Ata o 31 de marzo no *Auditorio de Galiza*.

COLECCIÓN CGAC.
DOAZÓNS E RESCATES
Ata o 12 de Abril exporáanse as obras dos seus fondos,

que están formados por obras de artistas como *Hans Hemmert, Florencia Paradeis, Francisco Leiro, Vari Caramés, Alberto Carneiro, Chema Madrazo, George Rousse, Adolf Schlosser, Frank Thiel, Dario Villalba, Alberto Datas, Rafael Baixeras, Manuel Moldes, ...*

MÓNICA ALONSO

As obras desta galega da Fonsagrada, creadora dun mundo inquietante, de espazos delimitados pola súa cor e función, por unha fíxica lóxica interna que nos fala de terapias, sono, descanzo, vixilia. O ton poético dos seus pequenos relevos sobre parede contrasta coa mestura de afirmación e descaugo que producen os seus espazos. Ata o 12 de Abril no *CGAC*.

ANTONY GORMLEY

Primeira mostra antolóxica no Estado deste británico membro do pequeno grupo de escultores que reconbiu o lugar do corpo na arte contemporánea. Recopilación dos seus traballos desde 1978 ata a actualidade, trazando a exploración que fai do seu corpo como punto de partida para a investigación das relacións entre os corpos e os contextos que habitan. No *CGAC* ata o 31 de marzo.

UN MUSEO
EN CRECEMENTO

As adquisicións conquistadas no período comprendido entre 1996 e 2001 poderán ser olladas no museo das *Peregrinacións*, ata abril de 2002.

■ MÚSICA

IN ITINERE

O grupo de cámara da USC, baixo a dirección de *Carlos Villanueva* interpretará obras de Francisco Guerrero e música profana e relixiosa da Catedral de Santiago (s. XVII e XVIII) este xoves 14 no *Auditorio de Galiza*.

REAL FILHARMONÍA
DE GALIZA

Baixo a dirección de *Maximino Zumalabe* interpretará *O boi sobre o tellado*, de D. Milhaud, o xoves 14 e

venres 15 por un prezo de 8'41 euros, no *Auditorio do Galiza*. E o xoves 21 baixo a dirección de *Aldo Ceccato* e acompañada por *Marco Rizzi* como violín solista interpretará obras de Rossini, Glazunov e Schumann.

CUARTETO DE MÚSICA
EN COMPOSTELA

O sábado 16 ás 20 h, a *Capela Real* do *Hostal dos RR CC* será o escenario do concerto deste grupo de interpretará obras de J.C. Arriaga, M. Castillo, C.F. Almeyda e J.M. Usandizaga.

■ TEATRO

OS ESPECTROS

Do autor noruegués *Hermir Ibsen*, coprodución do *CDG* e a *Compañía de Teatro de Braga*, versión galega de *Manuel Gusde Oliva*, dirixida por *Rui Madeira* e con *Luisa Merelas, Antonio Durán Morris, Miguel Pernas, Miguel López Varela* e *Mónica García* no reparto. No *Salón Teatro* ata a primeira semana de abril.

Silleda

■ TEATRO

O PAÍS DA COMEDIA
Nordesia Produccións po-raa en escena o venres 15 no *Auditorio Semana Verde*.

Tui

■ EXPOSICIÓNS

FERNANDO QUESADA
A galería de arte *Trisquel e Medullo* será o lugar onde, ata o 16 de marzo, poderemos ollar unha mostra da súa pintura.

Vigo

■ ACTOS

VIOLENCIA DE XÉNERO
I Festival Contra a Violencia de Xénero, organizado pola *Rede de Mulleres Veciñas* e a *Federación Veciñal Educadora Chao* co apoio da *Concelleira da Muller*, este xoves 14 na discoteca *Nova Olimpia*. As entradas pódense recoller

Alternativa 2002

Serán 3 as semanas de teatro, música e danza alternativa en COMPOSTELA na III edición do festival organizado pola *Sala Nasa* e o *Teatro Galán*. Dos días 5 ao 23 de marzo, catorce espectáculos terán a capital galega como escenario. O seu programa é o seguinte: o xoves 14 ás 22 h. no *Galán Korzo producións* escenificará *CYP17 (ReCombining)*, que tamén é unha novidade en Galiza. O mércores 20 na *Nasa* ás 22 h. *SEN contexto* estreará *Radio Universo*, e o xoves 14 e venres 15 ás 22 h. *Semolina Tomic* farao con *Body Safe(er)*. O sábado 16 o *Galán* acollerá a estréia de *SEN contexto*, programa propio de autoras en escena, no que participan *Ana Román, Lupe Gómez e Anxo Romo*. O sábado 16 na *Nasa* a *Psicofónica de Conxo* actuará ás 23 h. O martes 19 e mércores 20 o

Galán acollerá ás 22 h. *Fora de série*, programa propio de solos de danza, no que participarán *Carmelo Fernández, Dominik Borucki e María Muñoz*. O xoves 21 e venres 22 *Elena Córdoba* porá en escena *Nos negocios empiezan a las diez*, na *Nasa* ás 22 h. e remata o venres 22 e sábado 23 coa estréia en Galiza de *K.O.S. (fer-se el mort)* da man de *La Vuelta*, no *Galán* ás 22 h. ♦

Galán acollerá ás 22 h. *Fora de série*, programa propio de solos de danza, no que participarán *Carmelo Fernández, Dominik Borucki e María Muñoz*. O xoves 21 e venres 22 *Elena Córdoba* porá en escena *Nos negocios empiezan a las diez*, na *Nasa* ás 22 h. e remata o venres 22 e sábado 23 coa estréia en Galiza de *K.O.S. (fer-se el mort)* da man de *La Vuelta*, no *Galán* ás 22 h. ♦



Remata este venres 15 a exposición fotográfica, na Casa da Xuventude de VIGO, de Fernando Cambeiro.



na Federación Veciñal Eduardo Chao e na Oficina da Muller de 8 a 15 horas, custando cada unha 3 euros, dos que 2 son en beneficio da Rede de Mulleres, con dereito a unha comunión gratuíta sen alcohol e a disfrutar das actuacións de **Salsa Costas**, o showman **Alberto Cuha** e **Pepe Cadabelo** e dun sorteo de agasallos.

■ CINEMA

ROBERT BRESSON

Ciclo adicado a este realizador no auditorio do C.C. *Caixanova* ás 20 h. Este xoves 14 proxección *Mouchette* (1967).

A Rede



PORTAL GALEGO DA LÍNGUA
www.agal-gz.org

Vén de presentarse o Portal Galego da Língua, unha iniciativa da Asociación Galega da Língua, AGAL. Trátase dunha páxina con canais fixos (AGAL, a proposta reintegracionista e historia), un investigador, canais dinámicos (noticias, congresos e a revista Agalia) e unha faixa inferior con canais participativos e interactivos (contactos, correo electrónico, libro de visitas, ligazóns, etc.)

■ CONFERENCIAS

SOBRE O CONSUMO
A Asociación de Amizade Galego-cubana **Francisco Villamil** organiza todos os segundos xoves de cada mes un debate que, este xoves 14 ás 20 h, na *Cova dos Ratos* (Romil 3), tratará sobre o consumo nas súas distintas facetas: alimentación, comercio mundial, distribución, transxénicos...

CHUS LAGO
O clube *Faro de Vigo* ofrece esta charla o venres 15 no C.C. *Caixanova*.

SUSANA FORTES
A escritora vai participar nun dos encontros que realiza *Alecrim*, o vindeiro xoves 21 na *Casa do Libro* ás 20 h.

■ EXPOSICIÓNS

CAXIGUEIRO
Baixo o título *Relatos Breves* amósanos varias propostas que teñen entre si moi pouco que ver en canto ao seu aspecto formal, aínda que relacionadas polo pouso acedo, irónico e ás veces crítico que caracteriza ao autor. Verterá ao redor de dúas instalacións, a primeira *Linguaxe da memoria*, utiliza o bombardeo da biblioteca de Saraxeo para facer unha reflexión sobre o silencio e a violencia; a segunda, realizada expresamente para espazo da galería *Bacelos*, que é onde podemos ollar a mostra, é unha peza onde medran as contradicións, que a forza de ser obvia tórnase ambigua, mestura de agresividade

e de fragilidade. Ata o 30 de marzo.

BEATRIZ ANSEDE B.
Ata o luns 18 poderemos ollar as súas pinturas no *Real Club Nautico*.

ASSEMBLEIA DA REPÚBLICA PORTUGUESA
A Casa das Artes acolle unha exposición sobre este tema con motivo do 75 aniversario da fundación do *Centro Português* da cidade. É a primeira vez que sae do *Museu da Assembleia da República* e amosa pezas da historia desa institución política.

TECIDO EN CORES

Mostra de artesanía téxtil que presenta **Maite López** e elaborada en tear manual con fibras naturais coma liño, lá ou seda. Desde o martes 19 ata o 5 de abril na *Casa da Xuventude*.

JOÃO MONIZ

Margens pluviais chámase a mostra dese pintor portugués que podemos ollar na *Sala Lusofonia do Instituto Camões*.

RAMÓN TRIGO

A galería de arte *Visual Labora* acolle esta mostra de pintura ata o 3 de abril. Nesta mesma galería tamén podemos coñecer a mostra *Arte para levar 2002*, orixinais de artistas sobre papel, debuxos, gravados, fotografías,...

FERNANDO CAMBEIRO
Baixo o título *Galego vive* poderemos ollar a súa mostra de fotografía na *Casa da Xuventude*, ata o 15 de marzo.

RAMÓN CAAMAÑO

Ata o 7 de abril, a sala de exposicións do C.C. *Caixanova* acollerá estas fotografías tomadas nos anos 20 e 30 que presentan unha completa descripción da vida do pobo mariñeiro nesa época, con todo tipo de actividades, desde o traballo manual, o comercio, a banca ou a notaría. Desde os nenos na escola ata as mulleres nas máquinas de coser Singer... gaiteiros, festas, bandas, comparsas, teatro, equipos de fútbol... ata os velorios e rituais mortuorios.

J.C. ROMÁN

A galería *Ad hoc* acollerá, ata o 15 de marzo, unha mostra súa titulada *7000 robes*.

■ MÚSICA

THE CHEVELLES + THE NASH
A Iguala Club vai ser o escenario para esta actuación dobre o sábado 16 ás 0 h. Os primeiros, chegados de Australia coñecen a fórmula que fixo famoso ao pop australiano: melodías invidiábeis, guitarras poderosas e unha clase infinita; e os segundos o americano-mallorquín levarán á sala as súas potentes cancións de pop guitareiro.

ROCKAHULAS

Van dar un concerto o venres 15 na *Iguala*. E o mércores 20 os quen actuará será **Nikky Sudden**.

JANACEK

O cuarteto actuará este xoves 14 no teatro-sala de concertos do C.C. *Caixanova*.

SCORPIONS

Estarán no *Pavillón das Travesas* o martes 19.

■ TEATRO

CAPERUCTIOLOXÍA
Os Contacantos van levala a escena este xoves 14 no *Sete Mares*.

Anuncios de balde

■ **Vendo gaita** marca **Seivane** nova. Teléfono 600 717 628.

■ **Vendo Vespa** 125 cc, por un prezo de 60.000 pta. Teléfono 654 831 114.

■ **Vendo finca** de aproximadamente 3.000 m² con casa para restaurar en **Moalde (Silleda)**, aproximadamente a 30 km. de Santiago. Os interesados poden contactar con Xosé Manoel no 657 667 498.

■ **Alégase casa de campo** en **Meira (Lugo)**. Recentemente restaurada, tres cuartos dobres con baño e calefacción, 10.000 m² de terreo. Fines de semana ou temporada. Telf. 982 331 700 / 686 753 105 ás noites.

■ **Véndes finca de 15.000 m²** plantada con piñeiros en Lugo. Telf. 630 390 283 / 686 753 105.

■ **Vendo piso novo** en **Sigüeiro** (a 5 mnt. de Santiago), 3 cuartos, baño, aseo, salón, cocina con mobles, garaxe e trasteiro. Boa calidade. Telf. 639 575 296.

■ **Constituíu-se em Compostela**, a 23 de Fevereiro, a **Assembleia da Língua**, un proceso nascido do manifesto 150; un lugar de encontro para rentabilizar os esforzos em favor da lingua da Galiza. Se queres participar ou saber de que vai, adire manifeste15d@yahoo.com.br. Na páxina web www.mdl-gz.org podes encontrar información.

■ O goberno ten multado a **Armando Rivadulla**, militante de Nós-UP, con 6.551 euros ou prisión de un ano e meio pola participación na liña contra a empacotadora de lixo em Vila Boa em 1998. Fazemos un apelo á **solidariedade económica** de todas as persoas e organizacións comprometidas com os dereitos e liberdades fundamentais, á vez que denunciemos este novo proceso repressivo contra o independentismo. Conta de solidariedade em Caixa Galicia 2091-0395-21-3040001337.

■ **Véndense dúas camas xemelas** co agasalho dos colchóns e máis os cobertores. Telf. 630 400 925.

■ **Oferécese persoa para cooidar persoas maiores** en Santiago. Tamén con experiencia na atención a

enfermos de Alzheimer. Telf. 646 736 595.

■ **Coñeza a nosa literatura** a través da Biblioteca Virtual Galega en www.bvg.udc.es.

■ **Véndese Ford Mondeo 1.8**, 16 válvulas CLX, gasolina. LU-4802-O (ano 93). Con ar acondicionado, 4 portas e 165.000 Km, coa ITV pasada. Prezo: 2.200 euros (366.000 pta.). Chamar ao telf. 982 176 589 ou 609 175 816.

■ **Búscase urxentemente piso ou casa amoblada en aluguer en Vigo**. Máximo 210,35 euros (35.000 pta.). Telf. 651 146 537.

■ **Libroteca 21, catálogo de libros de ocasión**, especialidade en lingua e literatura galegas, filoxoxia e historia. Inclúe tamén revistas e discos. Consúltanos en <http://es.geocities.com/libroteca21/index.html>

■ **Vendo artesanía** por peche de negocio. Telf. 605 142 326.

■ **Alugase apartamento en Carnota**, temporada verán e Semana Santa. A carón da praia, completamente equipado para 4 persoas. Prezo Semana Santa (8 días) 390 euros. Telf. 981 761 144, mediodía e noite.

■ **Véndese Honda Civic 125 CV Full equip.** como novo. E **Porsche 928 GTS** ano 86 54000 CC, 8 CL, full equip. Telf. 605 301 378.

■ **Vendo cans presa canario**. Bo prezo. Telf. 637 756 275.

■ **Ofrécese deseñador gráfico** con ganas de traballar para aquela xente interesada nunha imaxe novidosa en distintos soportes e todo tipo de publicacións (libros, trípticos, imaxe corporativa, logos, ods...). Barato, barato. As persoas interesadas poden escribir a [alf mem@hotmail.com](mailto:alfmem@hotmail.com)

■ **Obradoiro teatral da A.V. de Bouzas (Vigo)**. Gustaríanos crear un grupo de teatro, un par de horas un día á semana, contando coa profesora **Froilán Abalo**, directora de *Porta Aberta*. Se tes máis de dez anos e che interesa chama ao telf. 657 667 498 e pregunta por María.

■ **Se queredes colaborar ou adquirir**

Moriturí, revista da facultade de Humanidades da U. da Coruña, escribiña a *Moriturí-Po-Box* 15500 Fene (A Coruña) ou a arald2000@mixmail.com

■ **Vendo solar de 2.200 m²** em Meirás (Sada), con licencia municipal e proxección básico para vivenda de 195 m², por 10.000.000 de pta. Telf. 981 614 348.

■ **Véndese zanfona** case nova. Perguntar por Marcos no telf. 986 548 746

■ **Traballador con estudos universitarios busca emprego**. Manuel, tlf. 616 354 911.

■ **Alégase taberna pub** (Taberna de Pancho) no **Morrazo**. Con casa amoblada, calefacción e terreo. Prezo a convir. Tlf. 600 717 628.

■ **Olá vizinhos** de Compostela, **se vas desfacer de unha larreira ou de un trigorífico** que aínda estaxan en bon uso... non o deites ao lixo!!!. Nós precisamos un. Encárganos de transportalo ata a nosa casa. Chama ao telf. 686 128 435 e pregunta por Miguel.

■ **Busco cuarto nun piso compartido no centro de Coruña**. Perguntar por Ana no telf. 652 145 969.

■ **Na Ribeira Sacra, Penalba-Nogueira de Ramuín, vendo ou alugo** (fins de semana ou tempada) casa amoblada de dous andares, 5 cuartos, 2 baños, salón, cocina, garaxe. Telf. 986 376 022.

■ **Para todos os mestres interesados en achegar o ensino en galego á informática** "lapisdecoros" ten unha nova páxina web: <http://www.galego21.org/tdc/> con máis de 120 actividades clic, "caderno de mates" un programa para levar seguimento individualizado do alumnado na área matemática, e moitos outros programas de grande utilidade. Contamos cunha rolda de correo na que o profesorado non universitario de Galiza compartimos as nosas experiencias. Visítanos e únete á rolda.

■ **Vendo Ibiza** branco mod. 97 GT TDI 1.9 CV, 87.000 km. Impecabel 1.200.000. daniel-argentina2000@yahoo.es.

■ **Estou na procura da primeira edición do libro "O Principio"**

Braga

■ EXPOSICIÓNS

ANTÓN PATIÑO
A Galeria dos Coimbras, Largo de Sta. Cruz 506, alberga a pintura do galego baixo o título de *Sinais de água*.

Porto

■ ACTOS

FESTIVIDADE 2002
Festival Internacional de Vídeo, Fotografía e Multimedia, co obxectivo de divulgar a xovens creadores, do mércores 20 a venres 22 na *Escola Sec. Soares Rei* e no teatro *Helena Sá e Costa*. Información no telf. 225 189 982 ou www.festivideo.com, info@festivideo.com.

■ EXPOSICIÓNS

WORLD PRESS PHOTO
As fotografías do coñecido certame poden ser olladas nas *Galerías do Forum* de Maia, concello limítrofe do Porto. Ata a 24 de marzo.

FOTOGRAFÍAS DE...
Johan van der Keuken, Enny Andriess e Art Klein; Ad Sindin, Sanne Sannes e Ge-

rard Fieret; "Portugal", Vojta Dukat; "Porto de Abrigo", Jorge Henriques; "Fotógrafos emigrantes", Carlos A. Dias, Jorge Guerra, José M. Rodrigues. No edificio da *Cadeia da Relação* do Porto ata abril.

■ MÚSICA

CAMPO ALEGRE
O Café-teatro do Campo Alegre (información no telf. 226 063 000) programa para o venres 15 a actuación do **Sexteto de Jazz de Nuno Ferreira**.

HARD CLUB
Este local acolle a actuación de, o domingo 24, **Blaze + In Solitude**.

FESTIVAL INTERCÉLTICO
A XII edición do *Festival Intercéltico* realizarase, do venres 22 a domingo 24, no *Coliseu do Porto* coa actuación de **Roldana Folk** (Portugal), e **Kornog** (Bretaña), o venres 22; **Os Cempés** (Galiza), e **Ghalia Benali & Timnaa** (Bélxica-Luxia), o sábado 23; e **De Dannan** (Irlanda), o domingo 24. Ademais no hotel *Vila Galé*, o venres e o sábado após os concertos, música con **Mamute**; Feira do disco folk e céltico; *Celtívdeo...* Máis información no telf. 225 193 100.



Vilagarcía

■ EXPOSICIÓNS

ECOLATAS
Ata o venres 15 a *Casa a Cultura* acollerá esta mostra sobre ecoloxía enfocada para nenos.

VÍCTOR MEJUTO
Baixo o título *Compás*, mostra a súa obra na sala *Antón Rivas Briones*, onde permanecerá ata o 31 de marzo.

■ TEATRO

CINEMA MARABILLAS
O venres 15 os **McClown** porán en escena *Cinema Maravillas* no Auditorio Municipal.

Viveiro

■ TEATRO

EL CABALLERO DE OLMEDO
AI Suroeste vai escenificar a súa xoves 14 no teatro *Pastor Díaz*.

Madrid

■ EXPOSICIÓNS

FERNANDO FERRO
O madrigaleiro ten unha mostra de *Gravuras multicóres*, ata o 19 de marzo, na sala *Arnaldoz da Escuela Madrileña de Cerámica de la Moncloa* (Francisco y Jacinto Alcántara 2, Parque del Oeste) de 9 a 14 h..

Divos

O argumento desta obra de teatro de Ronald Harwood xira en torno á vida de 4 persoas, 2 homes e 2 mulleres, nunha residencia de ancianas. Teñen o pasado común como cantantes de ópera todos eles, e que viven a súa decadencia de maneiras moi distintas.

O xoves 14 no *Teatro Principal de OURENSE*; o venres 15 no *Pazo da Cultura de PONTEVEDRA*; o sábado 16 no C.C. *Caixanova de VIGO*; o domingo 17 no *Teatro Pastor Díaz* de **VIVEIRO**; e o luns 18 no *Auditorio do CARBALLIÑO*.



The Chevelles, á esquerda, e **The Nash**, tocan este sábado 16 no *Iguala Club de VIGO*.

Arenas entérase por unha carta que lle enviou Fraga –non usaron nen o e-mail, nen o fax– de que o BNG xa hai anos que acata a constitución. Ao camarada Arenas tardou

máis en chegarlle a noticia que a Julio César as novidades da guerra das Galias. Por outra parte, os diarios de Madrid reseñan a morte de Casares, aínda que sorprendentemente non coñecen nen un

título das súas obras. Tampouco saben que é iso do Consello da Cultura Galega que presidía. Polo visto, os de Madrid coinciden con eses que pintan nas paredes: Galiza não é Espanha. ♦

DIRECTOR: Alfonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias. PRINCIPLE, 22, planta baixa (36202) Vigo. Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830; Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr/m²



Meiro (Bueu) recupera unha variedade do cereal coñecida como *millo corvo* **As ovellas negras da familia das espigas**

A. ESTÉVEZ
“Aí, que traballino leváchedes a pintar as espigas!”. O comentario resposta a confusión que provoca entre a xente ver un millo de gran escuro, o chamado *millo corvo*. Na asociación socio-cultural de Meiro, unha aldea de Bueu, levan anos traballando na recuperación deste cultivo e na divulgación das súas bondades. Se vulgamos polo sabor da bica, empanadas e tortas feitas a partir do millo corvo, non lle faría falta publicidade.

Quen atopaba unha espiga de millo corvo reinaba. Podía facer o que desexase e incluso ordenar a outros nenos que cumpriran o seu gusto. Algúns aínda lembran este xeito de xogar. En Meiro os máis vellos do lugar poden ensinar como se cultivaba o *millo corvo* e ese foi un dos motivos que impulsou á asociación cultural a recuperar este tipo de cereal. Ata hai unhas décadas o millo de gran negro medraba a carón das carballeiras, en leiras que servían de protectores do millo branco. Para o de gran negro, conta Victoria Martínez, presidenta da asociación, destinábase o solo peor ao tratarse dunha variedade máis *sufri*da e resistente.

Seméntase en abril e recollese en marzo. Este ano celébrase o cuarto encontro-degustación no que os asistentes poden probar todo tipo de alimentos elaborados a partir do millo corvo. Na última edición, a torta resultou ser a novidade máis demandada. Pero tamén se acaban as empanadas, as bicás e o pan que, seguindo coa confusión, semella estar bañado en tinto. O escritor Xosé Vázquez Pintor lerá o pregón o domingo 24 dunha xornada que contará con moita música e bailes, e na



que se poden realizar visitas ao muíño da presa, rehabilitado pola asociación para facer a muíñada.

Para os membros deste colectivo, máis de cen persoas, esa é unha das mellores partes. Métense no muíño o venres 22 e non saen ata o día seguinte. “A xente achégase, trae chourizos e viño, canta, baila, etc. Paga a pena porque é un xeito de reunirmos as xentes próximas. Ao mesmo tempo, recuperamos cantigas e contos en torno ao muíño”, contan. Antes diso, tiveron

que cavar o millo, regalo, cortar os pendóns para que o vento non rache a cana, esfolallo e debullalo. A parella de bois que queda na parroquia de Meiro contribúe tamén a arar as leiras sementadas.

Sementar máis terras

Todo o proceso, ecolóxico, abonda con esterco e sen herbicidas. Todo, ademais, é aproveitábel. A cana utilízase como materia orgánica e material de xoguete, as follas como alimento para os animais, e co follaco confeccionáanse sargóns, cestiños ou cebos para a pesca de bonito. Incluso noutros tempos facíanse infusións coa súas barbas. “A nós non nos interesaba só recuperar o cultivo, senón amosar toda a cultura ao seu redor, por exemplo, os oficios que estaban relacionados. É importante que participen persoas de diferentes xeracións”, explica Victoria Martínez.

Son os socios ou as persoas máis achegadas as que adican unha leira a este cultivo. “Queremos que se implique máis xente, entre outras razóns, porque hai terra que está quedando a monte e pensamos que é unha mágoa”, contan. Polo de agora a fase de comercialización redúcese ao encontro anual e a algunhas citas tradicionais como a feira franca de Pontevedra. Os produtos gustan moito, sinalan, aínda que van paseniño facéndose un oco no abondoso panorama gastronómico do país. A asociación entrega o gran moído ás panaderías do lugar para que o traballen. Este ano o xabarin deulle máis de un disgusto, pero as empanadas, o pan e as tortas abundarán na festa do 24 e podemos dar constancia de que con sabores deliciosos. Así que, se vos tedes está a réxime, mellor que non pase por Bueu. ♦

Democracia electrónica

XOSÉ RAMÓN POUSA

Vivimos no paraíso da participación e da democracia mediática. Podemos participar e opinar sobre os problemas e as cousas máis variopintas. As versións electrónicas de tódolos xornais inclúen invitacións a pulsar a opinión dos lectores, votando cun “si” ou cun “non” sobre temas tan transcendentais como se aprobamos a reforma educativa de Pilar del Castillo, estamos de acordo co previsible ataque de Bush a Sadam Hussein, ou pensamos que o Deportivo vai facer o triplete e gañar tódalas competicións. Os máis serios, como “El País”, permítenos incluso opinar sobre asuntos dos que non temos unha opinión formada. Neste caso só temos que pinchar sobre un “no sabe” e facer pública a nosa condición de indecisos. Inclusive, antes de emitir o noso voto, podemos comprobar como vai a feira entre o si e o non e votar soamente por amolar.

Se para apaciguar as ansias de participación que tódolos democratas levamos dentro non nos chega co voto electrónico, que é gratuíto, podemos optar por un sistema de pagamento. Neste caso, chega con encender a televisión, sintonizar calquera emisora, pública ou privada, en dá igual que programa da mañá á noite, sacar o móbil e enviar cativos mensaxes que expresen a nosa opinión sobre os temas máis diversos. Algúns de tanta transcendencia como o número de veces que facemos o amor á semana ou se preferimos ser infieis cunha loura ou cunha morena.

A democracia mediática ten avanzado tanto que, deixando de lado temas tan intrascendentes como os anteriores, incluso podemos decidir sobre cuestións tan importantes como o envío dun representante a Eurovisión. Mentres Serrat non foi quen de representar a España cunha canción en catalán, Rosiña de España representáranos a todos en inglés, gracias ao voto popular.

Estamos na borracheira da interactividade, que deixaría lívido ao mesmo Bertolt Brecht, e asistimos á consagración da democracia mediática. E isto xa non ten volta atrás. Queremos opinar sobre todo. E mentres, os partidos políticos –tan anticuados eles– conformáanse cunha votación cada catro anos. A este paso, terán que reformar a Constitución. ♦



Martín NOVIDADE Sarmiento

Francisco Carballo

A NOSA TERRA